

CAPÍTULO 2.

O PRODUTO CESANTE NO SECTOR PESQUEIRO DE GALICIA.

Dada a magnitude da catástrofe do Prestige, as administracións públicas nos seus diferentes niveis, promoveron actuacións que podemos clasificar en dous grupos. Un primeiro grupo de actuacións preventivas encamiñadas a que non chegasen ao mercado produtos pesqueiros e marisqueiros en condicións non aptas para o consumo humano e para non dificultar as tarefas de loita contra a contaminación. Un segundo grupo de actuacións encamiñadas a paliar as repercusións máis inmediatas sobre a actividade pesqueira, marisqueira e outras ligadas a elas, a través de diferentes tipos de axudas aos afectados.

A cronoloxía das principais actuacións públicas de tipo preventivo, na súa maioría iniciativa da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, amósase no cadro 1. Entre este conxunto de medidas destaca a delimitación de zonas prohibidas para a pesca e o marisqueo e os colectivos de pescadores e mariscadores afectados por elas¹.

Tal e como se pode observar no gráfico 1, as zonas de prohibición iniciais (18 de novembro de 2002) centráronse na costa noroccidental da Provincia da Coruña (entre cabo Fisterra e Oleiros), afectando principalmente a mariscadores e pescadores das frotas de litoral. Sucesivamente a zona de prohibición foise ampliando, primeiro cara ao norte (ata punta Candelaria), incluíndo a frota de cerco, palangre, volantas e rascos; e máis tarde cara ao sur, chegando ata a desembocadura do río Miño e afectando a outros colectivos (percebeiros, arrastre de fondo, acuicultores, etc...).

¹ Para un seguimento detallado das distintas actuacións públicas consultar Xunta de Galicia (2003).

Cadro 2.1. Cronoloxía das resolucións preventivas para a actividade pesqueira e marisqueira en Galicia.

Data	Organismo	Medida	Colectivos afectados
16-11-02	CPeAM	Prohibición da actividade pesqueira e marisqueira entre o cabo Fisterra e punta Seixo Branco (Oleiros, A Coruña)	Frota de artes menores con porto na zona prohibida e mariscadores da zona.
18-11-02	CPeAM	Ampliación da prohibición da pesca desde cabo Fisterra ata o cabo Prioriño (Ferrol)	Frota de artes menores e cerco. Para marisqueo mantense a prohibición nos límites do 16-11-02.
20-11-02	CPeAM	Mantense zona de prohibición da resolución do 18-11-02	Ampliación ao palangre, volantas e rascos.
21-11-02	CPeAM	Ampliación zona de prohibición. Para pesca desde cabo Prioriño ata Ribeira, para marisqueo desde Seixo Branco a Monte Louro	Modalidades de artes menores, cerco, palangre, rascos e volantas. Mariscadores da zona.
22-11-02	CPeAM	Ampliación zona de prohibición. Pesca: de cabo Prioriño Grande (Ferrol) a punta Falcoeiro (Aguíño). Marisqueo: de Seixo Branco a punta Carreiro (Muros). Prohibición de extracción de percebe.	Mesmas modalidades e mariscadores da resolución 21-11-02 e os percebeiros da Confraría de Porto do Son.
22-11-02	R.D. M.P.	Creación de Comisión Interministerial para Seguimento de Danos.	
24-11-02	CPeAM	Ampliación da zona de prohibición para a pesca: desde cabo Prioriño Grande (Ferrol) ata punta Candelaria (Cedeira).	Mesmas modalidades de pesca con porto base en zona de prohibición.
29-11-02	Orde MAPeA	Prohibición da pesca na franxa das 12 millas entre punta Falcoeiro e punta Candelaria.	Modalidades de artes fixas, cerco e arrastre.
1-12-02	CPeAM	Prohibición para o marisqueo nas rías de Ferrol e Cedeira.	Mariscadores e percebeiros de Ferrol e Cedeira.
2-12-02	CPeAM	Prohibición extracción percebe nas zonas de Aguiño e Ribeira.	Percebeiros das confrarías de Aguiño e Ribeira
4-12-02	CPeAM	Refundición de anteriores resolucións. Ampliación de zona de prohibición de marisqueo (de punta Seixo Branco ao río Miño) e pesca (de punta Candelaria ata o río Miño).	Mariscadores e frotas con porto base na zona de prohibición. Percebeiros de Ferrol e Cedeira.
10-12-02	CMA	Prohibición pesca de angula en desembocadura dos ríos.	Pescadores de angula.

11-12-02	CPeAM	Prohibición de extracción de moluscos bivalvos cultivados en bateas do polígono B do distrito de Corme.	Acuicultores da ría de Corme (Laxe, A Coruña).
27-12-02	CPeAM	Aprobado Plan Xeral de explotación Marisqueira do Ano 2003.	Mariscadores.
24-01-03	RD MAP	Creación de Comisionados de Ministerios de Fomento e Medio Ambiente e Coordinador do Ministerio de Defensa.	
24-01-03	RD MP	Disposicións complementarias para o funcionamento da Comisión Interministerial para o seguimento dos danos.	

Nota: CPeAM: Consellería de pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; MP: Ministerio da Presidencia; CMA: Consellería de Medio Ambiente; MAPEA: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; MAP: Ministerio de administracións Públicas.

Fonte: Elaboración propia.


Gráfico 2.1. Zonas de prohibición para a pesca e o marisqueo a partir do 18 de novembro e a partir do 4 de decembro de 2002.



Área afectada pola prohibición de **pesca**



Área afectada pola prohibición de **marisqueo**



Fonte: Xunta de Galicia (2003). Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

A partir da Orde de 30 de xaneiro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos empezouse a establecer un calendario de reinicio da actividade nas zonas de prohibición. Este calendario, desde o principio estivo condicionado ás negociacións cos colectivos de pescadores e mariscadores afectados e polo principio de precaución ante a detección de novas localizacións de verteduras e ao estado dos fondos mariños onde se sedimentaron parte deles.

En función de toda a información dispoñible, a apertura da actividade comezou polo marisqueo nas rías Baixas desde o 1 de febreiro (no cadro 2 pódese observar un resumo da cronoloxía das aperturas á actividade pesqueira e marisqueira en augas de Galicia tras o accidente do Prestige).

Cadro 2.2. Cronoloxía da apertura da actividade tras o accidente do Prestige.

Data	Zona	Actividade
1 de febreiro	Entre a desembocadura do Miño e punta Carreiro (Rías Baixas)	Marisqueo, agás: - Recursos específicos (<i>percebe, algas, navallas, camarón etc.</i>) - Marisqueo entre punta Carreiro e punta Seixo Brancoco; e nas rías de Ferrol e Cedeira
25 de febreiro	Anexo II (augas máis interiores do fondo das rías) das rías de Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo	Pesca con trasmallos e butróns
17 de marzo	Anexo I (da boca ata ou fondo das rías) das rías de Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo	- Pesca con nasa de camarón, nasa de sepia, nasa de anguía, rastro de vieira, rastro de camarón, xeito, bou de man, bou de vara, medio mundo - Recursos específicos de longueirón e camarón dous planos de explotación de 10 confrarías
17 de marzo	Entre cabo Silheiro e a desembocadura do Miño	Todas as artes de marisqueo e de pesca
1 de abril	Rías de Cedeira, Ferrol e A Coruña	Marisqueo, agás recursos específicos
14 de abril	Punta Insua (faro Lariño) e a desembocadura do río Miño	Pesca agás cerco
14 de abril	Toda Galicia	Recursos específicos logo de autorización do plano de explotación de cada confraría
1 de maio	Entre punta Langosteira e punta Candelaria	Todas as artes de pesca
1 de maio	Entre punta Insua e río Miño	Cerco
2 de xuño	Dúas zonas de Costa da Morte: - Entre punta Langosteira e punta Razo - Entre punta Insua (faro Lariño) e cabo Touriñán	Cerco
1 de xullo	Toda Galicia	Todas as artes de pesca
1 de xullo	Toda Galicia agás a zona entre cabo Fisterra e punta dous Remedios	Marisqueo, agás recursos específicos
15 de setembro	Costa da Morte, entre Caión e Muxía	Percebe
8 de outubro	Entre cabo Fisterra e punta Remedios	Marisqueo e todos os plans de recursos específicos en Galicia

Fonte: Xunta de Galicia (2003). Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Tras a Orde do 24 de febreiro tamén se autorizou a pescar en augas interiores das rías Baixas a algunhas modalidades de pesca artesanal (trasmallos e butróns

dirixidos fundamentalmente á pesca de choco e anguía, respectivamente). A partir do 17 de marzo, tamén nas rías Baixas, autorízase a pesca con nasas e outros recursos específicos. A principios do mes de abril abríronse á explotación marisqueira as rías de Cedeira, Ferrol e A Coruña. A mediados de abril levántase a prohibición a todas as artes e aparellos (excepto o cerco) desde punta Insua e a desembocadura do río Miño. Xa no mes de maio se levanta a prohibición do exercicio da actividade pesqueira con todas as artes e aparellos entre punta Langosteira e punta Candelaria. En xuño autorízase a pesca co arte de cerco entre punta Langosteira e punta Razo e entre punta Insua e cabo Touriñán. A partir do 1 de xullo quedou levantada toda prohibición para o exercicio da pesca en Galicia, manténdose a prohibición soamente para o marisqueo entre cabo Fisterra e punta Remedios e para algúns recursos específicos. Finalmente, a partir do 8 de outubro de 2003 levantáronse todas as prohibicións para o exercicio da pesca e o marisqueo en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

O segundo tipo de medidas públicas (as principais ata maio de 2003 resúmense no cadro 3) refírense a aquelas que intentan paliar ou compensar economicamente os efectos derivados do cesamento da actividade.

As medidas paliativas ou compensatorias comezaron o 17 de novembro de 2002, e consistiron basicamente na articulación dunha serie de axudas económicas para os armadores, tripulantes e mariscadores afectados polas prohibicións de exercer as súas actividades habituais. Máis tarde arbitráronse medidas complementarias como o incremento do volume de axudas, a redución do imposto sobre actividades económicas, beneficios fiscais nas declaracións de IRPF, bonificacións no pagamento das cotas á Seguridade Social, posta en marcha de campañas de promoción dos produtos pesqueiros galegos e liñas de créditos preferenciais para os afectados.

Tamén, a medida que os efectos do derrame se estenderon temporalmente e espacialmente cara a outras zonas do litoral, fóronse incorporando máis colectivos de afectados en disposición de acceder ao conxunto de axudas: pescadores e mariscadores doutras zonas afectadas, redeiros, persoal de confrarías, operarios de lonxas e fábricas de xeo, comercializadores de primeiro nivel, retallistas e vendedores de peixe e marisco. No gráfico 2 sintetízanse as contías das principais axudas e os colectivos implicados.

Cadro 2.3. Cronoloxía das resolucións paliativas aplicadas en Galicia.


Data	Acción	Principais medidas
18-11-02	Orde CpeAM	Axudas a armadores, tripulantes e mariscadores afectados pola prohibición. Período: 17-nov a 17-dec-2002. Contía: Armadores= (21 Eur+4,75 Eur/TRB) por días de inactividade; tripulantes e mariscadores= 30 euros/día. Incompatibles con outra actividade laboral e prestacións de desemprego.
22-11-02	Real decreto 7/2002	Medidas paliativas e reparadoras ás persoas e empresas afectadas por cesamento de actividade pesqueira ou marisqueira: Redución do impostos actividades económicas, redución do rendemento neto no IRPF, bonificación do pagamento cotas Seguridade Social, carácter de emerxencia das obras de reparación ou reposición de infraestruturas afectadas, axudas complementarias a pescadores e mariscadores (10 euros/día), campaña de promoción de produtos pesqueiros galegos, créditos preferenciais para a reparación ou reposición de instalacións afectadas (fondo de 100 millóns de euros con 1,75% TAE).
3-12-02	Orde CPeAM	Modificacións técnicas da Orde do 18-nov-2002. Compatibilidade das axudas coas percepcións por traballos de limpeza. Exímese a frota galega de cerco e arrastre de fondo de ter o seu porto base na zona de prohibición.
3-12-02	Ord MTeAS	Normas para aplicación de bonificacións nas cotas á SS establecidas no RD lei 7/2002.
3-12-02	Orde M P	Determinación dos termos municipais e núcleos de poboación onde resultan de aplicación as medidas do RD lei 7/2002.
9-12-02	Orde M P	Ampliación do territorio de aplicación de medidas do RD lei 7/2002, incluíndo A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo (A Coruña) e todos os municipios costeiros da Provincia de Pontevedra.
11-12-02	Orde CPeAM	Ampliación de axudas (30 euros/día) a outros colectivos: redeiros, persoal laboral de confrarías, operarios de lonxas e fábricas de xeo, comercializadores de primeiro nivel.
13-12-02	RD lei 8/2002 Jdel E	Modificacións do RD lei 7/2002: ampliación das axudas a 40 euros/día, mellora de condicións para acceso a créditos preferenciais, redución do imposto sobre actividades económicas, beneficios fiscais en IRPF e IVE, bonificacións do 100% no pagamento da cota á SS.
19-12-02	CPeAM	Definición dos comercializadores afectados que poden solicitar axudas.
19-12-02	Resolución Parlam.Eur.	Solicitud de aplicación de medidas para incrementar a seguridade marítima e algunhas medidas para paliar os efectos da catástrofe.
20-12-02	Orde CPeAM	Axudas ás confrarías de pescadores (ata 600 euros mensuais), axudas aos armadores para reparar avarías e deterioración das embarcacións que participan nos labores de limpeza.
30-12-02	CPeAM	Indemnizacións polo cesamento de actividade de retallistas e vendedores ambulantes de peixe e marisco.
15-01-03	CPeAM	Modificación da Orde do 30-dec-2002 para as indemnizacións a vendedores de peixe.
17-01-03	Mayas	Normas de aplicación do RD lei 8/2002 sobre as bonificacións no pagamento de cotas da SS.
21-01-03	Resolución IGPE	Convenio con entidades financeiras para o financiamento de PEMES galegas produtoras de mexillón afectadas pola catástrofe.
22-01-03	Orde XdoH	Desenvolvemento das medidas de redución de cargas fiscais (IRPF e IVA) para os contribuíntes directamente afectados, contempladas no

		RD lei 7/2002.
27-01-03	Orde MP	Ampliación do territorio de aplicación das medidas do RD lei 7/2002 e RD lei 8/2002, incluíndo os municipios da costa de Lugo, Principado de Asturias e Cantabria.
30-01-03	Orde CPeAM	Programa de reinicio de actividade con axudas: 600 € en febreiro para tripulantes e mariscadores e para armadores = $(21 + 4,75 \times \text{TRB}) \times 15$. Rematan axudas á frota de arrastre nas 12 millas en canto o ditamine o MAPEA. Cesamento de axudas nas zonas marisqueiras en que se levante a prohibición
24-02-03	Orde CPeAM	Ampliación temporal a marzo das axudas únicas establecidas na Orde do 30 de xaneiro para os que reinicien a actividade.
24-02-03	Orde CPeAM	Cobertura de ata o 40% dos gastos de reparación ou reposición en embarcacións, artes e equipamentos danados pola contaminación.
11-03-03	RD	Para os afectados polo accidente do Prestige dotación de 100 millóns de € polo Ministerio de Economía a interese do 1,75%, outros 100 millóns de € en liña de crédito de mediación bancaria a xuro cero do ICO e outra de 4 millóns de € para as confrarías.
25-03-03	Convenio	Os investimentos para infraestruturas turísticas en Costa da Morte recibirán subvencións do 40% do investimento (dotación total prevista 3 millóns de €).
25-04-03	Convenio	33 millóns de € para financiar infraestruturas rurais en municipios afectados polo Prestige.

CPeAM: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; MP: Ministerio da Presidencia; MAPEA: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; IGPE: Instituto Galego de Promoción Económica; XdoH: Ministerio de Facenda; MTeAS: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais; XdoIE: Xefatura do Estado

Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 2.2. Principais medidas paliativas para os sectores afectados en Galicia.



Fonte: Surís e Garza (2004).

Todo este proceso de medidas preventivas e paliativas foi xerando cuantiosos desembolsos por parte das distintas administracións públicas.

No cadro 4 amósanse os gastos orzados pola Xunta de Galicia relacionados coa catástrofe do Prestige. Durante os anos 2002 e 2003 os desembolsos eleváronse a 33,2 e 113,2 millóns de €, respectivamente. Os gastos de maior relevancia están relacionados coas axudas aos afectados polas medidas de paralización da actividade pesqueira e marisqueira que representan case o 80% do total (uns 115,5 millóns de € sobre un total de 146,4 millóns de € gastados entre os dous anos). O segundo gasto en importancia refírese a un conxunto de medidas agrupadas baixo o lema de “loita contra a contaminación”, que supuxeron arredor do 8% do total (no cadro 5 aparece este grupo desagregado en 8 puntos).

Cadro 2.4. Orzamento total por tipo de gastos da Xunta de Galicia.

Tipo de gasto	Exercicio (en €)		
	2002	2003	Total
Axudas por paralización da actividade	23.894.589,63	91.631.815,37	115.526.405,00
Asistencia e equipamento de voluntarios	4.530.005,72	146.983,63	4.676.989,35
Recuperación da imaxe integral de Galicia		6.973.470,12	6.973.470,12
Recuperación de espazos naturais	149.421,68	468.018,75	617.440,43
Tratamento de aves danadas		147.459,72	147.459,72
Recollida, transporte e almacenamento de fuel	722.483,14	2.575.208,03	3.297.691,17
Probos analíticas para comercializ. pesca-		100.670,11	100.670,11

marisco			
Colocación de barreiras anticontaminación	300.981,68	645.634,73	946.616,41
Obras de renovación e equipamento portuario		1.991.518,28	1.991.518,28
Axudas para renovación de aparellos pesqueiros		254.591,71	254.591,71
Loita contra a contaminación:			
Aluguer de medios materiais	213.729,84	2.866.255,34	3.079.985,18
Axudas de custo a persoal	610.463,45	550.057,35	1.160.520,80
Combustible, medios propios e alugados	366.566,58	489.949,77	856.516,35
Equipamentos e ferramentas de traballo	2.202.674,37	2.253.506,97	4.456.181,34
Outro gasto corrente	182.018,45	1.174.801,32	1.356.819,77
Prospección e mostraxes	7.551,65	413.615,34	421.166,99
Consultoría, asistencia técnica e servizos	38.164,12	311.430,77	349.594,89
Recuperación zonas produtivas		201.777,07	201.777,07
Total	33.218.650,31	113.196.764,38	146.415.414,69

Fonte: Xunta de Galicia; Consellería de Economía e Facenda.


Resulta complicado coñecer o custo exacto das axudas desembolsadas polas administracións públicas como consecuencia do desastre, lembremos que mesmo durante o ano 2004 se foron desenvolvendo medidas de limpeza nas costas e outras operacións dun elevado custo (como a extracción do fuel do pecio partido do Prestige a unha gran profundidade).

Non obstante, neste traballo a nós interésanos cuantificar aquelas perdas económicas no curto e medio prazo (anos 2002 e 2003) relacionadas cunha menor produción pesqueira derivada do accidente do Prestige (perdas na produción que poden darse ben por cesamento temporal da actividade pesqueira ou por unha menor produtividade ligada ao descenso na biomasa dos stocks naturais explotables).

Unha primeira aproximación a este custo pódenos vir dado polos 115,5 millóns de € xa desembolsados pola Administración galega polos cesamentos obrigatorios da actividade pesqueira. Estas axudas, en principio pensadas para pescadores e mariscadores, estendéronse tamén a outros colectivos: redeiras, persoal de confrarías, das lonxas, das fábricas de xeo, comercializadores e vendedores retallistas, etc. Tal e como se resume no gráfico 3, o total de beneficiarios de tales axudas públicas durante os anos 2002 e 2003 superan os 20.000, o 44% dos cales son tripulación de

pesqueiros de litoral, o 26% mariscadores, o 22% armadores de litoral e o restante 8% pertence a outros colectivos.

Gráfico 2.3. Medidas paliativas e beneficiarios na actividade pesqueira de Galicia



Unha segunda aproximación das perdas podémolas encontrar nas reclamacións presentadas ante o Fondo Internacional de Compensación de Danos debidos á contaminación por hidrocarburos, coñecido por FIDAC ou ante a Administración española².

De acordo coa última información dispoñible, ata o 21 de setembro de 2004, a oficina instalada na Coruña recibira un total de 633 reclamacións españolas ante o FIDAC, que totalizaban uns 673 millóns de € repartidos tal e como nos mostra o cadro 5. As tres cuartas partes do importe reclamado corresponde ás peticións presentadas polo Goberno Español, e comprenden os custos en que se incorreu ata decembro de 2003 relativos ás operacións de limpeza (en mar e terra), pagamentos compensatorios aos pescadores e mariscadores, deducións fiscais aos negocios afectados, custos administrativos e outros vinculados a campañas de publicidade. Cerca dun 20% do importe total reclamado corresponde a pescadores e mariscadores pertencentes a 58 asociacións de Galicia, Asturias e Cantabria en nome de 13.600 persoas (pescadores e mariscadores). As demais reclamacións son de contías menores, destacando os máis de 9 millóns de € reclamados por procesadores e os 8 millóns de € reclamados por empresas de acuicultura mariña.

² Este tipo de valoracións débense tomar con cautela pois, como nos sinalan Thébaude et al. (2004), as cifras de danos efectivos causados polas mareas negras adoita diferir bastante dos reclamados.

Cadro 2.5. Reclamacións presentadas ante o FIDAC

Categoría	Número de reclamantes	Total reclamado (en millóns de €)
Danos á propiedade	222	2,43
Limpeza	17	4,17
Acuicultura mariña	12	8,03
Pesca e marisqueo	145	134,26
Turismo	10	0,61
Procesadores/vendedores de pesca	183	9,15
Varios	40	0,79
Goberno español	3	513,81
- Outubro 2003		383,7
- Xaneiro 2004		44,6
- Abril 2004		85,5
Total	632	673,25

Fonte: FIDAC, Informe do Comité Executivo, do 5 de outubro de 2004 (www.iopcfund.org).

Pola súa parte, a Administración española, a través de dous reais decretos, estableceu dous procedementos diferentes para valorar as indemnizacións que vaian cobrar pescadores e mariscadores afectados: o de estimación obxectiva e o de estimación directa³. Polo procedemento de estimación obxectiva acadáronse uns 15.320 acordos transaccionais con persoas físicas ou xurídicas (particulares e unhas 58 confrarías de pescadores, 56 das cales son de Galicia), que para o período 2002-03 supuxeron desembolsos arredor dos 75 millóns de €. Para ese mesmo período, tamén se presentaron unhas 850 reclamacións (en nome de 3.638 persoas) para seren sometidas a estimación directa, e por un importe aproximado duns 170,6 millóns de €.

Tanto no caso do FIDAC como no da Administración española, descoñecemos a distribución das contías reclamadas por comunidades autónomas. Non obstante, dado o impacto do vertedura nas costas de Galicia, é probable que o total de reclamacións de danos do sector pesqueiro galego (por lucro cesante e danos en barcos e aparellos) supere os 200 millóns de €.

³ Estámonos a referir ao Decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, e ao Decreto lei 4/2004, do 2 de xullo. Nestes establecíanse indemnizacións a particulares afectados polo derramo, calculadas en función dun baremo obxectivo (como o número de días de parada de actividade, a capacidade das embarcacións, etc.), que denominamos de estimación obxectiva, e outro en función de fórmulas de taxación e valoración pericial individualizada, que chamamos de estimación directa.

Nesta parte do traballo, propoñémonos realizar unha valoración das perdas de ingresos de produción e renda que, no medio prazo (anos 2002 e 2003), se produciron no sector pesqueiro galego (pesca costeira, marisqueo e acuicultura) como consecuencia do desastre do Prestige. Para levar a cabo esta tarefa, primeiro trataremos de contextualizar a realidade diversa do sector pesqueiro de Galicia co fin de identificar as actividades pesqueiras directamente afectadas pola vertedura. Despois aplicamos un procedemento no que se empregan dúas vías para a estimación das perdas, unha indirecta (a través doutras fontes estatísticas) e outra directa (empregando cuestionarios que se cubrirán por unha mostra representativas de produtores do sector). Máis adiante trataremos de avaliar a renda cesante e algúns efectos encadeados sobre o conxunto da economía de Galicia. Por último, salientaremos as principais conclusións alcanzadas.

2.1. AS ACTIVIDADES DIRECTAMENTE AFECTADAS.

2.1.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO.

Galicia é coñecida como a principal rexión pesqueira española e tamén da Unión Europea⁴. Esta afirmación pódese sustentar con datos xerais sobre frota, produción e emprego. Co fin de contextualizar a realidade do sector pesqueiro en Galicia, podemos mostrar unha síntese desta información en comparación cos datos globais españois e europeos⁵.

Como observamos no cadro 1, o sector pesqueiro galego representa cerca do 50% do español e arredor do 10% do conxunto da Unión Europea-15⁶. Esta Comunidade Autónoma xera uns desembarques anuais que supera en valor a produción pesqueira conxunta de Grecia, Irlanda, Suecia, Alemaña, Bélxica e Finlandia. A produción acuícola anual en peso equivale á xerada por Holanda e Grecia. Tamén se dispón dunha frota pesqueira semellante (en número, capacidade e potencia dos motores) á do conxunto de toda Dinamarca (primeiro produtor pesqueiro europeo en peso). En Galicia, este sector emprega directamente unhas 40.500 persoas, o que representa o 10% do emprego comunitario neste sector

Esta concentración da actividade pesqueira no litoral galego fai que o peso relativo deste sector no conxunto da economía multiplique por dez a media española e por vinte a media europea, de tal forma que na UE-15 o sector pesca e acuicultura achega apenas ao 0,1% do PIB, mentres que en Galicia ese peso relativo se eleva ata o 2,2%.

⁴ Análises de diferentes aspectos da pesca en Galicia pódense encontrar en M. Varela o al. (1997, 2001, 2003) e en Consello Económico e Social de Galicia (2002).

⁵ Para unha información máis detallada sobre a dependencia social e económica da pesca en Galicia por zonas pode consultarse o traballo de M. Domínguez e C. Iglesias (2003).

⁶ Dada a dispersión e poca homoxeneidade da información a nivel Europeo, aquí utilizaremos preferentemente os datos oficiais que nos ofrece a Comisión Europea para distintos anos desde 1997 a 2002, aínda que a maioría se refiren a 2001 e 2002. (Comunidades Europeas, 2004), INE (2001), IGE (2004).

Cadro 2.2.1.1. O sector pesqueiro galego na Unión Europea-15.

		UE-15	España	% UE	Galicia	% Esp	% UE
Produción ¹	Desembarques anuais (1000 t)	4.462	963	21,6	465	48,3	10,4
	Valor desembarques (millóns €)	6.219	1.813	29,2	967	53,3	15,5
	Prod. anual acuícola (1000 t)	1.297	313	24,1	137	43,8	10,6
	Valor pr. acuícola (millóns €)	2.993	444	14,8	227	51,1	7,8
Frota ²	Nº barcos	90.595	14.887	16,4	5.574	37,4	6,2
	Capacidade (1000 GT)	1.964	520	26,5	171	32,9	8,7
	Potencia motor (1000 kW)	7.262	1.257	17,3	336	26,7	4,6
Emprego ³	Total sector (en miles de persoas)	404,3	99,9	24,7	40,5	40,5	10,0
	Pesca de captura	251,7	68,3	27,1	19,6	28,7	7,8
	Acuicultura	56,4	14,8	26,2	10,1	38,5	10,5
	Transformación da pesca	96,2	16,8	17,5	10,8	61,7	11,2
Consumo ⁴	Quilos por persoa e ano	24,5	44,4		57,6		
Renda ⁵	Valor engadido pesca e acuic. / PIB	0,1%	0,2%		2,2%		

¹ Na produción e emprego acuícola de Galicia considérase tamén o marisqueo a pé.

² Na frota non se consideran os buques auxiliares de cultivos mariños.

³ Non se inclúe o emprego en sectores auxiliares (comercialización, reparación de buques, etc).

⁴ Consumo per cápita = subministración dispoñible de produtos pesqueiros por persoa e ano.

⁵ No peso relativo do sector respecto ao PIB considérase conxuntamente pesca e acuicultura.

Fontes: Elaboración propia a partir de Comisión Europea, INE e IGE.

Os medios para a produción pesqueira, marisqueira e acuícola de Galicia.

A importante dimensión do sector pesqueiro en Galicia está ligada á diversidade de realidades e procesos arredor desta actividade.

Esta diversidade xa é apreciable nos distintos tipos ou grupos de frota existentes. Como se pode comprobar no cadro 2, algo máis do 95% de total de embarcacións pesqueiras pescan dentro das augas territoriais próximas do Cantábrico e Atlántico, mentres que o restante 5% das embarcacións habitualmente traballan en augas máis distantes. Obviamente, as embarcacións de altura e grande altura son de maiores dimensións e conxuntamente representan o 67% da capacidade medida en tonelaxe bruta e arredor do 48% da potencia instalada nos buques da frota pesqueira galega. Ás 5.574 embarcacións pesqueiras debemos sumar unhas 982 que realizan labores auxiliares de cultivos mariños, case na súa totalidade relacionados coa produción de mexillón (bastante concentrada nas rías Baixas).

Cadro 2.1.1.2. Frota pesqueira en Galicia (datos actualizados a novembro 2004).

		Nº B	TRB	GT	Pot. C.V.	Pot. KW.
Cantábrico o Noroeste	Arrastre	109	15.574,6 5	21.490,0 8	50.079,00	36.828,10
	Artes menores	4886	11.729,5 5	10.240,4 1	106.725,53	78.485,95
	Cerco	189	5.294,01	6.586,84	39.110,46	28.761,83
	Palangre de fondo	32	1.161,15	1.705,09	6.692,96	4.922,00
	Palangre de superficie	63	8.264,48	14.110,1 3	28.265,52	20.786,46
	Rasco	3	53,17	108,42	440	323,58
	Volantas	32	963,68	1.678,50	5.723,00	4.208,69
	Total Cantábr/Noroeste	5314	43.040,6 9	55.919,4 7	23.7036,47	17.4316,61
Altura	NEAFC < 100 TRB	10	716,28	1.316,60	3.370,96	2.479,00
	NEAFC Arrastre	64	12.620,9 4	20.122,9 7	38.747,00	28.494,54
	NEAFC Palangre de fondo	56	10.822,3 1	14.827,3 8	37.565,00	27.625,30
	Portugal	9	1.321,38	1.880,22	3.829,44	2.816,17
	Total altura	139	25.480,9 1	38.147,1 7	83.512,4	61.415,01
Grande altura	Bacallaeiros	6	3.989,04	5.782,00	15.330,00	11.273,68
	Cerco	5	8.849,37	11.868,0 0	22.325,10	16.417,88
	Conxeladores	21	9.929,76	16.319,1 1	26.624,00	19.579,29
	NAFO Conxeladores	22	14.325,9 0	22.641,3 4	33.916,00	24.941,83
	Palangre Superficie	67	11.315,2 3	20.136,0 0	37.823,90	27.815,70

	Total grande altura	121	48.409,30	76.746,45	136.019,00	72.212,68
	Total xeral	5.574	116.930,90	170.813,09	456.567,87	335.760,00
	Acuicultura/Auxiliar Bateas	982				

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

No cadro 3 podemos observar a distribución da frota galega de altura e grande altura por tipo e zonas ecoxeográficas (en función do porto base do buque).

A maior parte da frota de altura pesca en augas do Atlántico Nordés (área NEAFC), o que coñecemos como Gran Sol. O buque estándar de altura ten unha capacidade de 274 GT e unha potencia media de motores de 472 kW. Os arrasteiros de altura capturan, entre outras especies, pescada, rape, rapante e lagostino que desembarcan principalmente en Vigo, A Coruña e Marín. Os palangreiros de fondo teñen como especies obxectivo a pescada e o rape, que desembarcan fundamentalmente nos portos lugueses de Celeiro e Burela. Tamén operan 9 unidades en augas baixo xurisdición portuguesa, concentrados no porto de Marín.

Cadro 2.1.1.3. Frota pesqueira galega de altura e grande altura por zonas.

		Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
NEAFC < 100 TRB	Costa Lugo	3	265,06	440,73	1.110,00	816,29
	Coruña norte	7	451,22	875,87	2.260,96	1.662,71
NEAFC Arrastre	Costa Lugo	7	1.422,33	2.070,16	4.656,00	3.424,02
	Arco	15	3.413,06	5.122,77	12.381,00	9.104,99
	Ártabro					
	Ría Pontevedra	10	1.868,33	2.904,02	4.911,00	3.611,55
	Ría Vigo	32	5.917,22	10.026,02	16.799,00	12.353,98
NEAFC Palangre de fondo	Costa Lugo	42	8.266,68	11.101,62	28.081,00	20.650,77
	Coruña norte	1	106,39	122,76	450	330,93
	Arco	4	715,04	980	2.880,00	2.117,95
	Ártabro					
	Ría Arousa	6	1.138,26	1.927,00	4.304,00	3.165,16
	Ría Vigo	3	595,94	696	1.850,00	1.360,49
Portugal	Ría	9	1.321,38	1.880,22	3.829,44	2.816,17

	Pontevedra					
Total Altura		139	25480,91	38147,17	83512,4	61415,01
Bacallaeiros	Arco	4	2.659,64	3.840,00	10.220,00	7.515,79
	Ártabro					
	Ría Vigo	2	1.329,40	1.942,00	5.110,00	3.757,89
Cerco	Costa	1	1.902,00	1.935,00	4.400,00	3.235,76
	Noroeste					
	Ría Arousa	2	3.983,19	5.920,00	10.584,00	7.783,47
	Ría Vigo	2	2.964,18	4.013,00	7.341,10	5.398,64
Conxeladores	Ría Arousa	4	385,83	841,91	1.425,00	1.047,95
	Ría					
	Pontevedra	4	1.246,59	2.294,00	4.188,00	3.079,86
	Ría Vigo	13	8.297,34	13.183,20	21.011,00	15.451,49
NAFO Conxeladores	Ría	3	2.019,37	3.249,00	5.850,00	4.302,09
	Pontevedra					
	Ría Vigo	19	12.306,53	19.392,34	28.066,00	20.639,74
Palangre Superficie	Costa Lugo	8	1.696,96	2.470,10	5.424,00	3.988,81
	Arco					
	Ártabro	3	955,34	1.599,00	2.678,00	1.969,40
	Ría Arousa	6	1.086,85	2.016,80	3.254,00	2.392,99
	Ría					
	Pontevedra	1	234	627	488	358,88
	Ría Vigo	49	7.342,08	13.423,10	25.979,90	19.105,62
Total grande altura		121	48409,3	76746,45	136019	100028,38

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Pola súa parte, a frota de grande altura está composta por un total de 121 unidades cunha capacidade media de 634 GT e unha potencia instalada nos seus motores de 826 kW por buque. Os barcos de maior porte son os cerqueiros conxeladores dedicados principalmente á captura de túnidos. Os arrasteiros conxeladores operan principalmente nas zonas do Atlántico Noroeste (NAFO), Atlántico Sudoeste (incluíndo Malvinas), Senegal e Angola; capturan fletán negro, raias, camarón, pescadas, luras, etc; e concentran significativamente os seus desembarques no porto de Vigo. Actualmente só quedan en activo tres parellas especializadas na captura de bacallau con porto base na Coruña e Vigo. Por último, dentro da frota de grande altura debemos mencionar o numeroso segmento de palangre de superficie, 67 embarcacións cunha capacidade media de 300 GT e potencia de 415

kW, especializada en especies como o peixe espada, túnidos e escualos, e tamén moi concentrada no porto de Vigo.

Para os efectos deste estudo resulta de maior interese coñecer mellor a frota que pesca nas augas marítimas próximas ás costas de Galicia. Como xa comentamos anteriormente, trátase da frota máis numerosa, algo máis de 5.300 embarcacións de pesca e marisqueo, pero de pequeno porte (a embarcación media ten unha capacidade de 10,5 GT e motores con potencia de 32,8 kW). Por tipo de actividade, a maioría encádrase dentro do grupo de artes menores (o 92% do número total de embarcacións galegas do Cantábrico Noroeste), que operan principalmente en augas interiores das rías ou en zonas moi próximas á costa.

Para efectos estatísticos, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia distingue 9 zonas ecoxeográficas: a costa de Lugo, a costa da Coruña norte, a ría de Ferrol, o Arco Ártabro, a costa noroeste, a ría de Muros-Noia, a ría de Arousa, a ría de Pontevedra e a ría de Vigo.

A frota artesanal e litoral da costa de Lugo comprende as embarcacións con porto base nas comarcas da Mariña Luguesa (Oriental, Central e Occidental). Os seus portos máis representativos son os de Ribadeo, Rinlo, Foz, Burela, San Cibrao, Celeiro e O Vicedo. Ademais da frota de altura e grande altura de Burela e Celeiro, como se pode comprobar no cadro 4, esta zona dispón de 192 embarcacións artesanais e de litoral, que operan con licenzas que lles permiten extraer percebe e utilizar artes de pesca como a liña ou o cordel, palangre de superficie, arrastre, betas, nasas de polbo, nasas de nécora, cacea para túnidos e miños.

O censo de frota litoral e artesanal da costa da Coruña norte incorpora aquelas embarcacións cuxo porto base se sitúa na comarca de Ortegal e en parte da de Ferrol, cuxos portos máis representativos son os do Barqueiro, Espesante, Cariño e Cedeira. Nestes lugares están censadas algo máis de 150 embarcacións encadradas na súa maioría no grupo de artes menores (ver cadro 5). Trátase entón de barcos que pescan principalmente con licenzas de liña ou cordel, palangre de superficie, betas, nasas para polbo, nasas para nécora, miños e para a extracción de percebe.

Na ría de Ferrol (Municipios de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Mugardos e Ares) están censadas unhas 117 embarcacións artesanais e de litoral (ver cadro 6) clasificadas case na súa totalidade no grupo de artes menores. Os portos máis significativos son os de Ferrol, Barallobre e Mugardos, onde operan pescadores con

licenzas, principalmente, para liña ou cordel, betas, trasmallos, nasa para camarón, nasa polbo, nasa para nécora, nasa para choco, miños e para o marisqueo.

A frota artesanal e de litoral da zona denominada Arco Ártabro comprende uns 220 barcos censados principalmente na comarca da Coruña e parte da de Bergantiños (ver cadro 7). Os seus portos principais son A Coruña, Ares, Caión, Miño e Sada, onde as embarcacións operan principalmente con licenzas para liña ou cordel, betas, trasmallos, cerco, nasa para camarón, nasa polbo, nasa para nécora, nasa para choco, miños e para o marisqueo.

Na costa Noroeste están censadas un total de 541 embarcacións de litoral e baixura (ver cadro 8) que teñen as súas portos base na denominada Costa da Morte (Comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Fisterra e parte da de Muros). Os seus portos máis representativos son os de Camariñas, Camelle, Carnota, Corcubión, Muxía, Corme, Fisterra, Laxe e Malpica. Nestes lugares os pescadores operan principalmente con licenzas para liña ou cordel, palangre de fondo, betas, trasmallos, cerco, nasa para camarón, nasa para polbo, nasa para nécora, miños, para o marisqueo, para o percebe e rastro para camarón.

O censo de frota litoral e artesanal da ría de Muros incorpora aquelas embarcacións cuxo porto base se sitúa nas comarcas de Noia e parte da de Muros. Ademais do arrastre e cerco (ver cadro 9), a maior parte das embarcacións son de artes menores e dispoñen de licenzas para liña ou cordel, betas, trasmallos, nasa para camarón, nasa para polbo, nasa para nécora, miños, rastro para camarón, rastro para volandeira e, principalmente, para o marisqueo de moluscos. Os portos máis representativos son os de Muros, Noia, O Son e Portosín.

Cerca da metade das embarcacións pesqueiras de litoral e artesanais están censadas na zona da ría de Arousa, que comprende as comarcas da Barbanza e do Salnés. Os barcos de litoral empregan artes de cerco e de arrastre (ver cadro 10), pero a gran maioría das embarcacións censadas se encadran en artes menores e operan dentro da ría ou en augas moi próximas con licenzas para case todo tipo de artes (de liña ou cordel, betas, trasmallos, xeito, medio mundo, bicheiro, boliche, nasa para camarón, nasa para polbo, nasa para choco, nasa butrón, nasa para nécora, bou de vara, bou de man, miños, rastro para vieira, rastro para camarón, ...) e actividades do marisqueo de moluscos, ourizos de mar, navalla e percebe. Os principais portos son os de Aguiño, Ribeira, A Pobra, cabo de Cruz, Rianxo, Carril, Vilaxoán, Vilanova, A Illa, Cambados e O Grove.

No censo da frota litoral da zona da ría de Pontevedra considéranse as embarcacións cuxo porto principal estea situado nos municipios de Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Marín e Bueu e parte de Cangas (zona de Aldán). Ao igual que no anterior caso, as embarcacións de litoral son de arrastre e cerco (ver cadro 11), mentres que as que pescan en augas interiores da ría utilizan artes menores como liña ou cordel, betas, trasmallos, xeito, nasas para camarón, polbo e nécora, miños, e rastro de vieira e camarón. Tamén dispoñen de licenzas para marisqueo de moluscos, percebe, ourizo e navalla.

A frota artesanal e de litoral da zona da ría de Vigo comprende uns 825 barcos censados principalmente nas comarcas de Vigo, Baixo Miño e parte da do Morrazo (Moaña e Cangas). A frota de litoral pesca principalmente con cerco e palangre de superficie (ver cadro 12), aínda que a maior parte das embarcacións son de tipo artesanal que dispoñen de licenzas para liña ou cordel, betas, trasmallo, xeito, nasas para camarón, polbo, choco e nécora, bou de man, miños, rastro para vieira, camarón e volandeira. Tamén dispoñen de licenzas para o marisqueo de moluscos, ourizo e percebe. Os portos máis representativos son os de Cangas, Moaña, Arcade, Redondela, Vigo, Baiona e A Guarda.

Cadro 2.1.1.4. Frota do Cantábrico Noroeste da costa de Lugo.

	Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
Arrastre	29	4.400,82	5.888,29	14.723,00	10.827,29
Artes menores	112	683,15	721,12	5.884,00	4.327,09
Cerco	13	595,36	762,63	3.671,00	2.699,65
Palangre de fondo	9	313,52	549,72	1.662,00	1.222,23
Palangre de superficie	24	3.160,53	5.359,82	10.398,00	7.646,69
Volantas	5	253,49	372,97	1.068,00	785,41
Total costa de Lugo	192	9.406,87	13.654,55	37.406,00	27.508,36

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.5. Frota do Cantábrico Noroeste das costa da Coruña Norte.

	Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
Artes menores	120	517,83	507,36	4.465,40	3.283,86

Cerco	6	220,14	272,10	1.565,00	1.150,90
Palangre de fondo	3	103,10	142,59	698,00	513,31
Volantas	15	416,42	772,35	2.860,00	2.103,24
Rasco	2	27,34	75,42	210,00	154,43
Total Coruña norte	146	1.284,83	1.769,82	9.798,40	7.205,74

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.6. Frota do Cantábrico Noroeste da ría de Ferrol.

	Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
Artes menores	116	271,81	202,88	3.050,50	2.243,34
Cerco	1	10,57	7,90	70,00	51,48
Total ría Ferrol	117	282,38	210,78	3.120,50	2.294,82

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.7. Frota do Cantábrico Noroeste do Arco Ártabro.

	Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
Arrastre	7	1.057,46	1.689,02	3.208,00	2.359,16
Artes menores	189	589,63	602,16	4.878,90	3.587,94
Cerco	23	657,99	812,17	4.239,46	3.117,70
Palangre de fondo	1	18,67	28,88	120,00	88,25
Total Arco Ártabro	220	2.323,75	3.132,23	12.446,36	9.153,05

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.8. Frota do Cantábrico Noroeste da costa Noroeste.

	Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
Arrastre	4	574,60	829,81	1.648,00	1.211,94
Artes menores	480	1.910,40	2.151,78	16.319,89	12.001,65
Cerco	27	731,03	792,14	5.419,00	3.985,13
Palangre de fondo	18	701,93	960,33	4.040,96	2.971,72
Volantas	12	293,77	533,18	1.795,00	1.320,04
Total costa Noroeste	541	4.211,73	5.267,24	29.222,85	21.490,48

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.9. Frota do Cantábrico Noroeste da ría de Muros.

	Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
Arrastre	11	1.375,30	2.050,47	4.006,00	2.946,01
Artes menores	570	1.112,91	991,31	7.073,95	5.202,18
Cerco	18	684,29	815,30	4.233,00	3.112,95
Total ría Muros	599	3.172,50	3.857,08	15.312,95	11.261,14

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.10. Frota do Cantábrico Noroeste da ría de Arousa.

	Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
Arrastre	43	6.079,34	8.195,97	20.700,00	15.222,78
Artes menores	2122	3.711,80	2.844,68	34.170,84	25.129,24
Cerco	43	1.144,44	1.612,31	8.867,00	6.520,79
Palangre de fondo	1	23,93	23,57	172,00	126,49
Total ría Arousa	2209	10.959,51	12.676,53	63.909,84	46.999,30

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.11. Frota do Cantábrico Noroeste da ría de Pontevedra.

	Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
Arrastre	15	2.087,13	2.836,52	5.794,00	4.260,91
Artes menores	431	1.143,52	927,81	12.024,30	8.842,67
Cerco	19	436,09	495,59	3.593,00	2.642,29
Total ría Pontevedra	465	3.666,74	4.259,92	21.411,30	15.745,87

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.12. Frota do Cantábrico Noroeste da ría de Vigo.

	Nº B	TRB	GT	Pot C.V.	Pot KW.
Artes menores	746	1.788,50	1.291,32	18.857,75	13.867,99
Cerco	39	814,10	1.016,70	7.453,00	5.480,94
Palangre de superficie	39	5.103,95	8.750,31	17.867,52	13.139,77
Rasco	1	25,83	33,00	230,00	169,14
Total ría Vigo	825	7.732,38	11.091,33	44.408,27	32.657,84

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Ademais da notable dimensión da frota pesqueira, Galicia dispón dunha importante produción acuícola, destacando os cultivos de mexillón e rodaballo. Tal e como se pode apreciar no cadro 13, en augas galegas están fondeadas unhas 3.350 instalacións (bateas) dedicadas á acuicultura, das cales aproximadamente o 70% se destinan ao cultivo e produción de mexillón e o resto a policultivos doutras especies (principalmente ostra e vieira).

Cadro 2.1.1.13. Instalacións de acuicultura mariña en Galicia. 2003

	Número de instalacións
Bateas de mexillón	3.242
Bateas doutros cultivos	213
Parques de cultivos de moluscos	1.134
Granxas mariñas	24
Total instalacións	4.603

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Xunta de Galicia.

Ademais das bateas fondeadas nas rías, débese ter en conta os 1.134 parques de cultivo existentes nos areais costeiros, destinados fundamentalmente á produción de diferentes tipos de ameixa (fina, babosa e xaponesa).

Respecto á piscicultura, existen vinte e catro granxas mariñas dedicadas ao cultivo de rodaballo e salmón. En particular, dezanove delas diríxense á cría e engorde de rodaballo, e as cinco restantes dedícanse ao engorde de salmón.

A produción pesqueira e marisqueira de Galicia.

Resulta moi complicado coñecer con exactitude a produción total do sector pesqueiro extractivo galego e iso reflíctese en diferentes estimacións sobre ela. Esta complexidade débese a diferentes motivos como, entre outros, o tamaño e diversidade de procesos e a existencia de múltiples puntos de descarga e venda non sempre baixo a mesma xurisdición. Ás máis de 60 lonxas onde se efectúa a primeira venda do peixe e marisco fresco procedente das augas marítimas máis próximas, debemos sumar as capturas procedentes das frots de altura (una parte significativa delas tamén son peixe

fresco ou refrixerado) e as de grande altura (conxelados maioritariamente). Á diversidade de frota existente engádese a complicación de dispoñer de portos que son competencia de diferentes administracións. Ben que a maioría están baixo a competencia e control da Administración autonómica galega, existen importantes portos con actividade pesqueira baixo a xurisdición do Ministerio de Fomento (os Portos do Estado de Vigo, Marín-Pontevedra, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol-San Cibrao) e tamén algunhas concesións a empresas e organizacións de carácter privado.

Así, de acordo co dato subministrado polo Instituto Galego de Estatística para o ano 2001⁷, a produción total galega de produtos da pesca, marisqueo e acuicultura superou as 600.000 toneladas (464.767 toneladas de produtos da pesca e 136.603 toneladas de produtos do marisqueo e a acuicultura), que supuxeron 1.193,5 millóns de € (966,7 millóns de € en produtos da pesca e os restantes 226,8 en produtos do marisqueo e a acuicultura). Esta mesma institución, realizou outra estimación dos macroagregados da pesca marítima para os anos 2001 e 2002, que se amosan no cadro 15, onde as cifras difiren das anteriores (ver cadro 14)⁸.

Como se pode observar, unha parte importante da produción pesqueira é xerada por frota que pesca en augas afastadas (polos segmentos da pesca de altura e de grande altura). Tal e como se sinala no cadro 14, da cifra total de negocio da pesca e o marisqueo en Galicia para os anos 2001 e 2002 (no se inclúe acuicultura) arredor do 63% corresponde ao sector da pesca de altura e grande altura.

Cadro 2.1.1.14. Cifra de negocio da pesca e marisqueo en Galicia.

	Ano 2001		Ano 2002	
	Miles €	%	miles €	%
Marisqueo a pé	26.351,81	3,56%	29.021,37	4,36%
Marisqueo desde embarcación	37.068,30	5,00%	41.201,92	6,19%
Pesca costeira	215.731,67	29,12%	202.392,82	30,40%
Pesca de altura	461.804,82	62,33%	422.189,28	63,41%
Total	740.956,60	100,00%	665.784,02	100,00%

Fonte: IGE (2004): Macromagnitudes da pesca. Ano 2001-02.

⁷ Referímonos á información recollida en: Estrutura Industrial de Galicia. Complexo agroalimentario. Ano 2001. IGE, 2004.

⁸ Nesta estimación (Macromagnitudes da pesca), mesmo sumando pesca e marisqueo, no ano 2001 non se alcanzan os 966,7 millóns de € que se adiantaban no anterior documento para o sector pesqueiro. Supoñemos que as diferenzas significativas nas cifras de valor da produción se deben a distintos criterios metodolóxicos para a valoración do produto pesqueiro.

Polo tanto, as actividades que máis nos interesan para este estudo, as de marisqueo e pesca costeira, apenas supoñen arredor do 37% da facturación total do sector, o que representa aproximadamente uns 280 millóns de € anuais.

Para os produtos da pesca e marisqueo frescos dispónse ademais dunha base de datos propiciada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia⁹, onde se detalla, por lonxas e especies, o volume de produción e o seu importe en primeira venda.

Segundo esta fonte de información, a pesca fresca (peixe e marisco) poxada nos últimos anos (período 1998-2003) nas lonxas galegas situouse arredor das 145.000 toneladas anuais (ver cadro 15). En termos de valor monetario, estes desembarques alcanzaron unha cotización media por quilogramo de 2,6 € do ano 2003 (a partir de agora, €-03)¹⁰, o que supuxo un valor media anual próximo aos 380 millóns de €-03.

Cadro 2.1.1.15. Evolución da pesca fresca vendida nos portos galegos.

	Toneladas	Valor (miles € corr.)	Prezo (€/kg)	Valor (miles €-03)	Prezo (€-03/kg)
ano 1998	178.106,0	359.955,7	2,02	418.125,6	2,35
ano 1999	156.281,7	368.593,0	2,36	418.625,8	2,68
ano 2000	145.301,9	350.969,0	2,42	385.335,1	2,65
ano 2001	142.871,0	354.861,8	2,48	378.880,5	2,65
ano 2002	128.028,7	329.123,6	2,57	339.303,2	2,65
ano 2003	124.680,0	335.070,6	2,69	334.541,1	2,68
xan-out 2004	123.120,6	312.884,0	2,54	292.506,5	2,38
Media 98-03	145.878,2	349.762,3	2,42	379.135,2	2,61

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

⁹ Estamos falando da base facilitada a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com. A pesar dalgunos problemas (existe algunhas discrepancia cos datos de pesca fresca desembarcada subministrados polas autoridades portuarias dos portos dependentes do Estado), trátase, sen dúbida, da fonte coa información máis variada, de maior calidade e accesibilidade.

¹⁰ Preferimos expresar os valores monetarios en euros constantes do ano 2003. Para iso utilizamos como deflactor a serie do IPC harmonizado de España, (indicador mensual subministrado polo INE, 2004), procedendo a un cambio de ano base de 1996 ao ano 2003.

Como se pode comprobar, as cifras de produción ofrecidas no cadro 16 pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aparentemente difiren de forma significativa das ofrecidas polo IGE (que sintetizamos no cadro 14). Entendemos que esta discrepancia (para o ano 2001 aproximadamente 75 millóns de € en termos monetarios correntes) se debe, principalmente, á distorsión que provoca na base de datos os desembarques de produtos pesqueiros frescos procedentes da frota de altura.

Outra causa que pode xustificar a discrepancia nas cifras entre dúas fontes utilizadas pode deberse a que a base de datos da Consellería de Pesca soamente incorpora o produto fresco que pasa por lonxa, mentres que a do IGE considera toda a produción. De acordo con esta última fonte, no ano 2002, apenas o 51,5% da produción pesqueira total galega pasou por lonxa. Obviamente, esta porcentaxe incrementase notablemente nos segmentos pesqueiros que producen produtos frescos: marisqueo a pé, marisqueo desde embarcación e pesca costeira (ver cadro 16). Aplicando estas porcentaxes obtemos que, no ano 2002, se comercializaron por lonxa uns 342,85 millóns de €, cifra moi próxima á subministrada pola base de datos da Consellería de Pesca para ese mesmo ano: 329,12 millóns de € (ver cadro 15).

Cadro 2.1.1.16. Produción pesqueira que pasa por lonxa en Galicia. 2002.

	Miles €	% por lonxa	Miles € por lonxa
Marisqueo a pé	29.021,37	98,15%	28.484,47
Marisqueo desde embarcación	41.201,92	98,56%	40.608,61
Pesca costeira	202.392,82	81,88%	165.719,24
Pesca de altura	422.189,28	25,59%	108.038,24
Total	665.784,02	51,50%	342.850,56

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Macromagnitudes da pesca. Ano 2001-02.

Porén, unha vez vista a compatibilidade dos datos subministrados por ambas as fontes, os problemas persisten á hora de diferenciar para cada especie que parte da produción vendida ten como procedencia a frota de altura e que outra é subministrada pola de litoral. A partir da base de datos da Consellería de Pesca podemos obter unha aproximación en forma de intervalo se, do total, desagregamos aquela produción

vendida en lonxas onde coñecemos que a frota de altura ten unha presenza moi significativa.

Tal e como puidemos comprobar no anterior punto, a frota de altura concéntrase en poucos portos. De feito, os desembarcos de peixe fresco desta frota adoitan realizarse nos portos lugueses de Celeiro e Burela, no porto da Coruña (puntos de venda de Arrega, Arpenor, OPP 13 e poxadores), no de Marín (San Miguel e Pescados Touza) e no de Vigo (Asociación de Vendedores e Pescados Cabaleiro). A evolución recente da produción conxunta destes dez puntos de venda, que a partir de agora denominamos lonxas de altura, resúmese no cadro 17. Como se pode comprobar, nestas lonxas de altura comercializáronse, no período 1998-2003, unha media de 76.000 toneladas de produtos frescos da pesca por un valor media anual de case 220 millóns de €-03, dos que unha boa parte proceden das capturas realizadas en augas distantes¹¹.

Cadro 2.1.1.17. Evolución da pesca fresca vendida nas lonxas de altura galegas.

	Toneladas	Valor (miles € corr.)	Prezo (€/kg)	Valor (miles €-03)	Prezo (€-03/kg)
ano 1998	81.204,7	195.118,7	2,40	226.675,1	2,79
ano 1999	75.135,0	205.366,9	2,73	233.301,0	3,11
ano 2000	74.414,3	202.060,1	2,72	221.900,8	2,98
ano 2001	76.056,2	205.264,6	2,70	219.264,4	2,88
ano 2002	75.004,8	202.123,8	2,69	208.358,9	2,78
ano 2003	77.491,8	207.023,7	2,67	206.970,1	2,67
xan-out 2004	73.720,1	195.441,3	2,65	183.301,6	2,49
media 98-03	76.551,1	202.826,3	2,65	219.411,7	2,87

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Desagregando a anterior información do total, obteremos os datos aproximados da produción pesqueira procedente do marisqueo e da frota artesanal e de baixura vendidas no que podemos denominar lonxas de litoral (ver cadro 18). Neste caso comercializáronse, no período 1998-2003, unha media de 69.000 toneladas de

¹¹ Como vimos anteriormente, segundo o IGE, no ano 2002 a produción pesqueira que pasa por lonxa procedente da frota de altura alcanzou os 108 millóns de €, o que supón aproximadamente a metade do valor total de primeira venda comercializado no grupo de lonxas que denominamos de altura.

produtos frescos da pesca por un valor medio anual de case 160 millóns de €-03. Polo tanto, o produto do marisqueo e a pesca costeira situaríase entre un mínimo anual de 160 millóns de €-03 e un máximo 380 millóns de €-03 (correspondente ao media anual do total das lonxas de peixe e marisco frescos en Galicia).

Como se pode observar nos dous cadros (17 e 18), a evolución da produción pesqueira das lonxas de “altura” difire da das lonxas de “litoral”. Mentres a primeira conseguiu estabilizarse nos últimos anos arredor das 76.000 toneladas anuais, a produción das lonxas de litoral parece mostrarnos unha continua tendencia decrecente (desde as 96.000 toneladas en 1998 ás pouco máis de 47 de 2003), tendencia agravada en 2002 e 2003, posiblemente como consecuencia do desastre do Prestige.

Cadro 2.1.1.18. Evolución da pesca fresca vendida nas lonxas de litoral galegas.

	Toneladas	Valor (miles € corr.)	Prezo (€/kg)	Valor (miles €-03)	Prezo (€-03/kg)
ano 1998	96.901,3	164.837,1	1,70	191.450,5	1,98
ano 1999	81.146,7	163.226,1	2,01	185.324,7	2,28
ano 2000	70.887,6	148.908,9	2,10	163.434,3	2,31
ano 2001	66.814,8	149.597,2	2,24	159.616,1	2,39
ano 2002	53.023,9	126.999,8	2,40	130.944,3	2,47
ano 2003	47.188,1	128.046,9	2,71	127.570,9	2,70
xan-out 2004	49.400,5	117.442,7	2,38	109.204,9	2,21
media 98-03	69.327,1	146.936,0	2,19	159.723,5	2,35

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Outro dato diferenciador que merece a pena destacarse está relacionado coa evolución dos prezos. En xeral, a pesca de altura dedícase a especies de maior valor comercial que a media das de litoral (no período 1998-2002 obtívose un prezo medio de 2,87 €-03/kg para os produtos nas lonxas de altura fronte a 2,35 €-03/kg para as lonxas de litoral). Porén, os prezos dos produtos da pesca de altura, en termos reais, parecen mostrar unha tendencia decrecente, ocorrendo todo o contrario cos da pesca de litoral (que alcanzaron os 2,7 €-03/kg de media no ano 2003).

Por especies, a produción pesqueira de fresco comercializada nas lonxas de Galicia non parece ter sufrido grandes cambios nos últimos anos. Nos cadros 19, 20 e 21 podemos observar a distribución da produción contemplando as 25 especies

principais en termos de valor obtido en primeira venda para os anos 1999, 2001 e 2003, respectivamente¹².

A principal especie obxectivo nos mercados de peixe fresco de Galicia segue sendo a pescada, que a pesar de representar soamente arredor do 10% do volume total comercializado, chegou a supor máis da cuarta parte do valor total facturado (agora en franca recesión). Outras especies de grande interese para a frota de fresco galega son os rapantes de manchas, o peixe sapo, o xurelo, a lagostino e o lirio.

Para a frota marisqueira e para o marisqueo a pé son importantes as distintas especies de ameixa, sobre todo de ameixa fina e babosa que, conxuntamente, supoñen cerca do 9% do valor total da produción pesqueira galega de fresco.

A pesar da abundante diversidade de especies comercializadas nas lonxas de Galicia, o valor da produción está relativamente concentrado. Así, por exemplo, no ano 2001, entre as primeiras 10 especies (ver cadro 20) acumularon case o 58% do valor total anual comercializado en primeira venda, e entre as 25 primeiras algo máis do 83%.

Cadro 2.1.1.19. Pesca fresca por especies en Galicia. Ano 1999.

Especies	toneladas	%	1000 €	%
Pescada	20.722,94	13,26%	94.993,96	25,77%
Rapante de manchas	7.697,70	4,93%	29.557,40	8,02%
Peixe sapo	4.465,00	2,86%	23.445,22	6,36%
Ameixa babosa	2.562,88	1,64%	18.894,61	5,13%
Xurelo	28.344,35	18,14%	14.564,06	3,95%
Lagostino	1.185,87	0,76%	13.721,35	3,72%
Lirio	20.882,99	13,36%	12.508,67	3,39%
Ameixa fina	889,89	0,57%	12.313,40	3,34%
Polbo	2.880,54	1,84%	10.147,95	2,75%
Peixe espada	1.773,13	1,13%	10.040,98	2,72%
Percebe	396,53	0,25%	7.773,03	2,11%
Raias	4.065,38	2,60%	7.515,07	2,04%
Bonito do norte	2.268,16	1,45%	6.520,80	1,77%
Berberecho	3.089,08	1,98%	6.322,68	1,72%
Xuliana	1.393,88	0,89%	5.778,97	1,57%
Sardiña	6.474,87	4,14%	5.570,60	1,51%
Maruca	3.659,10	2,34%	5.385,21	1,46%
Peixes mariños nep	2.210,47	1,41%	5.194,27	1,41%

¹² Aínda que as diferenzas son mínimas, o peso e valor totais da pesca fresca por especie non coincide exactamente cos datos totais ofrecidos en anteriores cadros.

Castañeta	1.727,64	1,11%	4.450,83	1,21%
Coreano	1.730,56	1,11%	4.257,20	1,15%
Ameixa xaponesa	691,63	0,44%	3.945,64	1,07%
Quenlla	2.642,95	1,69%	3.724,26	1,01%
Marraxo sardiñeiro	916,54	0,59%	3.663,85	0,99%
Congro	2.012,72	1,29%	3.246,77	0,88%
Bertorella de lama	1.530,20	0,98%	2.983,13	0,81%
Demais	30.067,41	19,24%	52.080,51	14,13%
TOTAL	156.282,42	100,00%	368.600,42	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.20. Pesca fresca por especies en Galicia. Ano 2001.

Especies	toneladas	%	1000 €	%
Pescada	13.899,43	9,73%	69.105,69	19,47%
Rapante de manchas	5.858,27	4,10%	23.273,43	6,56%
Xurelo	25.730,34	18,01%	17.644,00	4,97%
Peixe sapo	2.906,00	2,03%	17.467,50	4,92%
Ameixa babosa	1.481,24	1,04%	16.536,00	4,66%
Ameixa fina	734,29	0,51%	14.209,13	4,00%
Lirio	17.218,91	12,05%	13.039,03	3,67%
Raias	5.296,20	3,71%	11.853,09	3,34%
Peixe espada	2.086,84	1,46%	11.242,19	3,17%
Sardiña	14.546,12	10,18%	9.961,06	2,81%
Lagostino	759,15	0,53%	9.872,93	2,78%
Mendo limón	4.431,27	3,10%	9.106,47	2,57%
Coreano	2.789,68	1,95%	8.858,28	2,50%
Percebe	442,35	0,31%	8.830,82	2,49%
Polbo	2.267,66	1,59%	8.774,52	2,47%
Xuliana	1.221,13	0,85%	6.075,68	1,71%
Maruca	2.822,63	1,98%	5.722,27	1,61%
Peixes mariños nep	1.826,96	1,28%	5.383,31	1,52%
Bonito do norte	1.303,44	0,91%	5.225,20	1,47%
Berberecho	1.172,18	0,82%	4.421,89	1,25%
Xarda	7.585,22	5,31%	4.152,39	1,17%
Congro	1.985,67	1,39%	4.144,92	1,17%
Quenlla	2.512,28	1,76%	3.934,10	1,11%
Ameixa xaponesa	419,69	0,29%	3.784,37	1,07%
Ameixa rubia	514,99	0,36%	3.601,18	1,01%

Demais	21.065,73	14,74%	58.671,35	16,53%
TOTAL	142.877,68	100,00%	354.890,79	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Se, utilizando o criterio anteriormente exposto, segregamos as capturas desembarcadas nas lonxas con frota de altura das obtidas polas de litoral e marisqueo, pódense observar notables diferenzas na produción por especies.

Para observar estas diferenzas abonda con seleccionar os datos referidos a un ano calquera, por exemplo o 2001.

Como podemos ver no cadro 22, para as lonxas con frota de altura as especies principais seguen sendo a pescada, o rapante de manchas e o rape. Entre estas tres especies, no ano 2001, representaron algo máis do 23% do peso desembarcado e case o 44% do valor total obtido en primeira venda. A estas tres especies séguenlle outras importantes como o peixe espada, a raia, o mendo limón, o coreano, a lagostino, o lirio e o bonito do norte. Así, entre as 10 primeiras especies supoñen case o 72% do valor total comercializado nestas lonxas con frota de altura.

Cadro 2.1.1.21. Pesca fresca por especies en Galicia. Ano 2003.

Especies	toneladas	%	1000 €	%
Pescada	13.487,97	10,82%	61.747,26	18,44%
Rapante de manchas	8.438,84	6,77%	32.419,00	9,68%
Peixe sapo	3.717,81	2,98%	18.631,43	5,56%
Ameixa fina	731,76	0,59%	16.959,39	5,06%
Ameixa babosa	1.163,30	0,93%	15.608,98	4,66%
Polbo	2.648,72	2,12%	14.937,13	4,46%
Berberecho	3.420,43	2,74%	12.717,80	3,80%
Lirio	10.637,90	8,53%	11.919,76	3,56%
Xurelo	17.695,05	14,19%	9.373,46	2,80%
Percebe	301,73	0,24%	9.045,71	2,70%
Sardiña	13.237,87	10,62%	8.394,84	2,51%
Lagostino	713,41	0,57%	8.240,37	2,46%
Coreano	2.508,48	2,01%	6.963,42	2,08%
Peixe espada	1.450,01	1,16%	6.853,26	2,05%
Mendo limón	2.421,14	1,94%	5.675,22	1,69%
Bonito do norte	1.389,90	1,11%	5.483,96	1,64%
Ameixa xaponesa	633,09	0,51%	5.434,71	1,62%

Raias	3.878,02	3,11%	4.883,61	1,46%
Xarda	8.112,31	6,51%	4.301,62	1,28%
Maruca	1.739,00	1,39%	4.128,98	1,23%
Sanmartiño	1.082,98	0,87%	3.963,15	1,18%
Bertorella de lama	1.370,41	1,10%	3.843,12	1,15%
Congro	1.993,97	1,60%	3.632,51	1,08%
Pota costeira	2.275,48	1,83%	3.349,16	1,00%
Xuliana	620,14	0,50%	3.101,19	0,93%
Demais	18.995,97	15,24%	53.309,47	15,92%
TOTAL	124.665,70	100,00%	334.918,52	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Porén, a pescada vese relegada á cuarta posición e o rapante de manchas á novena se consideramos soamente a produción comercializada nas lonxas que denominamos de litoral (ver cadro 23). Neste caso, especies do marisqueo desde embarcación e a pé, como a ameixa babosa e a ameixa fina, son as que supoñen unha maior achega monetaria (arredor dun 20% do total de litoral). Entre as 10 especies de maior relevancia aparecen outras típicas do marisqueo como o percebe e o berberecho, xunto ás tradicionais da frota costeira como o xurelo, a sardiña e o polbo. No caso das lonxas de litoral a variedade de especies comercializadas é maior e, en consecuencia, a concentración produtiva é menor que no caso das de altura (entre as 10 primeiras especies supoñen un 65% do valor total dos desembarques das lonxas de litoral).

Cadro 2.1.1.22. Galicia: Pesca fresca de altura por especies 2001.

Especies	toneladas	%	1000 €	%
Pescada	11.425,68	15,02%	58.288,26	28,40%
Rapante de manchas	4.159,48	5,47%	17.309,69	8,43%
Peixe sapo	2.495,36	3,28%	14.669,55	7,15%
Peixe espada	2.074,19	2,73%	11.157,35	5,44%
Raias	4.745,40	6,24%	10.911,93	5,32%
Mendo limón	4.431,27	5,83%	9.106,47	4,44%
Coreano	2.566,55	3,37%	8.142,33	3,97%
Lagostino	509,62	0,67%	6.981,67	3,40%
Lirio	8.466,96	11,13%	5.850,76	2,85%
Bonito do norte	1.277,41	1,68%	5.115,83	2,49%
Demais	33.904,26	44,58%	57.730,73	28,13%

TOTAL	76.056,19	100,00%	205.264,58	100,00%
-------	-----------	---------	------------	---------

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.23. Galicia: Pesca fresca de litoral e marisqueo por especies 2001.

Especies	toneladas	%	1000 €	%
Ameixa babosa	1.481,24	2,22%	16.536,00	11,05%
Ameixa fina	734,29	1,10%	14.209,13	9,50%
Xurelo	16.886,65	25,27%	13.208,85	8,83%
Pescada	2.473,75	3,70%	10.817,43	7,23%
Percebe	441,66	0,66%	8.817,23	5,89%
Sardiña	12.955,78	19,39%	8.488,24	5,67%
Polbo	1.927,76	2,88%	7.658,73	5,12%
Lirio	8.751,95	13,10%	7.188,27	4,80%
Rapante de manchas	1.698,79	2,54%	5.963,75	3,99%
Berberecho	1.172,06	1,75%	4.421,51	2,96%
Demais	18.297,56	27,38%	52.317,06	34,97%
TOTAL	66.821,49	100,00%	149.626,21	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

A produción pesqueira e marisqueira por zonas ecoxeográficas.

Nos seguintes cadros (cadros do 24 ao 32), podemos observar a evolución das capturas por zonas ecoxeográficas, tal e como fixemos coa frota. Neses mesmos cadros, tomando como referencia o ano 2001, tamén podemos ver a composición das capturas (as cinco especies de maior importancia) e os portos máis representativos de cada zona.

Na costa de Lugo véndense nas lonxas arredor de 30.000 toneladas anuais que supoñen entre 65 e 95 millóns de €-03 (ver cadro 24). O valor dos desembarcos en unidades constantes descendeu desde o ano 2000. A principal especie desembarcada é a pescada, que o ano 2001 supuxo algo máis do 25% do volume de desembarques e do 50% do valor total comercializado nas lonxas desta zona. Entre as cinco especies principais (ademais da pescada: o peixe espada, o bonito do norte, o lirio e o xurelo) supoñen case o 70% do total de toneladas vendidas de peixe fresco e algo máis do 75% do valor obtido en primeira venda. Os portos máis representativos son os de Celeiro e

Burela polos que, conxuntamente, pasa o 98% das vendas de peixe fresco da costa de Lugo. Como xa vimos anteriormente, nestes dous portos teñen a súa base unhas importantes frotas de altura que pesca nas augas do Gran Sol e en augas internacionais do Atlántico con palangre de superficie (captura de peixe espada e túnidos).

Na costa da Coruña norte os desembarques son máis modestos, entre as 2.200 e 3.500 toneladas anuais de peixe fresco, que supoñen arredor de 9 millóns de €-03 anuais (ver cadro 25). O valor da produción en unidades constantes vén sufrindo descensos moderados desde o ano 1998. As especies comercializadas de maior importancia son os percebes, a pescada, a sardiña, o peixe sapo e o polbo (especies tradicionais do marisqueo, a pesca artesanal e de baixura en Galicia). Conxuntamente, no ano 2001, representaron arredor do 60% do volume total e valor total dos desembarques. Os puntos de descarga e venda máis representativos desta zona son os de Cedeira e Cariño. No primeiro, a pesar de comercializarse apenas o 21% das toneladas totais da zona, alcánzase algo máis da metade do valor obtido en primeira venda (fundamentalmente grazas ao marisco). Porén, no porto de Cariño teñen máis peso relativo os desembarques de especies de menor cotización media como a sardiña.

Na ría de Ferrol, nos últimos anos, os desembarques anuais non adoitan superar as 700 toneladas, pero supoñen un valor case sempre superior aos 4 millóns de €-03 (ver cadro 26). É dicir, prodúcese fundamentalmente especies de elevada cotización media procedentes da actividade marisqueira: ameixa babosa, percebe, ameixa fina, carneiro e ostra. Entre estas cinco especies principais, no ano 2001, supuxeron o 98% do valor total obtido na zona. As súas principais lonxas sitúanse en Ferrol e Barallobre.

Na zona coñecida como Arco Ártabro, nos últimos anos desembarcou algo máis de 20.000 toneladas anuais de peixe fresco, que representan normalmente máis de 60 millóns de €-03 (ver cadro 27). A actividade está case totalmente concentrada nos portos da Coruña e Sada (máis do 99% do peso e do valor obtido en primeira venda no ano 2001). As principais especies son representativas das capturas da frota de altura (pescada, Coreano, lagostino, rape, rapante, ...) que ten a súa base na Coruña. Porén, a produción non está tan concentrada en poucas especies como noutras zonas (as 5 principais especies apenas supoñen o 30% do peso desembarcado), o que nos indica unha presenza significativa de actividade marisqueira e de baixura que produce outras especies como o xurelo, a sardiña, ou o lirio.

Na zona da costa Noroeste desembarcáronse arredor das 9.000 toneladas de peixe fresco anuais, pero de baixa cotización media (entre 1,4 e 1,8 €-03 por quilogramo), polo que supoñen arredor de 13 millóns de €-03 anuais (ver cadro 28). As principais especies son tradicionais do marisqueo e a pesca de litoral: sardiña, xurelo, percebe, polbo ... No ano 2001, entre as 5 primeiras especies alcanzaron máis do 80% do peso e do 60% do valor total en primeira venda. Existen numerosas lonxas nesta zona, aínda que as máis representativas se sitúan nos portos de Malpica, Camariñas e Laxe que, conxuntamente, representan arredor do 90% do volume comercializado na zona e máis do 70% do valor obtido en primeira venda.

Na ría de Muros a produción pesqueira nos últimos anos situouse arredor dos 13 millóns de €-03 anuais (ver cadro 29). Entre as especies comercializadas nesta zona teñen un elevado peso relativo as procedentes do marisqueo (ameixa fina, berberecho e polbo, por exemplo) e outras tradicionais da pesca litoral (como o xurelo e a sardiña). Entre as cinco especies mencionadas supoñen o 75% do valor de primeira venda e o 80% do peso comercializado. Os portos de maior importancia son o de Muros, o de Noia e o de Portosín.

A zona da ría de Arousa é unha das de maior produción marisqueira e pesqueira de litoral de Galicia. Nos últimos anos, as cantidades vendidas nas súas lonxas oscilaron entre as 23.000 toneladas de 2003 ata as 40.000 de 1998 (ver cadro 30). O ano 2001, o valor da produción en primeira venda alcanzou o seu mínimo, non superando os 53 millóns de €-03 (as abundantes tormentas no inverno dese ano afectaron a produción pesqueira e, sobre todo, a de marisco). Nesta zona adquire especial relevancia a produción marisqueira (a pé e en embarcación). De feito, entre as cinco principais especies comerciais da zona aparecen tres tipos de ameixa (babosa, fina e xaponesa) que supoñen aproximadamente un terzo do valor total da produción anual. Porén, en termos de peso, os desembarques de maior importancia os realizan as frots costeiras de cerco e arrastre que capturan especies como o lirio ou o xurelo (entres estas dúas especies supoñen algo máis da metade das toneladas totais comercializadas na zona). O porto máis importante é o de Ribeira, que tamén concentra a maior frota de litoral da ría de Arousa. Outras lonxas representativas son as da Illa, O Grove, Cambados, Vilanova e Aguiño.

Na zona da ría de Pontevedra a produción pesqueira segue unha clara tendencia descendente desde o ano 1998, agudizada nos anos 2002 e 2003 (ver cadro 31). De comercializarse anualmente entre 40 e 60 millóns de €-03 anuais no período

1998-2001, pasouse a uns 25 millóns de €-03 en 2002 e 2003. As especies de maior importancia en 2001 foron o rapante, a xuliana, a ameixa fina, a pescada e o lagostino que, conxuntamente, supuxeron cerca do 30% do peso e algo máis do 50% do valor en primeira venda. O porto máis importante da zona é o de Marín (71% do valor total comercializado), que tamén é a base dunha significativa frota de altura. Outros portos da zona, esta vez marisqueiros e de litoral, son Campelo, Bueu, Portonovo e Aldán-O Hío.

Na zona da ría de Vigo a pesca fresca comercializada parece bastante estable nos últimos anos, oscilando entre as 23.000 e as 29.000 toneladas, que supuxeron cerca de 90 millóns de €-03 anuais (ver cadro 32). As especies máis representativas son típicas da frota de altura ao fresco. Entre as cinco primeiras (rapante, raias, peixe sapo mendo limón e pescada), supoñen algo máis do 50% do valor total de primeira venda. Nesta zona destaca o porto de Vigo que, ademais da frota de grande altura, concentra a maior parte das vendas ao fresco en lonxa (95% do peso e case 90% do valor no ano 2001) e que dispón dunha importante frota de altura.

Cadro 2.1.1.24. Pesca fresca na costa de Lugo.

Ano	Ton	€-03/kg	1000 €-03	Índice
1998	26.018,94	2,95	76.803,32	87,66
1999	23.589,90	3,40	80.242,81	91,58
2000	30.380,58	3,10	94.088,42	107,38
2001	31.425,98	2,79	87.619,73	100,00
2002	28.252,56	2,41	68.153,30	77,78
2003	30.797,24	2,37	72.993,18	83,31
Xan-out 2004	28.740,79	2,30	66.063,42	75,40
Especie	Ton 2001	%	1000 €	%
Pescada	8.263,48	26,30%	43.629,06	53,19%
Peixe espada	1.385,69	4,41%	6.988,93	8,52%
Bonito do norte	1.277,41	4,06%	5.115,83	6,24%
Lirio	5.579,15	17,75%	3.814,18	4,65%
Xurelo	5.223,67	16,62%	2.597,19	3,17%
Demais	9.696,59	30,86%	19.884,74	24,24%
Porto	Ton 2001	%	1000 €	%
Celeiro	15.523,01	49,40%	45.199,84	55,10%
Burela	15.657,03	49,82%	35.117,06	42,81%
San Cibrao	146,83	0,47%	1.116,30	1,36%
Ribadeo	87,67	0,28%	407,03	0,50%
O Vicedo	7,61	0,02%	126,21	0,15%
O Barqueiro	3,82	0,01%	63,51	0,08%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.25. Pesca fresca na costa Coruña norte.

Ano	Ton	€-03/kg	1000 €-03	Índice
1998	3.482,37	3,29	11.459,60	126,05
1999	2.505,10	3,91	9.790,17	107,69
2000	2.327,18	3,78	8.805,99	96,86
2001	3.240,33	2,81	9.091,31	100,00
2002	2.760,83	3,10	8.560,71	94,16
2003	2.218,01	3,66	8.114,53	89,26
Xan-out 2004	2.146,65	3,16	6.788,06	74,67
Especie	Ton 2001	%	1000 €	%
Percebe	117,02	3,61%	2.257,08	26,50%
Pescada	191,89	5,92%	1.155,59	13,57%
Sardiña	1.356,56	41,86%	822,36	9,66%
Peixe sapo	90,06	2,78%	661,08	7,76%
Polbo	151,87	4,69%	493,31	5,79%
Demais	1.332,93	41,14%	3.126,45	36,71%
Porto	Ton 2001	%	1000 €	%
Cedeira	669,76	20,67%	4.883,07	57,34%
Cariño	2.557,06	78,91%	3.440,69	40,40%
Espasante	13,51	0,42%	192,12	2,26%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.26. Pesca fresca na ría de Ferrol.

Ano	Ton	€-03/kg	1000 €-03	Índice
1998	816,21	5,95	4.859,39	108,71
1999	648,92	7,41	4.809,20	107,59
2000	624,92	7,27	4.545,83	101,70
2001	495,38	9,02	4.469,97	100,00
2002	420,02	8,43	3.539,82	79,19
2003	395,04	10,49	4.145,64	92,74
Xan-out 2004	269,22	7,30	1.963,96	43,94
Especie	Ton 2001	%	1000 €	%
Ameixa babosa	342,22	69,08%	2.951,72	70,37%
Percebe	41,32	8,34%	582,14	13,88%
Ameixa fina	19,80	4,00%	294,64	7,02%
Carneiro	47,52	9,59%	250,47	5,97%
Ostra	9,00	1,82%	48,93	1,17%
Demais	35,52	7,17%	66,82	1,59%

Porto	Ton 2001	%	1000 €	%
Ferrol	359,13	72,50%	3.037,04	72,40%
Barallobre	128,69	25,98%	1.088,41	25,95%
Mugardos	7,56	1,53%	69,28	1,65%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.27. Pesca fresca no Arco Ártabro.

Ano	Ton	€-03/kg	1000 €-03	índice
1998	36.350,99	2,41	87.472,14	132,61
1999	30.785,75	2,64	81.164,76	123,05
2000	26.063,20	2,60	67.639,72	102,54
2001	25.252,20	2,61	65.963,01	100,00
2002	21.016,47	2,87	60.267,79	91,37
2003	19.685,93	2,73	53.797,80	81,56
Xan-out 2004	19.772,58	2,48	48.953,25	74,21
Especie	Ton 2001	%	1000 €	%
Pescada	2.782,15	11,02%	12.934,50	20,94%
Coreano	2.601,51	10,30%	8.373,42	13,55%
Lagostino	447,33	1,77%	6.138,73	9,94%
Peixe sapo	767,02	3,04%	5.444,65	8,81%
Rapante de manchas	658,57	2,61%	2.932,44	4,75%
Demais	17.995,61	71,26%	25.953,10	42,01%
Porto	Ton 2001	%	1000 €	%
A Coruña	21.359,99	84,59%	58.798,69	95,18%
Sada	3.827,59	15,16%	2.554,49	4,14%
Caión	55,18	0,22%	251,61	0,41%
Pontedeume	9,02	0,04%	169,58	0,27%
Ares	0,41	0,00%	2,48	0,00%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.28. Pesca fresca na costa Noroeste.

Ano	Ton	€-03/kg	1000 €-03	Índice
1998	10.125,84	1,55	15.691,25	98,26
1999	7.744,45	1,74	13.494,49	84,50
2000	8.294,43	1,50	12.402,16	77,66
2001	10.279,65	1,55	15.969,72	100,00

2002	7.599,16	1,73	13.145,62	82,32
2003	5.442,58	1,42	7.751,30	48,54
Xan-out 2004	5.921,87	1,80	10.673,17	66,83
Especie	Ton 2001	%	1000 €	%
Sardiña	3.849,80	37,45%	2.487,84	16,62%
Xurelo	3.199,07	31,12%	2.152,97	14,38%
Percebe	97,99	0,95%	1.835,37	12,26%
Polbo	481,98	4,69%	1.811,64	12,10%
Xarda	903,56	8,79%	891,68	5,96%
Demais	1.747,26	17,00%	5.792,69	38,69%
Porto	Ton 2001	%	1000 €	%
Malpica	4.425,31	43,05%	5.260,89	35,14%
Camariñas	4.039,99	39,30%	3.489,95	23,31%
Laxe	791,39	7,70%	2.155,17	14,39%
Fisterra	422,91	4,11%	1.485,55	9,92%
Corme	270,96	2,64%	917,89	6,13%
Muxía	131,20	1,28%	770,76	5,15%
Carnota	169,56	1,65%	738,30	4,93%
Baldaio	8,43	0,08%	53,18	0,36%
Corcubión	5,98	0,06%	50,53	0,34%
río Anllóns	13,92	0,14%	49,97	0,33%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.29. Pesca fresca na ría de Muros.

Ano	Ton	€-03/kg	1000 €-03	Índice
1998	10.453,72	1,43	14.929,31	120,58
1999	8.287,60	1,70	14.117,74	114,03
2000	6.700,36	1,70	11.408,46	92,15
2001	8.028,19	1,54	12.380,93	100,00
2002	7.268,70	1,80	13.105,57	105,85
2003	6.675,25	2,16	14.437,22	116,61
Xan-out 2004	7.989,67	1,84	14.712,33	118,83
Especie	Ton 2001	%	1000 €	%
Xurelo	4.393,31	54,72%	3.709,28	31,97%
Ameixa fina	102,65	1,28%	2.180,16	18,79%
Sardiña	1.513,96	18,86%	1.044,39	9,00%
Berberecho	187,53	2,34%	875,56	7,55%
Polbo	216,29	2,69%	867,24	7,48%
Demais	1.614,45	20,11%	2.923,99	25,21%
Porto	Ton 2001	%	1000 €	%
Muros	3.510,16	43,72%	5.313,22	45,80%
Noia	269,23	3,35%	3.049,65	26,29%

Portosín	4.145,61	51,64%	2.678,00	23,08%
Porto do Son	103,19	1,29%	559,75	4,83%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.30. Pesca fresca na ría de Arousa.

Ano	Ton	€-03/kg	1000 €-03	Índice
1998	40.299,66	1,69	68.229,86	129,74
1999	37.250,26	1,94	72.426,59	137,72
2000	30.362,65	1,95	59.252,12	112,67
2001	24.495,75	2,15	52.590,75	100,00
2002	26.764,11	2,31	61.709,48	117,34
2003	23.061,91	2,54	58.692,40	111,60
Xan-out 2004	24.988,42	1,97	49.265,85	93,68
Especie	Ton 2001	%	1000 €	%
Ameixa babosa	623,52	2,55%	7.633,94	15,48%
Lirio	7.844,86	32,03%	6.708,59	13,60%
Ameixa fina	262,19	1,07%	5.638,69	11,43%
Xurelo	6.193,20	25,28%	4.664,81	9,46%
Ameixa xaponesa	331,80	1,35%	3.010,74	6,11%
Demais	9.240,18	37,72%	21.658,60	43,92%
Porto	Ton 2001	%	1000 €	%
Ribeira	20.062,00	81,90%	23.493,53	47,64%
Illa de Arousa	952,27	3,89%	6.240,98	12,66%
O Grove	736,01	3,00%	6.093,55	12,36%
Cambados	1.541,56	6,29%	4.928,37	9,99%
Vilanova	318,42	1,30%	2.655,05	5,38%
Aguiño	230,25	0,94%	2.091,12	4,24%
A P. Caramiñal	193,30	0,79%	1.492,47	3,03%
Carril	199,03	0,81%	988,91	2,01%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.31. Pesca fresca na ría de Pontevedra.

Ano	Ton	€-03/kg	1000 €-03	índice
1998	26.540,02	2,20	58.324,89	139,29
1999	19.791,23	2,54	50.355,54	120,26
2000	17.466,90	2,60	45.432,70	108,50
2001	14.321,08	2,92	41.872,58	100,00
2002	6.783,04	3,54	24.040,78	57,41
2003	7.715,66	3,35	25.848,84	61,73
Xan-out 2004	6.970,31	3,07	21.375,26	51,05

Especie	Ton 2001	%	1000 €	%
Rapante de manchas	2.032,86	14,21%	7.556,79	19,38%
Xuliana	915,27	6,40%	4.220,23	10,82%
Ameixa fina	236,61	1,65%	4.078,34	10,46%
Pescada	600,24	4,20%	2.579,44	6,62%
Lagostino	173,70	1,21%	2.056,99	5,28%
Demais	10.347,38	72,33%	18.500,62	47,45%
Porto	Ton 2001	%	1000 €	%
Marín	10.303,07	72,02%	27.879,86	71,50%
Campelo	607,06	4,24%	6.017,23	15,43%
Bueu	846,21	5,92%	2.668,40	6,84%
Portonovo	2.508,64	17,54%	2.105,24	5,40%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.1.1.32. Pesca fresca na ría de Vigo.

Ano	Ton	€/kg	1000 €-03	Índice
1998	24.018,21	3,35	80.355,87	90,37
1999	25.678,50	3,59	92.224,47	103,71
2000	23.081,71	3,54	81.759,69	91,94
2001	25.332,47	3,51	88.922,50	100,00
2002	27.163,79	3,19	86.780,11	97,59
2003	28.688,34	3,09	88.760,16	99,82
Xan-out 2004	26.321,09	2,76	72.711,18	81,77
Especie	Ton 2001	%	1000 €	%
Rapante de manchas	2.964,78	11,69%	11.629,47	13,93%
Raia	3.273,49	12,91%	8.944,90	10,71%
Peixe sapo	1.639,53	6,47%	8.797,91	10,54%
Mendo limón	4.041,03	15,94%	7.991,59	9,57%
Pescada	1.417,70	5,59%	6.137,24	7,35%
Demais	12.017,62	47,40%	39.991,67	47,90%
Porto	Ton 2001	%	1000 €	%
Vigo	23.734,67	95,11%	71.854,31	89,39%
Baiona	392,67	1,57%	2.377,18	2,96%
Redondela	274,42	1,10%	2.164,09	2,69%
Moaña	246,15	0,99%	1.956,87	2,43%
A Guarda	209,07	0,84%	976,55	1,21%
Arcade	83,62	0,34%	853,20	1,06%
Vilaboa	15,02	0,06%	204,88	0,25%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

A produción da acuicultura mariña en Galicia.

Respecto á produción de acuicultura mariña, no cadro 33 amósase a produción de moluscos para o período 1999-2003. Pódese observar como o principal cultivo é o de mexillón con 250.614 toneladas anuais producidas no período 1999-2002, o cal supón arredor do 97% da produción acuícola galega de moluscos¹³. Cabe destacar, por outro lado, que o ano 2002 supuxo unha ruptura na tendencia descendente observada na produción de mexillón (tendencia iniciada en 2000), e que se truncou en 2003 cun notable descenso na cantidade producida.

Cadro 2.1.1.33. Acuicultura mariña en Galicia: Produción de moluscos (Toneladas).
1999-2003

Ano	Ameixas	Ostras	Mexillón	Berberecho	Polbo
1999	5.670,0	3.387,2	258.869,1	3.710,1	31,9
2000	5.270,7	3.396,8	244.127,7	3.095,9	27,6
2001	3.946,9	3.874,8	242.833,0	1.566,1	14,6
2002	1.539,9	3.800,8	256.626,7	2.267,9	16,7
2003	1.566,8	2.200,1	246.956,1	966,9	10,2
Media 99-02	4.106,9	3.614,9	250.614,1	2.660,0	22,7
Media 99-03	3.598,9	3.331,9	249.882,5	2.321,4	20,2

Fonte: Elaboración propia a partir de: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: www.MAPe.es/jacumar.

O cultivo das restantes especies de moluscos (ameixas, ostras, berberecho e polbo) xera cifras significativamente inferiores e, en conxunto, achega aproximadamente un 3% á produción acuícola galega. En xeral, todas estas especies experimentan unha tendencia descendente no período 1999-2003, excepto a produción de ostras en constante aumento ata 2002.

A produción galega de piscicultura céntrase nas especies de rodaballo e, en menor dimensión, salmón (ver cadro 34). O cultivo de rodaballo xera arredor do 93% da produción piscícola galega, aumentando a súa achega progresivamente ao longo do

¹³ Información máis ampla sobre o sector da acuicultura do mexillón en Galicia pódese encontrar en E. García Erquiaga (Dir.) (2001), e en U. Labarta (Coord.) (2004).

período 1999-2002. En cambio, a produción acuícola de salmón experimenta unha tendencia notablemente descendente, cunha redución superior ao 50% por termo medio no dito período.

Cadro 2.1.1.34. Acuicultura mariña en Galicia: Produción de peixes (Toneladas). 1999-2003

Ano	Rodaballo	Salmón
1999	2.551,4	617,6
2000	2.978,2	225,5
2001	3.226,1	323,0
2002	3.237,3	300,0
2003	3.141,2	50,0
Media 99-02	2.998,3	366,5
Media 99-03	3.026,8	303,2

Fonte: Elaboración propia a partir de: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: www.MAPea.es/jacumar.

Das cifras anteriores despréndese a importancia dos cultivos de mexillón e rodaballo na produción acuícola galega. En función diso, co obxectivo de analizar a evolución dos ingresos xerados na acuicultura, e dado que non puidemos obter información para todos os cultivos, centrarémonos na produción de ambas as especies. Comezando polo cultivo de mexillón, a partir dos prezos medios obtidos polos produtores integrados en OPMEGA para o período considerado, estimamos os ingresos (tanto en unidades monetarias correntes como constantes do 2003) para o período 1999-2003. En particular, aplicamos eses prezos medios aos datos de produción galega que figuran no cadro 34. Os resultados obtidos amósanse no cadro 35.

Cadro 2.1.1.35. Evolución dos ingresos xerados no cultivo de mexillón.
1999-2003.

	Toneladas	Valor (miles € corr.)	Prezo (€/kg)	Valor (miles €-03)	Prezo (€-03/kg)
1999	258.869,1	121.552,6	0,469	138.151,8	0,534
2000	244.127,7	113.557,4	0,465	124.730,3	0,511
2001	242.833,0	129.364,3	0,533	138.181,8	0,569
2002	256.626,7	149.870,0	0,584	154.478,2	0,602
2003	246.956,1	138.834,3	0,562	138.834,3	0,562

Media 99-02	250.614,1	128.513,8	0,513	138.814,8	0,554
Media 99-03	249.882,5	130.606,8	0,523	138.823,5	0,556

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: www.MAPea.es/jacumar; e Organización de Produtores Mexilloeiros de Galicia (OPMEGA).

Das estimacións realizadas despréndese que o prezo medio se sitúa en 0,556 €/kg no período analizado. Esta cotización apenas varía se descontamos o ano posterior á catástrofe do *Prestige*: o prezo medio no período 1999-02 sitúase en 0,554 €/kg. Con estes valores medios, os ingresos totais calcúlanse arredor de 139 millóns de € tanto no período 1999-02 como no período completo. Se analizamos a evolución do prezo medio e dos ingresos estimados, podemos observar como, coa excepción do ano 2000, ambas as variables experimentan unha tendencia ascendente ata o ano 2003, ano en que se produce un descenso tanto nos ingresos como no prezo medio alcanzado no mercado.

De maneira similar procedemos co cultivo de rodaballo. Neste caso, utilizamos os prezos medios estimados a partir da información facilitada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos¹⁴ e aplicámoslos sobre a cantidade producida en Galicia (ver cadro 34) no período considerado. Os resultados amósanse no cadro 36. No dito cadro pódese observar que o prezo medio da venda de rodaballo se aproxima aos 8,9 €/kg nos períodos considerados, xerando uns ingresos de 26,7 millóns de €-03 en ambos os períodos. Respecto á evolución ao longo do período, pódese observar que tras un notable descenso entre os anos 1999 e 2000, se inicia unha tendencia crecente tanto no prezo medio alcanzado como nos ingresos correspondentes. Esta tendencia, non obstante, trúncase en 2003.

Cadro 2.1.1.36. Evolución dos ingresos xerados no cultivo de rodaballo. 1999-2003.

	Toneladas	Valor (miles € corr.)	Prezo (€/kg)	Valor (miles €-03)	Prezo (€-03/kg)
1999	2.551,4	21.826,2	8,555	24.806,7	9,723
2000	2.978,2	21.764,1	7,308	23.905,5	8,027

¹⁴ Na estimación dos ingresos xerados polo cultivo de rodaballo tivemos en conta unicamente a produción de exemplares adultos xa que non obtivemos información sobre a cantidade producida de exemplares xuvenís. Si dispoñemos de información sobre os ingresos xerados pola venda destes últimos, representando arredor do 8% dos ingresos totais (adultos máis xuvenís) de media para o período considerado.

2001	3.226,1	26.204,9	8,123	27.991,1	8,676
2002	3.237,3	28.676,4	8,858	29.571,1	9,135
2003	3.141,2	27.299,7	8,691	27.299,7	8,691
Media 99-02	2.998,3	24.618,5	8,211	26.655,3	8,890
Media 99-03	3.026,8	25.143,1	8,307	26.788,0	8,850

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: www.MAPea.es/jacumar; e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia.

2.1.2. A INSERCIÓN DO SECTOR PESQUEIRO NO TECIDO PRODUTIVO DE GALICIA.


Oferta e demanda dos produtos pesqueiros en Galicia.

O desenvolvemento do sector pesqueiro extractivo de Galicia propiciou a xeración dunha rede económica dunha gran dimensión e con moitas ramificacións no conxunto da economía.

Un dos primeiros datos de interese está relacionado coa dimensión da propia oferta de produtos da pesca en Galicia, significativamente maior que a que producida polas unidades residentes. Segundo os datos ofrecidos polo IGE para o ano 2001, o total da oferta de produtos da pesca, marisqueo e acuicultura elevouse a 1.876 millóns de €¹⁵, dos que o 63,6% corresponderon a produción propia (ver gráfico 1). Desta oferta de produtos do sector pesqueiro, o 20,7% consómese finalmente en Galicia, o 30,7% é demanda intermedia e o restante 48,6% expórtase cara ao resto de España (36,6%) e cara ao Resto da Unión Europea ou Resto do Mundo (12%). É dicir, mentres que a maior parte da oferta procede da produción de unidades residentes galegas, a demanda sitúase fundamentalmente fóra da nosa economía (exportacións cara ao exterior) ou consómese de forma intermedia polas ramas de actividade galegas nos seus procesos produtivos.

Gráfico 2.1.2.1. Oferta e demanda total de produtos pesqueiros en Galicia. 2001.

¹⁵ Esta oferta total de produtos da pesca, marisqueo e a acuicultura está valorada a prezos de adquisición, mentres que a produción e as importacións están valoradas a prezos básicos. A diferenza está nos custos de distribución e nos impostos netos sobre os produtos, que supoñen un 18% do valor da oferta total a prezos básicos (un 22% no caso da pesca extractiva e un 9% no da acuicultura e marisqueo).




Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Estructura industrial. Complexo Agroalimentario. Ano 2001.

Segundo a mesma fonte, a oferta total de produtos de preparados e conservas de peixe en Galicia no ano 2001 alcanzou os 2.791 millóns de € (ver gráfico 2), dos que aproximadamente a metade se xeraron no interior da Comunidade e a outra metade foron importados¹⁶. Dese total, o 6,3% destinouse ao consumo final interior, o 14,5% ao consumo intermedio, o 0,8% almacenouse (incremento de existencias en 22,3 millóns de €) e o restante 78,4% exportouse cara ao resto de España (48,1%) ou cara ao resto da UE ou resto do mundo (30,3%).

Gráfico 2.1.2.2. Oferta e demanda total de peixe preparado ou en conserva en Galicia. 2001.

¹⁶ Como no anterior caso, esta oferta total de produtos de peixe preparado e en conserva está valorada a prezos de adquisición, mentres que a produción e as importacións están valoradas a prezos básicos. Os custos de distribución e os impostos netos sobre os produtos supoñen neste caso un 11% do valor da oferta total a prezos básicos (un 15% no caso do peixe conxelado, un 25% para o seco, salgado ou afumado, un 12% para crustáceos e moluscos conxelados, un 10% para as conservas de sardiña e similares, un 4% para as conservas de atún e bonito, un 38% para outras conservas e preparados de peixe, un 5% para as conservas de mexillón e outros moluscos e un 2% para as fariñas de peixe e subprodutos).



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Estructura industrial. Complexo Agroalimentario. Ano 2001.

Orixe e destino dos produtos intermedios.

Como acabamos de ver, no caso dos produtos de peixe preparado e conservas unha boa parte da oferta total xérase na nosa economía mentres que nela se consome finalmente unha pequena porcentaxe. Estas circunstancias provocan que os sectores da armazón pesqueira da economía galega teñan significativas interrelacións con outros sectores produtivos da nosa economía, tanto cara a diante como cara a atrás.

É obvio que para poder xerar un produto (peixes e elaborados do mar no noso caso), é imprescindible consumir bens e servizos procedentes doutras actividades

(o consumo medio). Desta forma, os sectores pesqueiro e de produtos elaborados do mar terán unha estreita relación con todos aqueles sectores da economía galega que lle subministran bens e servizos para levar a cabo a súa produción, de tal forma que calquera incremento (decremento) da produción dos nosos sectores, terán efectos inducidos noutros moitos da economía.

No cadro 1 amósanse os datos básicos do sector pesqueiro (pesca extractiva, marisqueo e acuicultura mariña) en Galicia para o ano 2002. De acordo con esta fonte, arredor do 56% da facturación total acaba sendo valor engadido (renda) que se distribúe en forma de soldos e salarios (30,3% do valor total facturado) ou en excedente de explotación ou rendas mixtas (o restante 25,7%). Este sector emprega case 30.000 persoas, a maior parte delas na extracción dos recursos marítimos próximos á nosas costas (o marisqueo e a pesca costeira, conxuntamente, empregan case 20.000 persoas) ou na actividade acuícola (case 4.300 persoas).

Cadro 2.1.2.1. Cifra de negocio da pesca, marisqueo e acuicultura en Galicia. 2001-02.

2001	Facturación (miles €)	Consumos intermedios (miles €)	Gastos de persoal (miles €)	Valor engadido (miles €)	Emprego (nº persoas)
Marisqueo a pé	26.351,81	677,51	0	25.674,30	5.745
Marisqueo desde embarcación	37.068,30	9.150,46	3.194,52	27.917,84	4.816
Pesca costeira	215.731,67	84.614,64	92.546,83	131.117,03	9.357
Pesca de altura	461.804,82	240.797,08	158.194,68	221.007,74	5.427
Acuicultura mariña	215.730,45	75.274,08	37.835,40	140.456,37	4.306
Total	956.687,05	410.513,77	291.771,43	546.173,28	29.651
2002	Facturación (miles €)	Consumos intermedios (miles €)	Gastos de persoal (miles €)	Valor engadido (miles €)	Emprego (nº persoas)
Marisqueo a pé	29.021,37	1008,97	0	28.012,40	5.693
Marisqueo desde embarcación	41.201,92	10.720,72	4.295,33	30.481,20	4.836
Pesca costeira	202.392,82	83.148,16	86.013,64	119.244,66	9.249
Pesca de altura	422.189,28	229.278,48	149.887,97	192.910,80	5.177
Acuicultura mariña	227.508,89	83.800,64	39.661,82	143.708,25	4.264
Total	922.314,28	407.956,97	279.858,76	514.357,31	29.219

Fonte: IGE. Macromagnitudes da pesca. Ano 2001-02.

Como se pode comprobar, aproximadamente o 44,3% da cifra de negocio total do sector se emprega para adquirir bens e servizos que se consomen de forma intermedia nestes sectores (23,5% son compras de explotación e 20,8% consumo de servizos exteriores), boa parte dos cales proceden doutros sectores da economía de Galicia.

Segundo as últimas táboas Input-Output da Economía de Galicia (correspondentes ao ano 1998)¹⁷, a través da adquisición de bens e servizos para utilizar de forma intermedia nos seus procesos produtivos, o sector da pesca e acuicultura relaciónase polo menos con outros 38 sectores da economía. Segundo os datos que se amosan no cadro 39 (datos ordenados de maior a menor coeficiente total), para poder xerar unha unidade de output (produto) pesqueiro precisáronse consumir bens e servizos intermedios por un valor equivalente a 0,321 unidades, das que máis da metade (exactamente 0,187 unidades) foron subministradas por unidades produtivas de Galicia. O sector pesqueiro galego depende en gran medida do sector que lle subministra o combustible para os motores dos barcos e do propio sector pesqueiro (sectores nº 21 e 03 do cadro 2), pero na súa maior parte as ditas subministracións proceden das importacións exteriores (por cada unidade producida demanda de forma intermedia 0,048 unidades de cada un deses dous sectores, pero só 0,006 unidades procedentes do sector 21 da economía galega e 0,002 unidades do sector pesqueiro interior).

Pola súa parte, o sector de produtos elaborados e conservas de peixe relaciónanse cuns 36 sectores da economía galega adquiríndolles inputs que utiliza de forma intermedia nos seus procesos produtivos (ver cadro 3). Neste caso, a dependencia das subministracións é moito maior pois, por cada unidade de output xerada polo sector galego de elaborados e conservas de peixe (sector 09), precísanse consumir bens e servizos procedentes do resto das ramas produtivas por valor de 0,827 unidades, na súa maior parte subministrados pola propia economía de Galicia (0,467 unidades).

Cadro 2.1.2.2. Orixe dos consumos intermedios do sector pesqueiro galego (pesca marisqueo e acuicultura).

	Sectores da economía	Coeficiente total	Coeficiente interior
--	----------------------	-------------------	----------------------

¹⁷ Véxase Instituto Galego de Estatística (2001).

21	Cocaría, refinación de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0,048362	0,006344
03	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados	0,048108	0,002559
33	Fabricación doutro material de transporte	0,041640	0,034560
40	Comercio por xunto e intermediarios, agás de vehículos de motor	0,027721	0,027721
36	Producción e distribución enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	0,022577	0,022577
46	Actividades anexas aos transportes; actividades de axencias de viaxes	0,020812	0,019923
26	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	0,017679	0,017679
55	Outras actividades empresariais	0,015931	0,014642
15	Industria téxtil	0,010743	0,001354
29	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	0,008599	0,001042
13	Outras industrias alimentarias	0,008122	0,005995
27	Industria da construción de maquinaria e equipamento mecánico	0,006285	0,002047
22	Industria química	0,005205	0,000192
39	Venda e reparación de vehículos de motor e ou seu combustible	0,003894	0,003894
42	Hostalaría	0,003700	0,003700
18	Industria da madeira e da casca, agás mobles; cestería e espartaría	0,003218	0,001851
16	Industria da confección e da peletaría	0,003204	0,000785
49	Seguros e plans de pensións, agás Seguridade Social obrigatoria	0,002547	0,002547
08	Industria cárnica	0,002484	0,002033
48	Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	0,002450	0,002450
12	Elaboración de bebidas	0,002288	0,001975
43	Transporte terrestre	0,002188	0,001841
09	Elaboración e conserva de peixe e produtos a base de peixe	0,001910	0,000765
10	Industria láctea	0,001639	0,001325
44	Transporte marítimo	0,001512	0,001512
47	Correos e telecomunicacións	0,001466	0,001466
11	Fabricación de produtos para a alimentación animal	0,001163	0,000780
23	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	0,001158	0,000382
60	Actividades asociativas	0,001148	0,001148
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados	0,000789	0,000789
51	Actividades inmobiliarias	0,000637	0,000637
07	Extracción de minerais metálicos e non metálicos	0,000514	0,000377
31	Fabricación equipamento médico e aparellos de precisión, óptica e relojería	0,000416	0,000000
19	Industria do papel	0,000411	0,000020

58B	Actividades sanitarias, veterinarias e de servizos sociais de mercado	0,000299	0,000299
34	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	0,000194	0,000024
20	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,000170	0,000170
24	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	0,000035	0,000000
	Total	0,321218	0,187402

Notas: Os coeficientes foron calculados a partir da matriz simétrica total a prezos básicos.

A numeración dos sectores é a mesma que se reflicte nas táboas Input-Output.

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE (2001): Contas Económicas de Galicia e Marco Input-Output de Galicia. 1998.

Cadro 2.1.2.3. Orixe dos consumos intermedios do sector de elaboración e conserva de produtos de peixe de Galicia.

	Sectores da economía	Coefficiente total	Coefficiente interior
03	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados	0,377812	0,252322
55	Outras actividades empresariais	0,104688	0,041920
09	Elaboración e conserva de peixe e produtos a base de peixe	0,081453	0,035454
26	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	0,068113	0,046523
13	Outras industrias alimentarias	0,050590	0,013834
19	Industria do papel	0,036331	0,005601
40	Comercio por xunto e intermediarios, agás de vehículos de motor	0,021527	0,021527
43	Transporte terrestre	0,019409	0,019398
34	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	0,017922	0,003590
42	Hostalaría	0,010363	0,001267
27	Industria da construción de maquinaria e equipamento mecánico	0,009132	0,003852
48	Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	0,005757	0,005757
52	Aluguer maquinaria e equipo sen operario e utensilios domésticos	0,005587	0,002320
36	Produción-distribución enerxía eléctrica, gas,	0,004986	0,004986

	vapor, auga quente		
21	Cocarías, refinación petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0,002209	0,000290
23	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	0,001709	0,000543
47	Correos e telecomunicacións	0,001459	0,001459
37	Captación, depuración e distribución de auga	0,001403	0,001403
44	Transporte marítimo	0,001248	0,001248
38	Construción	0,001130	0,001130
45	Transporte aéreo	0,000639	0,000130
49	Seguros e plans de pensións, agás Seguridade Social obrigatoria	0,000491	0,000491
18	Industria madeira e da casca, agás mobles; cestaría e espartaría	0,000416	0,000218
57B	Actividades de educación de mercado	0,000367	0,000367
22	Industria química	0,000352	0,000324
54	Investigación e desenvolvemento	0,000314	0,000067
08	Industria cárnica	0,000266	0,000220
59	Actividades de saneamento público, agás as prestadas polas AAPP	0,000207	0,000207
16	Industria da confección e da peletaría	0,000197	0,000092
46	Actividades anexas aos transportes; actividades axencias de viaxes	0,000197	0,000181
01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados	0,000177	0,000119
53	Actividades informáticas	0,000130	0,000130
29	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	0,000120	0,000120
51	Actividades inmobiliarias	0,000100	0,000100
39	Venda e reparación de vehículos de motor e do seu combustible	0,000027	0,000027
24	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	0,000001	0,000000
	Total	0,826830	0,467216

Notas: Os coeficientes foron calculados a partir da matriz simétrica total a prezos básicos.

A numeración dos sectores é a mesma que se reflicte nas táboas Input-Output.

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE (2001): Contas Económicas de Galicia e Marco Input-Output de Galicia. 1998.

Obviamente, o sector de elaborados e conservas de peixe adquire moitos produtos procedentes do sector da pesca e acuicultura, pois por cada unidade de output total producida, require 0,377 unidades de materia prima, das cales 0,252 proceden da actividade pesqueira galega (produtos da pesca, marisqueo e acuicultura). Outros sectores que subministran significativos inputs intermedios ao de elaborados e

conservas de peixe en Galicia son os doutras actividades empresariais (sector 55), o propio sector de elaborados e conservas de peixe empresas (sector 09), o de fabricación de produtos metálicos (sector 26) e o doutras industrias alimentarias (sector 13).

Ademais de consumidores de inputs xerados por outros sectores da economía galega, os sectores da pesca xeran produtos que son demandados de forma intermedia pola nosa economía. De acordo coa fonte utilizada, tal e como se pode observar nos cadros 4 e 5, o sector de produtos pesqueiros destina o 37,1% do seu produto á demanda intermedia galega (coeficiente equivalente a 0,3714), mentres que o de elaborados e conservas de peixe só destina o 6,9% para tal fin (coeficiente equivalente a 0,0693).

Cadro 2.1.2.4. Destino dos outputs intermedios dos produtos pesqueiros en Galicia.

	Sectores da economía	Coefficiente Interior
09	Elaboración e conserva de peixe e produtos a base de peixe	0,303007
42	Hostalaría	0,060644
03	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados	0,002559
57B	Actividades de educación de mercado	0,001529
56	Administración pública, defensa e Seguridade Social obrigatoria	0,001118
58A	Actividades sanitarias, veterinarias e de servizos sociais de non-mercado	0,001086
11	Fabricación de produtos para a alimentación animal	0,000657
41	Comercio polo miúdo, agás vehículos; reparación efectos persoais, utensilios domésticos	0,000525
57A	Actividades de educación de non-mercado	0,000294
58B	Actividades sanitarias, veterinarias e de servizos sociais de mercado	0,000022
	Total demanda intermedia	0,371441

Notas: Os coeficientes foron calculados a partir da matriz simétrica interior a prezos básicos.

A numeración dos sectores é a mesma que se reflicte nas táboas Input-Output.

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Contas Económicas de Galicia e Marco Input-Output de Galicia. 1998.

No caso do sector de produtos da pesca, algo máis do 30% do total dos seus outputs teñen como destino a subministración de materias primas ao outro sector directamente vinculado: o de elaborados e conservas de peixe (coeficiente equivalente a 0,303). O sector da hostalaría de Galicia é o segundo demandante de outputs

intermedios pesqueiros e cara a el se dirixe algo máis do 6% da produción total do sector.

O sector de produtos elaborados e de conservas de peixe ten unha clara orientación cara a demanda final (o 93% do seu output total destínase á demanda final e só o 7% á intermedia). Os poucos outputs intermedios que xera son demandados principalmente polo propio sector de elaborados e conservas de peixe e polo sector da hostalaría.

Cadro 2.1.2.5. Destino dos outputs intermedios dos produtos elaborados e conservas de peixe en Galicia.

	Sectores da economía	Coefficiente interior
09	Elaboración e conserva de peixe e produtos a base de peixe	0,035454
42	Hostalaría	0,021468
13	Outras industrias alimentarias	0,004869
58A	Actividades sanitarias, veterinarias e de servizos sociais de non-mercado	0,001700
11	Fabricación de produtos para a alimentación animal	0,001487
58B	Actividades sanitarias, veterinarias e de servizos sociais de mercado	0,001323
56	Administración pública, defensa e Seguridade Social obrigatoria	0,001249
57B	Actividades de educación de mercado	0,000645
03	Pesca, acuicultura e actividades dos servizos relacionados	0,000637
41	Comercio polo miúdo, agás de vehículos; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	0,000248
40	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	0,000137
57A	Actividades de educación de non-mercado	0,000123
62	Actividades diversas de servizos persoais	0,000021
	Total demanda intermedia	0,069360

Notas: Os coeficientes foron calculados a partir da matriz simétrica interior a prezos básicos.

A numeración dos sectores é a mesma que se reflicte nas táboas Input-Output.

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Contas Económicas de Galicia e Marco Input-Output de Galicia. 1998.

O complexo pesca-conserva por subsectores.


Da análise das táboas Input-Output Pesca Conserva Galegas 1999, editadas pola Xunta de Galicia¹⁸, pódese obter unha visión máis detallada sobre a inserción destas actividades no conxunto da economía de Galicia, pois nela defínense e diferéncianse 8 subsectores de pesca-conserva, catro deles de pesca extractiva en función da capacidade das embarcacións empregadas, dous de acuicultura un de marisqueo e outro de conservas de peixe.

Dentro dos sectores pesqueiros extractivos diferénciase a chamada pesca de baixura (que contempla aquel conxunto de embarcacións cunha capacidade de ata 30 TRB), a pesca de litoral (aquelas embarcacións con arqueos entre 30,01 e 150 TRB), a pesca de altura (para barcos de 150,01 a 500 TRB) e a pesca de grande altura (con embarcacións de máis de 500 TRB). Dentro da acuicultura distínguese por unha parte a miticultura e outros (principalmente bateas de mexillón) e por outra a piscicultura mariña (principalmente dedicada á produción de rodaballo). O subsector do marisqueo está constituído polas agrupacións de mariscadores (que se dedican principalmente á produción de moluscos) e o da conserva e outros transformados do peixe por establecementos que enlatan ou transforman peixes, crustáceos e moluscos para o consumo humano.

De acordo con esta fonte, no ano 1999 empregáronse na economía de Galicia recursos pesqueiros (procedentes dos 8 subsectores sinalados) por valor de 3.127,3 millóns de € correntes (equivalentes a uns 3.554,4 millóns de €-03). Tal e como podemos observar no gráfico 3, desa cantidade a maior parte foron conservas e produtos elaborados de peixe (o 40,5% do valor total), seguido dos produtos procedentes da pesca de grande altura (32,9% do total).

Gráfico 2.1.2.3. Peso relativo dos recursos pesqueiros empregados na economía galega.

¹⁸ M^a do Carme García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.



Fonte: Elaboración propia a partir da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carne García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.

Como se amosa no cadro 6, a actividade pesca-conserva en Galicia parece ter unha clara orientación exterior, pois algo máis do 70% dos recursos se destinan cara á exportación. Porén obsérvanse significativas diferenzas por subsectores. Os produtos da miticultura (mexillón de batea, fundamentalmente), teñen como destino principal a demanda intermedia da nosa economía. Os produtos da pesca de baixura e da acuicultura teñen como principal destino o consumo final no interior da nosa economía. Os produtos da pesca de altura e de grande altura, os do marisqueo e as conservas diríxense maioritariamente cara á exportación. Por último, os produtos da pesca de litoral repártense de forma bastante equilibrada entre os tres destinos (por orde de importancia relativa: demanda intermedia, consumo final e exportación).

Cadro 2.1.2.6. Empregos dos produtos pesqueiros por subsectores en Galicia. 1999.

	Total empregos (miles de €)	Demanda intermedia	Consumo final	FBC	Exportación
Baixura	126.380,4	22,79%	43,33%	0,00%	33,87%
Litoral	92.197,6	39,29%	36,88%	0,00%	23,83%
Altura	427.421,8	20,00%	31,82%	0,00%	48,18%
Grande altura	1.028.234,5	23,52%	6,78%	0,00%	69,70%
Miticultura	97.515,0	62,15%	8,29%	0,00%	29,56%
Acuicultura	24.055,4	27,35%	43,96%	0,00%	28,69%
Marisqueo	66.313,8	24,33%	16,95%	0,00%	58,72%
Conservas	1.265.207,7	1,89%	3,93%	0,05%	94,13%

Total	3.127.326,1	15,97%	11,96%	0,02%	72,04%
--------------	-------------	--------	--------	-------	--------

Fonte: Elaboración propia a partir da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carme García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.

Tal e como nos indica o cadro 7, os distintos produtos pesqueiros son demandados de forma intermedia en Galicia principalmente polos propios subsectores da pesca-conserva e polo sector da hostalaría. Así, o subsector da conserva e elaborados de peixe de Galicia absorbeu o 64% da demanda intermedia de produtos pesqueiros, a hostalaría case o 28% e o resto dos sectores da economía apenas un 8%. O sector da conserva e elaborados de peixe é o principal destino dos output intermedios da viticultura, do marisqueo e da pesca de litoral e grande altura. Pola súa parte, o sector da hostalaría galega é o principal destino para a produción intermedia das conservas, acuicultura e pesca de baixura e de altura.

Cadro 2.1.2.7. Destino dos outputs intermedios pesqueiros por subsectores. Galicia 1999.

	Demanda intermed (miles de €)	Pesca e marisqueo	Acuicult.	Conserva e elabor.	Hostalaría	Demais sectores
Baixura	28.805,7	28,89%	0,00%	0,00%	71,07%	0,04%
Litoral	36.225,3	12,11%	0,00%	52,27%	35,09%	0,53%
Altura	85.471,8	10,50%	0,00%	29,49%	59,48%	0,52%
Grande altura	241.853,8	0,00%	0,00%	85,43%	10,77%	3,80%
Viticultura	60.602,7	0,00%	1,37%	93,64%	4,99%	0,00%
Acuicultura	6.580,2	0,00%	38,75%	0,00%	60,07%	1,18%
Marisqueo	16.137,4	0,69%	0,00%	73,28%	26,03%	0,00%
Conservas	23.876,9	2,90%	10,55%	2,47%	77,90%	6,18%
Total	499.553,8	4,50%	1,18%	64,04%	27,99%	2,28%

Fonte: Elaboración propia a partir da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carme García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.

As dúas terceiras partes do total de recursos pesqueiros utilizados na economía galega proceden da produción propia e o restante terzo da importación (véxase cadro 8). Tamén neste caso se observan diferenzas significativas por subsectores pois, ao contrario que no resto dos casos, a maior parte dos produtos pesqueiros de grande altura e mariscos proceden da importación. No caso dos produtos da pesca de altura a porción procedente da importación tamén é relevante (algo máis do 28% do total).

Tamén resulta interesante observar no mesmo cadro 40 as diferenzas existentes entre os subsectores no referente á importancia relativa de cada insumo primario. Como xa comentamos anteriormente, a produción de conservas e produtos elaborados do peixe require un elevado consumo intermedio de bens e servizos, que chega a representar algo máis do 60% do valor total xerado. Os consumos intermedios tamén supoñen unha elevada porcentaxe do valor total xerado nos casos da acuicultura e a pesca de altura e grande altura. Por outra parte, nos procesos produtivos menos industrializados e con baixas taxas de traballo asalariado (casos do marisqueo, viticultura e pesca de baixura), alcanza especial relevancia o peso relativo do excedente bruto de explotación e, sobre todo, as rendas mixtas. Na pesca de litoral, o insumo primario de maior relevancia é a remuneración salarial, que supón cerca do 50% do valor do producido.

Todo isto conduce á existencia de diferenzas notables nos coeficientes de valor engadido por unidade producida en cada subsector. Por termo medio, aproximadamente a metade do valor producido no sector pesca-conserva de Galicia acaba sendo valor engadido e, polo tanto, renda da nosa economía. Porén, o elevado consumo intermedio da conserva fai que esa proporción se quede en apenas o 40%. Polo contrario, as producións pesqueiras e marisqueiras articuladas en función dos recursos naturais próximos, alcanzan un elevado coeficiente de valor engadido, por encima do 65% do valor xerado nos subsectores do marisqueo, miticultura e pesca de baixura e de litoral (ver última fila do cadro 8).

Cadro 2.1.2.8. Orixe dos recursos pesqueiros por subsectores en Galicia. 1999.

	Baixura	Litoral	Altura	Grande al	Miticul	Acuic.	Marisq	Conser	Tota
Recursos (mills €)	126,4	92,2	427,4	1.028,2	97,5	24,1	66,3	1.265,2	3.12
% importados	4,99%	10,43%	28,27%	75,63%	2,98%	0,00%	59,99%	7,74%	33,7
% producidos	95,01%	89,57%	71,73%	24,37%	97,02%	100,0%	40,01%	92,26%	66,2

Produción (mills €)	120,1	82,6	306,6	250,6	94,6	24,1	26,5	1.167,2	2.07
% Consumo intermed	23,49%	34,24%	40,88%	38,92%	24,78%	42,09%	9,33%	60,46%	49,2
% Remuner asalariada	18,94%	48,23%	39,55%	24,10%	9,28%	18,07%	2,60%	6,83%	16,3
% EBE e renda mixta	55,85%	16,70%	18,86%	36,91%	56,79%	39,13%	88,01%	32,70%	33,7
VAB (mills €)	91,9	54,3	181,3	153,1	71,2	13,9	24,1	461,5	1.05
% VAB s/ produción	76,51%	65,76%	59,12%	61,08%	75,22%	57,91%	90,67%	39,54%	50,7

Nota: Neste caso os consumos intermedios están valorados a prezos de adquisición.

Fonte: Elaboración propia a partir da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carme García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.

Cos datos desagregados por subsectores da pesca-conserva, podemos novamente observar a grande inserción do mundo pesqueiro na economía de Galicia. Os coeficientes do cadro 9 amósannos as relacións dos sectores produtivos pesqueiros galegos co resto dos sectores desde a perspectiva de consumidores de inputs intermedios.

Como xa comentamos, os gastos de explotación ligados á adquisición de bens e servizos por parte do sector da conserva e elaborados de peixe en Galicia supoñen algo máis do 60% do valor total da súa produción. Os principais consumos intermedios deste sector son produtos da pesca de grande altura (ata un valor equivalente ao 17,7% do valor total da produción conserveira), produtos metálicos diversos (fundamentalmente envases), servizos publicitarios (que supoñen case o 5% do valor total facturado), produtos da miticultura (para a elaboración de conservas de mexillóns), aceites e graxas e servizos de comercio e de transporte.

Cadro 2.1.2.9. Consumos intermedios da pesca-conserva galega por subsectores. 1999

Coeficientes totais	Baixura	Litoral	Altura	Grande al	Miticul	Acuic.	Marisq	C
Baixura	0,0275	0,0179	0,0115	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	
Litoral	0,0000	0,0131	0,0084	0,0029	0,0000	0,0000	0,0000	
Altura	0,0000	0,0000	0,0293	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	
Grande altura	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	
Viticultura	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0088	0,0000	0,0000	
Acuicultura	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,1060	0,0000	
Marisqueo	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0042	
Conservas	0,0000	0,0019	0,0012	0,0007	0,0000	0,1047	0,0000	
Aceites e graxas	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	0,0000	
Outros prod. alimenticios	0,0022	0,0114	0,0182	0,0120	0,0000	0,0000	0,0000	
Cabos e redes	0,0250	0,0323	0,0209	0,0130	0,0356	0,0000	0,0004	

Envases embalaxes papel-cartón	0,0000	0,0000	0,0010	0,0098	0,0000	0,0000	0,0000
Refino petróleo	0,0575	0,0706	0,0793	0,0646	0,0192	0,0019	0,0042
Produtos metálicos diversos	0,0005	0,0007	0,0070	0,0069	0,0061	0,0000	0,0000
Maquinaria e equipamento mecánico	0,0014	0,0008	0,0058	0,0057	0,0208	0,0032	0,0060
Embarcacións e ss. reparación	0,0108	0,0497	0,0420	0,0633	0,0026	0,0000	0,0000
Ss. gasoleiras e talleres	0,0258	0,0317	0,0356	0,0290	0,0086	0,0012	0,0019
Ss. comercio maiorista	0,0150	0,0182	0,0221	0,0213	0,0282	0,0438	0,0010
Ss. de transporte	0,0146	0,0083	0,0232	0,0523	0,0113	0,0142	0,0005
Ss. correos e comunicacións	0,0032	0,0038	0,0065	0,0054	0,0039	0,0051	0,0021
Ss. intermediarios financeiros	0,0031	0,0227	0,0206	0,0168	0,0323	0,0029	0,0032
Ss. empresariais diversos	0,0013	0,0035	0,0053	0,0017	0,0019	0,0242	0,0009
Actividade xurídica e xestoría	0,0105	0,0067	0,0061	0,0055	0,0080	0,0093	0,0049
Publicidade	0,0000	0,0001	0,0001	0,0005	0,0000	0,0025	0,0022
Outros ss. empresariais	0,0016	0,0041	0,0014	0,0015	0,0049	0,0019	0,0058
Ss da Admón... pública	0,0035	0,0006	0,0183	0,0346	0,0000	0,0007	0,0013
Ss organiz empresariais prof.	0,0047	0,0115	0,0055	0,0020	0,0207	0,0055	0,0382
Outros produtos e ss.	0,0079	0,0103	0,0199	0,0314	0,0378	0,0941	0,0012
Total a prezos básicos	0,2160	0,3198	0,3894	0,3808	0,2509	0,4211	0,0781

Fonte: Elaboración propia a partir da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carme García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.

No resto dos subsectores da pesca, os consumos intermedios non adquiren a mesma importancia que no caso anterior.

Os escasos consumos intermedios do sector do marisqueo en Galicia son servizos que lles prestan as organizacións empresariais e asociacións profesionais (algo máis da metade do total).

Para a pesca extractiva de baixura e litoral, os principais produtos consumidos intermediariamente son os procedentes do refinación de petróleo (combustible para os motores), os servizos de reparación e mantemento dos buques, os cabos e redes e os servizos de reparación mecánica.


Para a pesca de altura e grande altura, ademais dos mencionados para a de baixura e litoral, tamén son importantes os consumos intermedios de servizos de transporte, de servizos da Administración pública, de servizos do comercio maiorista e dos servizos dos intermediarios financeiros.

O sector da miticultura consome de forma intermedia cabos e redes, maquinaria e equipamentos mecánicos, servizos de intermediarios financeiros, servizos de comercio maiorista, servizos de organizacións empresariais e asociacións profesionais e servizos de transporte. O resto da acuicultura mariña (principalmente piscicultura do rodaballo), ademais do xa mencionado para a miticultura, tamén

consome intermediariamente produtos da propia acuicultura, elaborados e conservas de peixe e outros servizos empresariais diversos.

Todo o exposto neste punto non ofrece unha idea da importancia do complexo pesqueiro, que vai máis alá do aproximadamente 3% que significa a achega da pesca-conserva ao PIB de Galicia (2,2% da rama pesqueira e acuícola e un 0,8% da de conserva e elaborados de peixe). No gráfico 4 intentamos sintetizar gran parte da información ofrecida utilizando datos aproximados procedentes das distintas fontes utilizadas. Como se pode comprobar, o sector da produción pesqueira (pesca costeira e marisqueo desde embarcación, pesca de altura e grande altura, acuicultura e marisqueo a pé) achega aproximadamente uns 29.500 empregos equivalentes a tempo completo á economía galega. Directamente vinculada á produción pesqueira encóntrase a industria de conservas e elaborados de produtos do mar (conserveiras e industrias do conxelado) e un conxunto de actividades ligadas á distribución e comercialización do peixe (empregados de lonxas, maioristas exportadores, almacenistas, cetarias, etc.) , que conxuntamente empregan outras 17.700 persoas a tempo completo. A todo isto poderíamos sumarlle uns 28.000 empregos no conxunto de actividades que, como subministradoras de bens e servizos ás empresas pesqueiras e de transformación, tamén dependen da actividade pesqueira. É dicir, cóidase que arredor de 75.200 empregos da economía galega dependen directa ou indirectamente da actividade pesqueira, o que supón aproximadamente o 7,3% do emprego total.

Gráfico 2.1.2.4. As grandes cifras do complexo pesqueiro en Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos suministrados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e polo IGE.

2.2. CUANTIFICACIÓN DAS PERDAS ECONÓMICAS NO SECTOR PESCA-ACUICULTURA DE GALICIA.

2.2.1. O ESCENARIO CERO PARA O SECTOR PESQUEIRO.

O escenario cero para a estimación directa das perdas de produción pesqueira, marisqueira e acuícola.

Para poder establecer valoración da evolución da produción dun sector de actividade económica ou da influencia de determinados acontecementos nela, precisamos establecer un escenario de referencia co que compararnos (o escenario cero). É habitual en economía establecer comparacións interanuais sobre os niveis de produción alcanzados ou a achega de valor engadido ou emprego dun sector ao conxunto da economía. É dicir, poderíamos establecer comparacións dos resultados alcanzados nun determinado ano (aquel en que se produce o acontecemento distorsionante), co ano inmediatamente precedente (no que tal distorsión non se produciu)¹⁹.

Neste caso, o noso referente debería ser as cifras alcanzadas polos sectores afectados (pesca e marisqueo costeiros e actividade acuícola) no ano 2001 ou en 2002. Como xa vimos, o Instituto Galego de Estatística (IGE) ofrécenos as cifras que recordamos no cadro 1. Expresamos os valores en euros constantes do ano 2003 (€-03) utilizando como deflactor o IPC harmonizado para España facilitado polo INE.

Como se pode comprobar, o conxunto de actividades pesqueiras directamente afectadas pola contaminación do Prestige (Marisqueo a pé, marisqueo desde embarcación, pesca costeira e acuicultura mariña), facturaban produtos por valor de algo máis de 500 millóns de €-03 ao ano.

¹⁹ Isto para calcular perdas anuais, pero non totais. Precisamente, un dos maiores problemas para avaliar as perdas totais ocasionadas por unha vertedura de petróleo coma o que nos ocupa, é o de determinar o período de tempo que hai que considerar (número de meses ou anos). Autores como Bonnieux e Rainelli (1993), pp. 18, indícanos que as estimacións de perdas varían moito en función do período de tempo considerado. Para evitar arbitrariedades, estes autores propoñen como criterio razoable, considerar que o período de perdas para o sector pesqueiro extractivo debe terminar no momento en que se alcancen as capturas normais ou habituais do período anterior ao desastre.

Cadro 2.2.1.1. Escenario cero para a pesca, marisqueo e acuicultura en Galicia. Anos 2001-2002.

2001	Facturación (miles €-03)	Consumos intermedios (miles €-03)	Gastos de persoal (miles €-03)	Valor engadido (miles €-03)	Emprego (nº persoas)
Marisqueo a pé	28.147,95	723,69	0,00	27.424,26	5.745
Marisqueo desde embarcación	39.594,88	9.774,16	3.412,26	29.820,72	4.816
Pesca costeira	230.435,94	90.381,97	98.854,82	140.053,97	9.357
Total marisqueo e pesca costeira	298.178,77	100.879,82	102.267,08	197.298,95	19.918
Acuicultura mariña	230.434,64	80.404,76	40.414,26	150.029,88	4.306
Total actividades afectadas	528.613,40	181.284,58	142.681,34	347.328,82	24.224
2002	Facturación (miles €-03)	Consumos intermedios (miles €-03)	Gastos de persoal (miles €-03)	Valor engadido (miles €-03)	Emprego (nº persoas)
Marisqueo a pé	29.926,84	1.040,45	0,00	28.886,39	5.693
Marisqueo desde embarcación	42.487,42	11.055,21	4.429,34	31.432,21	4.836
Pesca costeira	208.707,48	85.742,38	88.697,27	122.965,09	9.249
Total marisqueo e pesca costeira	281.121,73	97.838,04	93.126,61	183.283,69	19.778
Acuicultura mariña	234.607,17	86.415,22	40.899,27	148.191,95	4.264
Total actividades afectadas	515.728,90	184.253,26	134.025,88	331.475,64	24.042

Fonte: IGE. Macromagnitudes da pesca. Ano 2001-02.

O escenario cero para a estimación indirecta das perdas de produción pesqueira e marisqueira.

Por múltiples razóns (de tendencia, de ciclo, de representatividade, etc.), para a estimación indirecta da influencia de acontecementos extraordinarios na renda xerada en casos como o que nos ocupa (o da pesca extractiva e marisqueo na zona

litoral próxima a Galicia), resulta aconsellable ampliar o número de observacións coas que poder establecer calquera comparación (utilizar datos dos dous, tres, catro ... anos anteriores)²⁰. Debemos ter presente que a produción do conxunto de actividades baixo estudo depende en gran medida de condicionantes que se escapan a un estrito control humano. Así, os resultados alcanzados nun determinado ano poden estar condicionados de forma significativa por elementos como a meteoroloxía, variacións nas correntes mariñas, en temperaturas das augas, cambios naturais cíclicos en especies, etc. De aí a necesidade de contar con máis observacións para establecer calquera comparación.

Como comentamos anteriormente, a fonte de información máis completa e accesible sobre a produción pesqueira e marisqueira posiblemente afectada polo desastre do Prestige, é a que nos facilita a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia a través da súa plataforma dixital pescadegalicia.com. Ademais, esta base de datos facilítanos información mensual sobre a pesca fresca poxada nas lonxas galegas por especie, o que nos inclinou definitivamente pola súa utilización para establecer os puntos comparativos de referencia en canto á produción. A posibilidade de contar con información mensual é de vital importancia para o caso pesqueiro e marisqueiro pois, como comentamos, as características naturais propias de cada especie de interese comercial pode condicionar a maior ou menor intensidade da súa explotación ao longo da temporada (existen vedas para algunhas especies en determinadas épocas do ano, a abundancia dalgunhas especies nas nosas costas cambia substantivamente coa estación do ano, etc.). Desta forma, as consecuencias económicas derivadas, por exemplo, dunha parada da actividade pesqueira nos meses de inverno diferirían significativamente das que se producirían se esa parada de actividade se realizase nos meses de verán.

No cadro 2 amósase a evolución mensual, en peso e valor²¹ e os seus prezos resultantes, da produción pesqueira e marisqueira vendida a través das lonxas de Galicia desde 1998 ata 2003.

²⁰ Para estimar os danos económicos causados sobre o sector pesqueiro da Bretaña Francesa pola vertedura de petroleiro Amoco Cadiz autores como Bonnieux et al. (1980), Sorensen et al. (NOAA, 1983) e outros expertos (referencias tomadas de Bonnieux e Rainelli, 1993), adoptaron diversos modelos de regresión (con tendencias temporais, con coeficientes por temporada, de tipo ARIMA, etc.) en se que consideraban distintos períodos de tempo, pero sempre con datos mensuais de produción.

²¹ Como xa fixemos anteriormente, os valores monetarios exprésanse en euros constantes do ano 2003. Para iso utilizamos como deflactor a serie do IPC harmonizado de España, (indicador mensual subministrado polo INE), procedendo a un cambio de ano base de 1996 ao ano 2003.

Cadro 2.2.1.2. Evolución das vendas de peixe e mariscos nas lonxas de Galicia. 1998-2003.


Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	9.568,1	3,02	28.882,6	2001	Xn	9.277,4	3,20	29.646,8
	Fb	13.779,7	2,31	31.769,8		Fb	10.975,0	2,81	30.786,4
	Mz	16.488,8	2,23	36.762,5		Mz	11.747,4	2,71	31.841,4
	Ab	13.725,1	2,35	32.269,0		Ab	11.094,0	2,56	28.394,5
	Mi	14.003,7	2,29	32.088,5		Mi	12.166,6	2,47	29.992,5
	Xñ	17.806,3	2,07	36.906,4		Xñ	13.926,4	2,20	30.675,1
	XII	15.814,9	2,53	39.935,6		XII	12.416,7	2,62	32.570,3
	Ag	15.704,2	2,18	34.173,2		Ag	12.834,0	2,65	34.060,6
	St	19.490,6	1,95	38.005,6		St	12.626,6	2,26	28.496,9
	Ou	15.326,4	2,11	32.350,6		Ou	12.707,8	2,46	31.217,4
	No	14.525,7	2,36	34.250,6		No	12.347,4	2,65	32.660,6
	Dc	11.872,4	3,43	40.731,1		Dc	10.751,6	3,58	38.537,9
1999	Xn	9.080,6	2,90	26.296,3	2002	Xn	9.082,7	2,90	26.358,2
	Fb	11.960,5	2,63	31.396,7		Fb	9.974,3	2,53	25.276,8
	Mz	13.540,9	2,61	35.317,0		Mz	11.459,4	2,25	25.787,9
	Ab	11.893,9	2,53	30.077,6		Ab	13.646,9	2,13	29.055,1
	Mi	13.799,5	2,47	34.153,3		Mi	11.637,0	2,43	28.314,8
	Xñ	14.670,2	2,55	37.358,3		Xñ	10.838,3	2,56	27.793,1
	XII	14.490,4	2,65	38.360,0		XII	12.186,9	2,80	34.144,2
	Ag	15.583,3	2,37	36.921,7		Ag	11.181,9	2,98	33.293,8
	St	14.785,1	2,41	35.638,0		St	11.610,6	2,49	28.960,6
	Ou	13.387,4	2,53	33.817,4		Ou	11.726,7	2,64	30.987,2
	No	12.858,4	2,86	36.823,6		No	8.986,3	3,10	27.886,6
	Dc	10.231,6	4,15	42.465,8		Dc	5.697,6	3,76	21.445,0
2000	Xn	8.666,7	3,21	27.840,5	2003	Xn	4.900,9	3,49	17.086,5
	Fb	12.273,9	2,52	30.874,2		Fb	7.467,0	2,62	19.528,7
	Mz	14.517,6	2,34	34.036,5		Mz	9.706,7	2,52	24.413,0
	Ab	11.798,2	2,42	28.535,9		Ab	11.031,5	2,27	24.997,2
	Mi	14.133,0	2,45	34.571,1		Mi	9.817,1	2,78	27.330,5
	Xñ	12.907,8	2,52	32.494,5		Xñ	10.203,0	2,52	25.685,0
	XII	13.100,4	2,61	34.213,4		XII	13.075,7	2,45	32.074,9
	Ag	15.338,0	2,31	35.453,4		Ag	11.212,1	2,58	28.877,6
	St	13.265,3	2,33	30.968,0		St	14.113,8	2,41	33.983,8
	Ou	11.710,8	2,59	30.299,1		Ou	13.225,2	2,56	33.851,6
	No	9.927,7	3,28	32.542,6		No	10.605,8	2,60	27.603,3
	Dc	7.662,6	4,37	33.506,0		Dc	9.321,1	4,20	39.109,0

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Como se pode comprobar, a produción en termos físicos cambia de forma substantiva duns meses a outros. Así, por exemplo, nos meses de xaneiro a produción

total adoita situarse aproximadamente en 9.000 toneladas, mentres que a de agosto arredor das 13.000 toneladas (un 40% máis). Ademais, os datos de produción en peso parecen mostrar comportamentos cíclicos, máis evidentes se observamos a representación gráfica no gráfico 1 da evolución mensual das toneladas comercializadas no período desde xaneiro de 1998 ata decembro de 2003.

Gráfico 2.2.1.1. Evolución mensual das vendas físicas (toneladas) nas lonxas de Galicia. 1998-03.




Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estadísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.


A produción pesqueira comercializada a través das lonxas adoita alcanzar os seus niveis máximos nos meses estivais e os mínimos en decembro, xaneiro e febreiro. O gráfico tamén parece mostrarnos a incidencia que, sobre a produción, tivo a parada da actividade pesqueira motivada pola chegada masiva do fuel ás costas procedentes do Prestige. No período de novembro de 2002 a febreiro de 2003 a produción alcanzou os seus mínimos en relación á obtida neses mesmos meses dos anteriores anos.

A oscilación na oferta mensual de produtos pesqueiros e os cambios na composición por especies segundo a temporada do ano teñen evidentes repercusións nos prezos medios alcanzados e, polo tanto, nos ingresos totais obtidos.

No gráfico 2 podemos observar a evolución dos prezos medios do total da produción comercializada en lonxa para o mesmo período que o caso anterior. Como se pode observar, tanto no cadro 2 como no gráfico 2, en termos monetarios constantes,

5,50	
------	--





Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estadísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Os ingresos mensuais tamén parecen gozar de certa estabilidade cíclica e normalmente oscilaron entre un mínimo de 25 millóns de €-03 e máximos que dificilmente superaron os 40 millóns de €-03, dependendo da época do ano. Ao longo da serie contemplada, soamente en 4 meses os ingresos obtidos da pesca e marisqueo en primeira venda en lonxa foron inferiores aos 25 millóns de €-03, os meses de decembro de 2002 e de xaneiro, febreiro e marzo de 2003, precisamente nos que maior incidencia tivo o desastre do Prestige.

Nas anteriores figuras puidemos observar como as consecuencias produtivas da parada da actividade ligada ao derrame de cru son perfectamente perceptibles utilizando estes datos agregados. Así, dado o comportamento regular e estable que parecen mostrar os mercados de primeira venda dos produtos da pesca e o marisqueo en Galicia, a evolución mensual media dos últimos anos antes da catástrofe, podería ser un bo referente como indicador do que podemos considerar unha produción anual normal. Somos conscientes que ao longo dos últimos anos se sucederon diversos acontecementos que influíron nos niveis de produción global: crises produtivas nalgúns especies como a sardiña e agora a pescada, estacións con maior frecuencia de temporais que impediron pescar ás froas, temporadas de chuvias excesivas que provocaron grandes mortalidades en zonas marisqueiras das rías, etc. Porén, salvo os asociados ao Prestige, a influencia destes incidentes nos resultados totais da produción pesqueira comercializada por lonxa parece diluírse ou, polo menos, compensarse con outros efectos.

De todo o anterior concluímos que, como referente da situación normal da produción pesqueira, podemos adoptar o dato mensual media das 4 últimas observacións mensuais dispoñibles antes do incidente do petroleiro²². É dicir, para os meses de xaneiro a outubro, a media da produción mensual nos anos 1999, 2000, 2001 e 2002, e para os meses de novembro e decembro, a mesma media pero para os anos 1998, 1999, 2000 e 2001.

No cadro 3 preséntanse estes valores tendencia para a produción en termos físicos e monetarios así como os prezos medios.

Cadro 2.2.1.3. Valores tendencia das vendas en lonxa en Galicia.
(media das 4 últimas observacións mensuais antes do Prestige).

Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
Xaneiro	9.026,8	3,05	27.535,5
Febreiro	11.295,9	2,62	29.583,5
Marzo	12.816,3	2,48	31.745,7
Abril	12.108,2	2,40	29.015,8
Maio	12.934,0	2,46	31.757,9
Xuño	13.085,7	2,45	32.080,2
Xullo	13.048,6	2,67	34.822,0
Agosto	13.734,3	2,54	34.932,4
Setembro	13.071,9	2,37	31.015,9
Outubro	12.383,2	2,55	31.580,3
Novembro	12.414,8	2,74	34.069,4
Decembro	10.129,6	3,83	38.810,2
Media mensual	12.170,8	2,65	32.245,7
Media anual	146.049,4	2,65	386.948,7

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

A produción media mensual no período considerado sitúase nas 12.171 toneladas, que se cotizaron a un prezo medio de 2,65 €-03 por quilogramo, reportando

²² Este criterio de comparar a produción dun ano, concretamente o 2004, cos medias obtidas no período anterior de 4 anos antes do accidente do Prestige (1998-2002) tamén foi utilizado por Y. Pazos et al. (2004) no "Informe da evolución da produción dous principios recursos de interese comercial do litoral galego" e no "Informe de evolución da produción de ameixa babosa en Galicia", ambos promovidos pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e presentados en novembro de 2004.

uns 32,2 millóns de €-03. Estes datos medios das catro últimas observacións mensuais dispoñibles en Galicia antes do Prestige, débúxannos un ano natural de referencia no que as vendas de peixes e mariscos reportan un total de 146.000 toneladas de produtos que alcanzan un valor en primeira venda de case 389 millóns de €-03.

Como xa percibíramos nas figuras anteriores, en termos físicos os máximos de vendas acádanse nos meses de xuño a setembro (con medias superiores ás 13.000 toneladas mensuais en primeira venda), e os mínimos nos meses de decembro e xaneiro (entre 9.000 e 10.000 toneladas). Porén, en termos de valor, é no mes de decembro cando se alcanzan os valores monetarios máis elevados (de media case 39 millóns de €-03), seguido dos meses de novembro, xullo e agosto (cando se venden produtos por valores superiores aos 34 millóns de €-03 mensuais). Claramente iso é posible gracias aos prezos, que alcanzan as súas cotas máis elevadas no mes de decembro (3,83 €-03 por quilogramo).

Non obstante, como xa adiantabamos en anteriores puntos, a base de datos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos tamén considera os desembarques en fresco das frota de altura, en principio non afectadas polas mareas negras do Prestige. Este feito pode estar distorsionando os valores medios obtidos para o conxunto da frota que depende dos recursos próximos.

Co obxectivo de analizar esta posibilidade procedemos á segregación dos datos de produción procedentes das lonxas que denominamos de altura²³ dos da produción das lonxas que denominamos de litoral (o resto dos puntos de venda). Os resultados obtidos amósanse nos cadros 4 e 5.

Coa segregación dos datos dos 10 puntos de venda con presenza de vendas de peixe e marisco frescos procedentes das frota de altura, pódense observar diferenzas significativas nas pautas da produción.

Tal e como aparece no gráfico 4 a produción mensual comercializada en primeira venda, tanto nas lonxas de altura como nas de litoral, ten bastante estabilidade cíclica ao longo da serie estudada. Para o caso de altura, oscila entre mínimos de 4.000 toneladas mensuais (normalmente no mes de xaneiro) e máximos de 9.000 toneladas (localizados en marzo). Para as de litoral, con producións mínimas nos meses de decembro a marzo (habitualmente con cantidades que roldan as 5.000 toneladas

²³ O peixe fresco que pasa por lonxa desembarcado por esta frota de altura adóitase vender nos portos lugueses de Celeiro e Burela, no porto da Coruña (puntos de venda de Arpega, Arpenor, OPP 13 e Poxadores), no de Marín (San Miguel e Pescados Touza) e no de Vigo (Asociación de Vendedores e Pescados Cabaleiro).

mensuais) e máximas nos meses de agosto e setembro (onde normalmente se superan as 7.000 toneladas mensuais).

Cadro 2.2.1.4. Evolución das vendas de peixe e mariscos nas lonxas de altura de Galicia. 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	4.698,1	3,0	14.249,6	2001	Xn	4.940,9	3,7	18.258,1
	Fb	6.810,5	2,5	16.972,9		Fb	6.616,5	2,8	18.621,4
	Mz	9.146,4	2,3	21.110,6		Mz	7.706,5	2,7	20.871,4
	Ab	7.572,0	2,5	18.971,0		Ab	6.761,9	2,6	17.759,1
	Mi	7.420,2	2,4	17.663,1		Mi	6.772,4	2,7	18.225,7
	Xñ	7.522,6	2,8	21.291,0		Xñ	6.729,3	2,6	17.803,6
	XII	7.347,1	3,0	22.125,7		XII	6.629,3	2,7	18.159,7
	Ag	6.687,2	2,8	18.546,4		Ag	6.271,2	2,9	18.299,6
	St	6.834,6	3,0	20.695,9		St	5.538,4	2,9	16.255,9
	Ou	5.263,2	3,1	16.202,6		Ou	6.064,7	2,8	16.823,7
	No	5.495,7	3,2	17.432,7		No	6.666,8	2,7	18.129,4
	Dc	6.407,1	3,3	21.413,6		Dc	5.358,4	3,7	20.056,9
1999	Xn	4.494,2	3,3	14.612,0	2002	Xn	5.364,7	3,0	16.240,3
	Fb	6.336,9	2,8	17.917,1		Fb	5.782,0	2,7	15.668,7
	Mz	8.699,2	2,5	21.982,7		Mz	7.254,8	2,3	16.706,0
	Ab	6.238,8	2,8	17.625,9		Ab	7.982,4	2,3	18.464,8
	Mi	6.075,4	3,0	18.305,1		Mi	7.012,9	2,7	18.858,6
	Xñ	6.591,8	3,2	20.908,1		Xñ	6.204,8	2,8	17.300,7
	XII	7.104,6	3,1	22.354,2		XII	6.894,6	3,0	20.562,5
	Ag	6.063,8	3,2	19.560,0		Ag	5.959,4	3,0	18.118,7
	St	6.080,7	3,4	20.403,5		St	5.810,6	2,8	16.552,5
	Ou	5.582,8	3,2	18.064,2		Ou	6.032,0	2,7	16.167,0
	No	6.253,6	3,2	19.797,9		No	5.535,2	2,8	15.649,4
	Dc	5.613,4	3,9	21.770,5		Dc	5.171,7	3,5	18.069,7
2000	Xn	4.230,4	3,6	15.077,6	2003	Xn	4.447,4	3,5	15.746,1
	Fb	6.759,0	2,6	17.530,1		Fb	6.078,0	2,5	15.400,5
	Mz	8.522,8	2,4	20.836,7		Mz	7.525,2	2,3	17.570,6
	Ab	6.736,3	2,7	18.287,4		Ab	8.553,0	2,0	17.182,7
	Mi	7.207,5	2,8	20.349,3		Mi	6.728,7	2,6	17.471,0
	Xñ	6.745,0	2,9	19.501,0		Xñ	6.453,2	2,6	16.515,9
	XII	6.438,5	3,0	19.613,9		XII	7.323,4	2,6	19.007,7
	Ag	7.075,9	2,8	19.549,9		Ag	5.765,8	2,8	16.241,4
	St	6.178,6	2,9	18.196,1		St	6.887,5	2,9	20.044,2
	Ou	5.246,8	3,2	16.649,8		Ou	6.438,1	2,7	17.062,7
	No	5.039,1	3,7	18.699,3		No	5.678,0	2,6	14.652,9
	Dc	4.234,3	4,2	17.609,6		Dc	5.613,4	3,6	20.074,5

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Como se pode observar no mesmo gráfico, nos meses de maior incidencia das mareas negras do Prestige, as cantidades vendidas nestas lonxas de altura non parecen ter sufrido cambios drásticos respecto do que habitualmente acontecía neses mesmos meses do ano, ocorrendo todo o contrario nas cantidades comercializadas nas lonxas de litoral. Nestas lonxas de litoral, a produción alcanzou mínimos históricos, situándose arredor das 500 toneladas nos meses críticos de decembro de 2002 e xaneiro de 2003.

Cadro 2.2.1.5. Evolución das vendas de peixe e mariscos nas lonxas de litoral de Galicia. 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	4.870,0	3,0	14.633,0	2001	Xn	4.336,5	2,6	11.388,7
	Fb	6.969,3	2,1	14.796,9		Fb	4.358,5	2,8	12.165,0
	Mz	7.342,4	2,1	15.652,0		Mz	4.040,9	2,7	10.970,1
	Ab	6.153,1	2,2	13.298,0		Ab	4.332,1	2,5	10.635,4
	Mi	6.583,5	2,2	14.425,4		Mi	5.394,2	2,2	11.766,9
	Xñ	10.283,7	1,5	15.615,3		Xñ	7.197,2	1,8	12.871,5
	XII	8.467,7	2,1	17.809,9		XII	5.787,4	2,5	14.410,7
	Ag	9.017,1	1,7	15.626,8		Ag	6.562,8	2,4	15.761,0
	St	12.655,9	1,4	17.309,7		St	7.088,3	1,7	12.241,0
	Ou	10.063,2	1,6	16.148,0		Ou	6.643,1	2,2	14.393,7
	No	9.030,0	1,9	16.817,9		No	5.680,6	2,6	14.531,1
	Dc	5.465,4	3,5	19.317,5		Dc	5.393,2	3,4	18.481,0
1999	Xn	4.586,5	2,5	11.684,3	2002	Xn	3.718,0	2,7	10.117,9
	Fb	5.623,6	2,4	13.479,7		Fb	4.192,3	2,3	9.608,0
	Mz	4.841,7	2,8	13.334,4		Mz	4.204,6	2,2	9.082,0
	Ab	5.655,0	2,2	12.451,8		Ab	5.664,5	1,9	10.590,3
	Mi	7.724,1	2,1	15.848,2		Mi	4.624,2	2,0	9.456,2
	Xñ	8.078,4	2,0	16.450,2		Xñ	4.633,5	2,3	10.492,4
	XII	7.385,8	2,2	16.005,8		XII	5.292,3	2,6	13.581,7
	Ag	9.519,5	1,8	17.361,7		Ag	5.222,6	2,9	15.175,1
	St	8.704,5	1,8	15.234,5		St	5.800,0	2,1	12.408,0
	Ou	7.804,6	2,0	15.753,2		Ou	5.694,8	2,6	14.820,1
	No	6.604,8	2,6	17.025,8		No	3.451,1	3,5	12.237,3
	Dc	4.618,2	4,5	20.695,3		Dc	526,0	6,4	3.375,2
2000	Xn	4.436,2	2,9	12.762,9	2003	Xn	453,5	3,0	1.340,4
	Fb	5.514,9	2,4	13.344,0		Fb	1.389,1	3,0	4.128,3
	Mz	5.994,8	2,2	13.199,7		Mz	2.181,5	3,1	6.842,3


Ab	5.061,9	2,0	10.248,5	Ab	2.478,4	3,2	7.814,5
Mi	6.925,4	2,1	14.221,8	Mi	3.088,4	3,2	9.859,5
Xñ	6.162,8	2,1	12.993,4	Xñ	3.749,9	2,4	9.169,1
XII	6.661,8	2,2	14.599,5	XII	5.752,3	2,3	13.067,2
Ag	8.262,1	1,9	15.903,5	Ag	5.446,3	2,3	12.636,2
St	7.086,6	1,8	12.771,9	St	7.226,3	1,9	13.939,5
Ou	6.464,0	2,1	13.649,3	Ou	6.787,1	2,5	16.789,0
No	4.888,6	2,8	13.843,3	No	4.927,7	2,6	12.950,4
Dc	3.428,3	4,6	15.896,4	Dc	3.707,7	5,1	19.034,5

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Os prezos mensuais medios das lonxas de altura tamén mostran diferenzas respecto ás de litoral. En xeral, nas lonxas de altura comercialízanse especies de maior cotización media e con menores oscilacións mensuais que no caso das lonxas de litoral (ver gráfico 5).

Para os produtos das lonxas de altura os prezos ao longo do período de análise oscilaron, en termos monetarios reais, entre os 2 €-03 por quilogramo ata 4,2 €-03 por quilogramo. En liñas xerais tamén mostran tendencias cíclicas, alcanzando máximos nos meses de decembro e mínimos nos de marzo.

Gráfico 2.2.1.4. Evolución mensual das vendas (toneladas) nas lonxas de altura e litoral. 1998-03.




Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Os prezos mensuais das lonxas de litoral presentaron maiores oscilacións ao longo do período, desde mínimos arredor de 1,5 €-03 por quilogramo ata máximos de 6,4 €-03 por quilogramo alcanzado en plena crise do Prestige (decembro de 2002). A evolución cíclica destes prezos tamén é perfectamente observable (gráfico 5), alcanzando habitualmente as cotizacións mínimas nos meses de maio, xuño e setembro (arredor dos 2 €-03 por quilogramo) e as máximas nos meses de decembro (arredor dos 4 €-03 por quilogramo).

Debemos salientar o bo comportamento dos prezos nas lonxas de litoral durante os meses de maior incidencia das paradas da actividade como consecuencia das mareas negras. Así, nos meses que van de novembro de 2002 a maio de 2003, os prezos medios en primeira venda foron moi superiores ao habitual. Porén, este fenómeno non afectou ás lonxas de altura, onde os prezos continuaron a súa tendencia descendente en termos monetarios reais (de feito, é en abril de 2003 cando se alcanza o prezo medio mensual mínimo de toda a serie considerada, 2,0 €-03 por quilogramo).

Gráfico 2.2.1.5. Evolución mensual dos prezos (€-03 por quilogramo) nas lonxas de altura e litoral. 1998-03.




Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cos datos da evolución mensual da produción pesqueira e marisqueira galega comercializada por lonxa e cos prezos de primeira venda, podemos representar a evolución dos ingresos alcanzados para os dous grupos de lonxas (ver gráfico 6).

Podemos comprobar que, en termos monetarios constantes, desde o ano 1998 as lonxas que cualificamos como de altura mantiveron os seus ingresos mensuais bastante estables, oscilando nunha banda que vai desde os 15 aos 22 millóns de €-03 mensuais. A combinación de cantidades e prezos fai que os meses en que habitualmente se alcanzan maiores niveis de ingresos sexan os de marzo, xullo e decembro; mentres que os meses de menores ingresos se alcanzan en xaneiro, febreiro, setembro e outubro.

Pola súa parte, o grupo das lonxas de litoral presenta maior variabilidade mensual nos niveis de ingresos. En xeral, os catro primeiros meses de cada ano adoitan ser os de menores niveis de ingresos (arredor dos 11 millóns de €-03 mensuais), mentres que, excepto para o ano 2002, os máximos sempre se alcanzan no mes de decembro (normalmente factúrase nestas lonxas por encima dos 18 millóns de €-03. A incidencia negativa do desastre do Prestige sobre os ingresos derivados da actividade pesqueira e marisqueira nas lonxas de litoral salta á vista no gráfico 5. Así, a pesar do bo comportamento dos prezos durante os meses máis críticos, o descenso nos niveis medios de ingresos mensuais é patente.

Gráfico 2.2.1.6. Evolución mensual dos ingresos (miles de €-03) nas lonxas de altura e litoral. 1998-03.



Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Dada a alta incidencia dos cesamentos de actividade sobre os ingresos das lonxas de litoral, podemos establecer un segundo referente sobre o que poderíamos considerar situación normal da produción pesqueira do marisqueo e pesca do litoral en Galicia. Neste caso estaríamos falando dun escenario de mínimos pois, como sabemos, nas lonxas de altura tamén se comercializan en primeira venda produtos procedentes da explotación de recursos próximos posiblemente afectados polo desastre do Prestige.

Adoptando o mesmo criterio que para o total da produción que pasa por lonxa, podemos debuxar un escenario cero para a pesca e marisqueo das lonxas de altura e das de litoral a partir do media dos resultados alcanzados nas 4 últimas observacións mensuais dispoñibles antes do incidente do petroleiro. Novamente, para os meses de xaneiro a outubro, a media mes a mes dos anos 1999, 2000, 2001 e 2002. Para os meses de novembro e decembro, a media mensual dos anos 1998, 1999, 2000 e 2001. Os resultados destas operacións sintetízanse nos cadros 6 e 7.

Como podemos ver, utilizando esta metodoloxía, os valores tendencia para as vendas nas lonxas de altura sitúase en algo máis de 75.000 toneladas que reportaron unha media de case 222 millóns de €-03. Nun mes estándar, facturáronse unhas 6.300 toneladas a un prezo de 2,94 €-03 por quilogramo, o que supón uns 18,5 millóns de €-03 mensuais. Como xa observamos nas representacións gráficas, o mes de maior volume de facturación adoita ser marzo e os de maiores ingresos inclúen marzo pero tamén xullo e decembro.

Cadro 2.2.1.6. Valores tendencia das vendas en lonxas de altura.
(media das 4 últimas observacións mensuais antes do Prestige).

Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
Xaneiro	4.757,5	3,37	16.047,0
Febreiro	6.373,6	2,74	17.434,3
Marzo	8.045,8	2,50	20.099,2
Abril	6.929,8	2,60	18.034,3
Maio	6.767,1	2,80	18.934,7
Xuño	6.567,7	2,87	18.878,4

Xullo	6.766,7	2,98	20.172,5
Agosto	6.342,6	2,98	18.882,0
Setembro	5.902,1	3,02	17.852,0
Outubro	5.731,6	2,95	16.926,2
Novembro	5.863,8	3,16	18.514,8
Decembro	5.403,3	3,74	20.212,6
Media mensual	6.287,6	2,94	18.499,0
Media anual	75.451,6	2,94	221.988,1

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Produción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Os valores tendencia das catro últimas observacións antes do Prestige para as lonxas de litoral reflíctense no cadro 7. Seguindo esta metodoloxía, un ano normal nestas lonxas suporía un volume de produtos comercializados en primeira venda algo superior ás 70.000 toneladas, que se cotizarían a un prezo medio de 2,34 €-03 por quilogramo e reportarían unha facturación anual de case 165 millóns de €-03. Como adiantamos na análise gráfica, as variacións na produción mensual son aquí máis acusadas. Habitualmente, os peores meses do ano son os de inverno, incrementándose notablemente a produción física nos meses de verán. Como consecuencia do comportamento dos prezos no mes de decembro, este adoita ser con diferenza o mes de maior volume de ingresos.

Cadro 2.2.1.7. Valores tendencia das vendas en lonxas de litoral. (media das 4 últimas observacións mensuais antes do Prestige).

Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
Xaneiro	4.269,3	2,69	11.488,5
Febreiro	4.922,3	2,47	12.149,2
Marzo	4.770,5	2,44	11.646,5
Abril	5.178,4	2,12	10.981,5
Maio	6.167,0	2,08	12.823,3
Xuño	6.518,0	2,03	13.201,9
Xullo	6.281,8	2,33	14.649,4
Agosto	7.391,7	2,17	16.050,3
Setembro	7.169,8	1,84	13.163,9
Outubro	6.651,6	2,20	14.654,1
Novembro	6.551,0	2,37	15.554,5
Decembro	4.726,3	3,93	18.597,6

Media mensual	5.883,2	2,34	13.746,7
Media anual	70.597,9	2,34	164.960,6

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.


O escenario cero para a estimación indirecta das perdas de produción pesqueira e marisqueira por grandes comarcas.

As paradas da actividade pesqueira e marisqueira resultantes da catástrofe do Prestige non tiveron a mesma incidencia en todo o litoral galego. Lembremos que ben que a zona da Costa da Morte practicamente parou gran parte da súa actividade durante meses desde a segunda quincena de outubro de 2002, outras zonas como a das Rías Baixas ou A Mariña Luguesa sufriron menos paros forzosos. Entendemos que a diferenciación xeográfica por grandes comarcas costeiras nos pode achegar unha información útil á hora de avaliar os distintos graos de incidencia da marea negra na produción pesqueira e marisqueira.

Para realizarmos este exercicio propuxémonos dividir a costa galega en cinco grandes comarcas costeiras que denominamos: A Mariña-Ortega, A Coruña-Ferrol, Costa da Morte, Noia-Arousa e Pontevedra-Vigo. A composición de cada unha delas pódese observar no gráfico 7²⁴.

Gráfico 2.2.1.7. Distribución comarcal da zona costeira de Galicia.

²⁴ Estamos utilizando a definición das comarcas no sentido administrativo e xeográfico definido no Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Xunta de Galicia, 2004.



Fonte: Elaboración propia a partir de Xunta de Galicia. Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia (www.pdc.es).

Esta división xeográfica non é aleatoria, pois responde non só a criterios xeográficos senón que tamén ás similitudes existentes dentro de cada gran comarca no tipo de frota pesqueira e a variedade de recursos explotados en cada unha das zonas²⁵.

Os datos sobre a evolución da produción (en peso e valor en unidades monetarias constantes) e os prezos alcanzados en primeira venda en cada unha destas grandes comarcas costeiras galegas durante o período 1998-2003, pode observarse con detalle nos cadros 15 ao 22 do anexo.

No caso da gran comarca da Mariña-Ortegal, os principais portos son os de Celeiro, Burela e Cariño. Nos dous primeiros comercialízanse tamén produtos procedentes da pesca de altura. Aplicando a mesma metodoloxía que para o total de

²⁵ Véxanse puntos anteriores deste traballo, onde se realizou unha descrición sintética da frota e a produción pesqueira en cada zona ecoxeográfica de Galicia.

Galicia (media das catro últimas observacións mensuais antes do Prestige), teremos dous referentes sobre a produción mensual nesta zona, un considerando o total, e o outro considerando as lonxas onde exclusivamente se venden produtos orixinarios do marisqueo ou da frota de litoral (neste caso non tendo en conte as lonxas de Celeiro e de Burela). Os resultados poden observarse no cadro 8.

Cadro 2.2.1.8. Valores medios das vendas en lonxas da Mariña-Ortegal.
(media das 4 últimas observacións mensuais antes do Prestige).

Media total de lonxas				Media lonxas de litoral			
Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€/kg)	Valor (1000 €-03)	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€/kg)	Valor (1000 €-03)
Xaneiro	1.723,1	3,38	5.816,0	Xaneiro	141,6	2,75	389,6
Febreiro	2.345,2	2,74	6.416,0	Febreiro	70,7	4,86	343,3
Marzo	2.923,2	2,45	7.165,0	Marzo	58,8	6,11	359,8
Abril	2.841,8	2,39	6.794,0	Abril	191,8	1,84	352,4
Maio	2.669,8	2,79	7.450,2	Maio	231,2	1,81	419,0
Xuño	2.727,6	2,97	8.097,3	Xuño	207,5	2,24	465,5
Xullo	2.874,9	2,94	8.448,3	Xullo	196,2	2,45	480,0
Agosto	2.802,3	2,99	8.372,4	Agosto	191,1	3,12	596,2
Setembro	2.505,9	2,83	7.103,6	Setembro	225,0	1,82	409,9
Outubro	2.686,2	2,41	6.483,8	Outubro	325,7	1,28	416,3
Novembro	2.330,1	2,96	6.904,4	Novembro	216,3	2,08	450,0
Decembro	1.865,8	3,93	7.328,9	Decembro	181,4	3,55	643,7
Media Mensual	2.524,6	2,85	7.198,3	Media mensual	186,4	2,38	443,8
Media Anual	30.295,7	2,85	86.380,0	Media anual	2.237,3	2,38	5.325,6

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

O mesmo procedemento repetiuse para o resto das grandes comarcas costeiras anteriormente definidas.

No caso da comarca A Coruña-Ferrol os portos de maior importancia son os da Coruña e Sada, e os produtos das frotas de altura comercialízanse en catro puntos de venda do porto da Coruña: Arpega, Arpenor, OPP-13 e Subastadores. Os resultados de calcular os valores medios mensuais das catro últimas observacións para ambos os casos, o total, e soamente o das lonxas de litoral, pódese observar no cadro 9.

Cadro 2.2.1.9. Valores medios das vendas en lonxas da Coruña-Ferrol.
(media das 4 últimas observacións mensuais antes do Prestige).

Media total de lonxas				Media lonxas de litoral			
Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€/kg)	Valor (1000 €-03)	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€/kg)	Valor (1000 €-03)
Xaneiro	1.873,7	3,01	5.644,2	Xaneiro	489,1	3,50	1.713,8
Febreiro	2.410,4	2,54	6.110,6	Febreiro	566,4	3,72	2.107,9
Marzo	2.975,2	2,34	6.953,3	Marzo	459,8	4,83	2.223,1
Abril	2.376,8	2,58	6.124,2	Abril	580,2	3,56	2.068,3
Maio	2.480,0	2,75	6.816,5	Maio	711,2	3,08	2.190,3
Xuño	2.314,2	2,83	6.559,7	Xuño	720,5	3,08	2.220,9
Xullo	2.475,0	3,07	7.586,6	Xullo	859,7	3,09	2.658,6
Agosto	2.298,7	3,06	7.028,9	Agosto	840,3	3,25	2.732,7
Setembro	2.246,0	2,96	6.645,4	Setembro	910,5	2,84	2.589,0
Outubro	1.998,4	3,03	6.061,4	Outubro	825,5	2,92	2.406,7
Novembro	2.223,6	3,03	6.737,3	Novembro	681,7	3,48	2.369,5
Decembro	2.050,2	3,95	8.099,2	Decembro	598,4	5,52	3.302,5
Media Mensual	2.310,2	2,90	6.697,3	Media mensual	687,0	3,47	2.381,9
Media Anual	27.722,1	2,90	80.367,0	Media anual	8.243,6	3,47	28.583,2

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estadísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Tal e como definimos a composición das grandes comarcas costeiras, as de Costa da Morte e Noia-Arousa non dispoñen de produción procedente de frota de altura. Así, podemos considerar que todos os produtos que pasaron para a súa primeira venda nas lonxas dos portos destas comarcas corresponden a produción orixinaria de recursos naturais próximos (do marisqueo ou da pesca costeira). O resultado de calcular os datos medios mensuais pódense contemplar nos cadros 10 e 11. No caso da comarca Costa da Morte, en principio a máis afectada pola contaminación, os portos máis significativos son os de Malpica, Camariñas, Muros, Laxe, Fisterra e Corme. Para a comarca de Noia Arousa, as lonxas máis importantes son as que se sitúan nos portos de Portosín, Ribeira, A Illa de Arousa, O Grove e Cambados.

Cadro 2.2.1.10. Valores medios das vendas en lonxas de Costa da Morte.
(media das 4 últimas observacións mensuais antes do Prestige).

	Media total de lonxas		
Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€- 03/kg)	Valor (1000 €- 03)
Xaneiro	661,2	2,22	1.469,8
Febreiro	606,5	2,25	1.365,7
Marzo	575,4	2,18	1.256,4
Abril	1.034,6	1,40	1.451,0
Maio	1.321,6	1,30	1.715,3
Xuño	1.394,2	1,31	1.829,7
Xullo	1.014,0	1,73	1.758,4
Agosto	1.218,2	1,71	2.086,1
Setembro	1.020,3	1,37	1.400,4
Outubro	1.010,4	1,45	1.463,3
Novembro	854,0	1,61	1.373,5
Decembro	628,9	2,39	1.503,4
Media Mensual	944,9	1,65	1.556,1
Media Anual	11.339,3	1,65	18.673,1

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.1.11. Valores medios das vendas en lonxas de Noia- Arousa.
(media das 4 últimas observacións mensuais antes do Prestige).

	Media total de lonxas		
Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€- 03/kg)	Valor (1000 €- 03)
Xaneiro	2.279,5	2,17	4.940,9
Febreiro	2.852,7	1,86	5.313,9
Marzo	2.846,4	1,75	4.971,9
Abril	2.661,9	1,77	4.723,9
Maio	2.920,2	1,94	5.665,5
Xuño	3.417,4	1,79	6.127,3
Xullo	3.479,2	1,91	6.642,6
Agosto	4.176,8	1,68	7.008,8
Setembro	4.195,4	1,43	6.006,9
Outubro	3.504,4	1,96	6.879,9
Novembro	3.848,6	1,91	7.358,9
Decembro	2.408,4	3,43	8.257,9
Media Mensual	3.215,9	1,91	6.158,2
Media Anual	38.590,9	1,91	73.898,3

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Os portos máis significativos da gran comarca de Pontevedra-Vigo son os de Vigo, Marín, Portonovo e Bueu. Nesta zona tamén existe unha frota de altura que comercializa parte da súa produción nos portos de Marín (puntos de venda de Pescados Touza e San Miguel) e de Vigo (puntos de venda Asociación de Vendedores e Pescados Cabaleiro). Tal e como nos mostra o cadro 12, as diferenzas entre a situación media total e a de litoral é considerable.

Cadro 2.2.1.12. Valores medios das vendas en lonxas de Pontevedra-Vigo.
(media das 4 últimas observacións mensuais antes do Prestige).


Media total de lonxas				Media lonxas de litoral			
Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€/kg)	Valor (1000 €-03)	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€/kg)	Valor (1000 €-03)
Xaneiro	2.489,4	3,88	9.664,6	Xaneiro	697,9	4,26	2.974,3
Febreiro	3.081,0	3,37	10.377,3	Febreiro	826,0	3,65	3.018,4
Marzo	3.496,2	3,26	11.399,1	Marzo	830,1	3,42	2.835,3
Abril	3.193,2	3,11	9.922,7	Abril	709,9	3,36	2.385,9
Maio	3.542,5	2,85	10.110,4	Maio	982,8	2,88	2.833,2
Xuño	3.232,2	2,93	9.466,3	Xuño	778,3	3,29	2.558,5
Xullo	3.205,5	3,24	10.386,1	Xullo	732,7	4,24	3.109,8
Agosto	3.238,2	3,22	10.436,2	Agosto	965,2	3,76	3.626,6
Setembro	3.104,3	3,18	9.859,7	Setembro	818,7	3,37	2.757,7
Outubro	3.183,8	3,36	10.691,8	Outubro	985,7	3,54	3.487,8
Novembro	3.158,6	3,70	11.695,3	Novembro	950,3	4,21	4.002,7
Decembro	3.176,3	4,29	13.620,8	Decembro	909,2	5,38	4.890,1
Media Mensual	3.175,1	3,35	10.635,9	Media mensual	848,9	3,78	3.206,7
Media Anual	38.101,3	3,35	127.630,2	Media anual	10.186,8	3,78	38.480,4

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estadísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

No gráfico 8 resúmense os resultados da produción media anual de cada gran comarca marítima considerada (en termos monetarios constantes) seguindo o procedemento descrito. Como podemos observar, os maiores ingresos totais medios prodúcense na comarca de Pontevedra-Vigo (a produción media anual elévase a máis de 38.000 toneladas e 127,6 millóns de €-03) e os menores na da Costa da Morte (11.000 toneladas anuais pero de especies vendidas a prezos máis baixos que a media do conxunto de Galicia, polo que esta produción só significaba cerca de 19 millóns de €-03

anuais). O resto das comarcas están máis igualadas, comercializando produtos pesqueiros en lonxa por valores anuais comprendidos entre os 73,9 millóns de €-03 (caso de Noia-Arousa) e os 86, 4 millóns de €-03 (caso da Mariña-Ortegal).

Gráfico 2.2.1.8. Ingresos medios totais e de litoral por gran comarca.



Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estadísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Porén, mentres a totalidade da produción comercializada en lonxa nas comarcas de Costa da Morte e Noia-Arousa é considerada de litoral, unha boa parte da produción do resto das comarcas (A Mariña-Ortegal, A Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo) comercialízase nas lonxas de altura.

Polo tanto, no caso de Costa da Morte e Noia-Arousa, a estimación das posibles perdas tomará como único referente a situación media exposta nos anteriores cadros. No resto das comarcas (onde hai produción da pesca de altura), a estimación das posibles perdas produtivas como consecuencia do desastre do Prestige estará sometida a unha hipótese de mínimos, que nos virá dada polas comparacións co escenario configurado polo que denominamos media de lonxas de litoral.

O escenario cero para a estimación indirecta das perdas de produción acuícola.

Como xa comentamos, a produción procedente da acuicultura mariña en Galicia susténtase principalmente en dúas grandes actividades: a produción de mexillón en batea (miticultura) e o cultivo piscícola de rodaballo.

No primeiro caso, desde hai anos, o sector produtivo do mexillón conta cada vez cunha maior organización asociativa, o que lles permite facer un seguimento e control da oferta no mercado. Actualmente en Galicia existen tres grandes federacións de asociacións de produtores: A Organización de Produtores de Mexillón de Galicia (OPMEGA), a Federación de Mexilloeiros de Arousa e Norte e a Asociación Galega de Mexilloeiros. Aínda que tamén existen asociacións independentes, estas federacións realizan controis de calidade e logran regular a oferta dos seus asociados co fin de protexerse dos baixos prezos.

Ao contrario que no caso da pesca e marisqueo, aquí non contamos con datos oficiais de vendas mensuais por tipo de produto. Normalmente distínguese entre o mexillón con destino ao mercado do consumo en fresco (de maior prezo) e aquel que se destina á transformación industrial (conservas). Pola súa vez, dentro do mercado de fresco pódense diferenciar categorías e calidades (especial, normal, etc.).

A evolución temporal da produción de mexillón de batea está moi condicionada pola presenza ou non das toxinas no mar que impiden a súa extracción e comercialización (coñecidas como mareas vermellas), cuxa presenza é máis frecuente nos meses finais de cada ano. De acordo cos datos subministrados pola principal federación de produtores, nos anos 2002 e 2003 a produción de mexillón estivo notablemente condicionada polas mareas vermellas²⁶. En ambos os anos puido afectar arredor do 25% da produción física, fronte a unha afectación comprendida entre o 12%, no ano 2001, e o 18% dos anos anteriores (1999 e 2000).

Estes datos aconsellan formular un escenario de referencia para o segmento da produción mitícola que, ademais de contemplar os anos anteriores a 2003, tamén combine observacións en que se recollan os resultados dun ano relativamente bo e doutro malo en canto á incidencia dos cerramentos dos polígonos de bateas motivados

²⁶ Véxase memoria anual de OPMEGA (2004) relativa ao ano 2003.

pola presenza das toxinas. Entendemos que estas condicións se cumpren se consideramos como datos de referencia a media dos resultados correspondentes aos anos 2002 e 2003 que se amosan no cadro 13²⁷.

Cadro 2.2.1.13. Escenario de referencia para a produción do mexillón de batea en Galicia.

	Toneladas	Valor (miles € corr.)	Prezo (€/kg)	Valor (miles €-03)	Prezo (€-03/kg)
2001	242.833,0	129.364,3	0,533	138.181,8	0,569
2002	256.626,7	149.870,0	0,584	154.478,2	0,602
Media 01-02	249.729,9	139.617,2	0,559	146.330,0	0,586

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: www.MAPe.es/jacumar; e Organización de Produtores Mexilloeiros de Galicia (OPMEGA).

A piscicultura de rodaballo ten evidentes diferenzas coa produción de mexillón en bateas. En termos xerais esta actividade non está sometida a tantos riscos naturais como a anterior pois, en realidade, a auga do mar utilízase unicamente para encher as cubas de engorde.

Os produtores están agrupados na Asociación de Produtores de Rodaballo de Galicia (AROGA), composta por un número reducido de socios pois a produción está moi concentrada en poucas empresas²⁸.

A marea negra apenas afectou directamente a produción²⁹, polo que, ao igual que no anterior caso, parece aconsellable tomar como escenario de referencia os dous anos anteriores a 2003. Este escenario de referencia resúmese no cadro 14.

²⁷ Como veremos máis adiante, de acordo coa información subministrada polo propio sector, a produción de mexillón en 2002 tan só se viu afectada indirectamente polo derramo de cru, ao terse que pospoñer a 2003 a comercialización de parte da produción.

²⁸ Entre elas destaca a multinacional Stolt Sea Farm, que baixo a súa filial Prodemar ten en activo en Galicia dúas plantas de cría de alevíns e cinco granxas de engorde, producindo as dúas terceiras partes do rodaballo cultivado galego. Desde lonxe séguela Insuiña (pertencente ao grupo Pescanova), que dispón dun criadoiro de rodaballo e dorada, unha planta de preengorde e outra de engorde.

²⁹ Unha granxa de engorde de rodaballo de Porto do Son parece que perdeu parte da súa produción (unhas 11 toneladas de rodaballo) ao absorber do mar auga petroleada que contaminou os seus 49 tanques de engorde. Esta empresa tivo que paralizar a súa actividade durante varios meses tras o desastre. El Correo Gallego, mércores 10 de novembro de 2004 (elcorreogalego.es).

Cadro 2.2.1.14. Escenario de referencia para a produción piscícola de rodaballo en Galicia.

	Toneladas	Valor (miles € corr.)	Prezo (€/kg)	Valor (miles €-03)	Prezo (€-03/kg)
2001	3.226,10	26.204,90	8,123	27.991,10	8,676
2002	3.237,30	28.676,40	8,858	29.571,10	9,135
Media 01-02	3.231,70	27.440,65	8,491	28.781,10	8,906

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: www.MAPea.es/jacumar; e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia.

ANEXO: Evolución mensual de vendas en lonxa de peixe e mariscos por grandes comarcas en Galicia.

Cadro 2.2.1.15. Evolución mensual das vendas de peixe e mariscos nas lonxas da Mariña e Ortegal. 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	1.041,2	3,2	3.376,7	2001	Xn	2.069,2	3,6	7.503,6
	Fb	1.999,5	2,4	4.881,6		Fb	2.626,9	2,9	7.502,2
	Mz	3.490,9	1,7	5.774,4		Mz	2.797,2	2,9	8.217,4
	Ab	2.651,8	2,3	6.138,4		Ab	2.886,9	2,4	6.984,6
	Mi	2.793,4	2,1	5.825,2		Mi	2.790,0	2,8	7.716,6
	Xñ	2.370,1	3,1	7.357,8		Xñ	2.994,3	2,7	8.018,3
	XII	2.405,9	3,7	8.893,7		XII	3.119,3	2,5	7.820,2
	Ag	2.866,4	2,8	8.103,4		Ag	2.928,1	2,8	8.196,5
	St	3.010,2	3,3	9.817,3		St	2.741,6	2,5	6.924,4
	Ou	1.959,6	3,3	6.496,6		Ou	3.318,3	2,1	7.009,4
	No	1.616,3	3,5	5.657,9		No	3.560,4	2,1	7.633,6
	Dc	2.095,9	3,7	7.732,8		Dc	2.164,4	3,7	7.968,3
1999	Xn	1.376,2	3,3	4.509,7	2002	Xn	2.152,1	2,4	5.178,7
	Fb	1.721,7	3,5	5.986,2		Fb	2.173,9	2,2	4.736,3
	Mz	2.533,2	2,7	6.723,4		Mz	2.844,2	1,8	5.155,0
	Ab	2.109,9	2,6	5.527,4		Ab	3.564,6	1,9	6.895,3
	Mi	1.962,5	3,2	6.311,2		Mi	2.711,2	2,4	6.393,0
	Xñ	2.346,7	3,6	8.552,1		Xñ	2.562,8	2,5	6.404,2
	XII	2.594,4	3,5	8.958,6		XII	2.906,5	2,7	7.749,4
	Ag	2.250,9	3,9	8.667,3		Ag	2.412,7	2,7	6.447,8
	St	2.139,0	3,4	7.256,9		St	2.523,8	2,5	6.204,3
	Ou	2.188,3	2,8	6.183,4		Ou	2.558,6	2,0	5.061,9
	No	2.071,2	3,3	6.922,8		No	2.233,0	2,3	5.047,1
	Dc	1.829,5	4,3	7.782,3		Dc	1.663,6	3,7	6.125,8
2000	Xn	1.294,7	4,7	6.071,9	2003	Xn	1.590,3	3,6	5.707,2
	Fb	2.858,5	2,6	7.439,4		Fb	2.683,5	2,0	5.271,2
	Mz	3.518,0	2,4	8.564,2		Mz	3.606,2	1,7	6.255,7
	Ab	2.805,6	2,8	7.768,9		Ab	4.221,2	1,3	5.662,1
	Mi	3.215,4	2,9	9.380,1		Mi	2.930,1	2,0	5.966,8
	Xñ	3.006,8	3,1	9.414,8		Xñ	2.354,6	2,6	6.139,0
	XII	2.879,2	3,2	9.265,0		XII	2.960,5	2,8	8.264,7
	Ag	3.617,5	2,8	10.178,2		Ag	2.428,7	3,1	7.582,7
	St	2.619,1	3,1	8.028,7		St	2.612,5	2,8	7.233,2
	Ou	2.679,6	2,9	7.680,4		Ou	2.610,9	2,4	6.280,2
	No	2.072,4	3,6	7.403,2		No	2.491,8	1,9	4.764,4
	Dc	1.373,5	4,2	5.832,4		Dc	1.897,7	3,8	7.155,8

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.1.16. Evolución mensual das vendas de peixe e mariscos nas lonxas de litoral da Mariña e Ortegal (Sen Burela e Celeiro). 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	143,8	3,8	547,0	2001	Xn	167,6	2,4	395,1
	Fb	142,8	4,0	570,1		Fb	84,2	4,9	415,0
	Mz	197,1	2,4	475,6		Mz	58,9	6,1	359,9
	Ab	281,4	1,7	489,0		Ab	246,7	2,1	528,0
	Mi	188,9	2,1	393,2		Mi	148,3	3,0	446,5
	Xñ	440,2	1,5	675,7		Xñ	276,4	1,8	496,5
	XII	290,6	2,0	574,9		XII	210,8	2,2	467,2
	Ag	485,5	1,9	921,4		Ag	269,0	2,3	620,7
	St	633,0	2,8	1.790,9		St	347,1	1,3	453,5
	Ou	291,1	1,6	461,3		Ou	536,5	1,0	548,8
	No	191,7	2,6	496,4		No	306,9	1,4	443,4
	Dc	282,4	2,7	758,5		Dc	164,1	3,2	530,5
1999	Xn	176,9	2,6	462,6	2002	Xn	115,0	2,9	331,3
	Fb	86,6	5,3	455,7		Fb	32,0	5,6	180,8
	Mz	85,6	6,1	520,5		Mz	34,3	7,2	247,1
	Ab	222,7	1,8	391,2		Ab	156,2	1,7	271,7
	Mi	294,8	1,9	547,6		Mi	244,8	1,4	337,7
	Xñ	222,0	2,9	634,8		Xñ	211,5	1,7	356,7
	XII	171,3	3,1	536,2		XII	204,4	2,4	498,0
	Ag	87,2	5,8	509,1		Ag	219,4	2,5	550,1
	St	120,6	2,6	316,4		St	300,1	1,7	522,8
	Ou	243,6	1,8	434,8		Ou	283,5	1,3	361,2
	No	203,5	2,5	509,1		No	273,5	1,6	425,3
	Dc	137,2	5,2	718,1		Dc	188,7	4,7	890,7
2000	Xn	106,8	3,5	369,5	2003	Xn	39,3	8,3	326,4
	Fb	79,8	4,0	321,7		Fb	58,9	6,8	399,1
	Mz	56,5	5,5	311,5		Mz	65,5	7,1	462,5
	Ab	141,5	1,5	218,6		Ab	114,7	3,6	411,5
	Mi	236,9	1,5	344,2		Mi	250,2	1,8	444,4
	Xñ	120,0	3,1	374,0		Xñ	182,1	2,2	393,7
	XII	198,2	2,1	418,4		XII	193,2	2,5	486,1
	Ag	188,9	3,7	704,7		Ag	136,7	3,5	473,2
	St	132,1	2,6	347,0		St	237,4	1,6	369,3
	Ou	239,1	1,3	320,5		Ou	193,5	1,4	271,9
	No	163,1	2,2	351,0		No	223,2	1,5	323,6
	Dc	142,1	4,0	567,7		Dc	84,5	5,5	461,3

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.1.17. Evolución mensual das vendas de peixe e mariscos nas lonxas de
Coruña-Ferrol. 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	2.818,4	3,0	8.371,1	2001	Xn	1.617,9	3,2	5.171,1
	Fb	3.381,1	2,6	8.695,2		Fb	2.252,9	2,7	5.982,0
	Mz	3.859,2	2,5	9.670,9		Mz	3.018,5	2,3	6.911,2
	Ab	3.989,4	2,4	9.557,6		Ab	1.999,3	2,7	5.434,7
	Mi	3.387,6	2,5	8.342,5		Mi	2.438,2	2,7	6.540,1
	Xñ	3.699,4	2,4	8.927,2		Xñ	2.360,2	2,4	5.651,5
	XII	3.626,7	2,6	9.543,8		XII	2.481,7	2,8	6.890,3
	Ag	3.238,0	2,4	7.754,5		Ag	2.371,7	3,0	7.057,1
	St	2.776,4	2,6	7.206,3		St	2.230,1	2,8	6.132,9
	Ou	2.343,9	2,4	5.592,7		Ou	2.097,9	2,9	6.115,6
	No	2.546,1	2,9	7.491,0		No	1.754,6	3,3	5.803,1
	Dc	2.628,8	3,5	9.085,2		Dc	1.739,2	4,4	7.690,5
1999	Xn	2.111,3	2,7	5.790,2	2002	Xn	1.631,8	3,2	5.265,4
	Fb	2.799,6	2,5	6.969,6		Fb	1.722,5	2,7	4.619,2
	Mz	3.795,7	2,3	8.702,4		Mz	2.157,2	2,4	5.278,2
	Ab	2.740,2	2,6	7.101,2		Ab	2.210,2	2,6	5.834,3
	Mi	2.906,6	2,7	7.946,0		Mi	2.074,1	2,9	6.048,0
	Xñ	2.718,6	3,0	8.277,2		Xñ	1.948,7	3,0	5.922,3
	XII	2.946,7	2,9	8.600,7		XII	2.051,5	3,7	7.510,8
	Ag	2.515,5	3,1	7.683,8		Ag	1.788,8	3,6	6.393,4
	St	2.404,5	3,2	7.717,0		St	1.987,5	3,1	6.232,4
	Ou	2.262,9	3,0	6.868,4		Ou	1.974,4	3,0	5.943,9
	No	2.945,6	2,7	8.037,2		No	1.373,6	3,5	4.760,4
	Dc	2.216,9	4,0	8.774,9		Dc	1.173,3	4,3	5.039,6
2000	Xn	2.133,7	3,0	6.349,9	2003	Xn	863,4	3,8	3.255,3
	Fb	2.866,7	2,4	6.871,6		Fb	1.088,9	3,3	3.606,3
	Mz	2.929,4	2,4	6.921,7		Mz	1.267,6	3,2	4.012,0
	Ab	2.557,4	2,4	6.126,5		Ab	1.482,4	3,3	4.919,6
	Mi	2.500,9	2,7	6.731,9		Mi	1.749,8	3,5	6.194,5
	Xñ	2.229,2	2,9	6.387,6		Xñ	1.862,3	2,7	5.082,3
	XII	2.420,2	3,0	7.344,4		XII	2.459,3	2,5	6.075,5
	Ag	2.518,8	2,8	6.981,1		Ag	1.713,2	2,9	5.048,3
	St	2.362,1	2,8	6.499,2		St	2.545,9	2,7	6.999,6
	Ou	1.658,4	3,2	5.317,8		Ou	2.126,7	2,5	5.325,2
	No	1.648,0	3,4	5.617,8		No	1.706,2	2,7	4.631,5
	Dc	1.615,7	4,2	6.846,2		Dc	1.827,6	4,1	7.505,4

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.1.18. Evolución mensual das vendas de peixe e mariscos nas lonxas de litoral de Coruña e Ferrol (Sen A Coruña: Arpega, Arpenor, OPP-13 e Poxadores). 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	836,0	4,3	3.562,8	2001	Xn	463,5	3,3	1.547,0
	Fb	832,4	3,9	3.240,3		Fb	514,9	4,1	2.099,1
	Mz	1.049,0	3,3	3.449,1		Mz	450,2	4,9	2.203,8
	Ab	1.069,8	3,4	3.618,2		Ab	465,4	4,2	1.935,5
	Mi	900,5	3,5	3.134,6		Mi	807,9	3,1	2.492,0
	Xñ	1.009,5	3,0	3.014,1		Xñ	903,4	2,5	2.268,4
	XII	1.176,9	3,0	3.541,3		XII	1.131,5	2,8	3.122,5
	Ag	1.130,1	2,6	2.964,5		Ag	918,5	3,1	2.809,4
	St	863,2	3,1	2.654,8		St	982,7	2,8	2.713,9
	Ou	961,9	2,6	2.483,2		Ou	968,7	2,9	2.818,1
	No	712,6	3,8	2.695,2		No	515,9	3,1	1.611,8
	Dc	653,5	5,5	3.606,1		Dc	561,0	5,3	2.979,3
1999	Xn	511,9	3,5	1.816,8	2002	Xn	422,9	2,6	1.114,4
	Fb	706,4	3,8	2.649,2		Fb	170,4	4,4	753,0
	Mz	608,1	4,6	2.825,2		Mz	118,1	7,2	850,4
	Ab	725,8	3,7	2.651,0		Ab	356,2	2,9	1.032,9
	Mi	967,2	3,0	2.933,2		Mi	348,9	2,4	842,8
	Xñ	770,9	3,7	2.858,9		Xñ	457,0	2,1	965,2
	XII	884,1	3,4	2.972,6		XII	583,7	2,7	1.564,9
	Ag	825,8	4,1	3.359,5		Ag	570,4	2,8	1.615,0
	St	942,6	3,3	3.122,8		St	701,1	2,3	1.633,0
	Ou	1.070,3	3,0	3.158,1		Ou	605,3	2,1	1.248,0
	No	981,2	3,3	3.230,5		No	216,0	3,8	811,9
	Dc	675,4	5,7	3.845,4		Dc	12,2	23,0	280,4
2000	Xn	558,2	4,3	2.377,1	2003	Xn	5,1	19,5	99,4
	Fb	873,8	3,4	2.930,2		Fb	5,6	9,6	53,6
	Mz	663,0	4,5	3.013,1		Mz	28,9	5,4	157,5
	Ab	773,6	3,4	2.653,8		Ab	80,1	8,4	674,6
	Mi	720,9	3,5	2.493,3		Mi	381,0	3,5	1.337,5
	Xñ	750,7	3,7	2.791,2		Xñ	528,8	2,3	1.219,9
	XII	839,7	3,5	2.974,3		XII	821,6	2,3	1.909,1
	Ag	1.046,7	3,0	3.146,8		Ag	550,7	2,8	1.519,6
	St	1.015,7	2,8	2.886,2		St	780,0	2,2	1.709,2
	Ou	657,6	3,7	2.402,6		Ou	701,2	1,8	1.240,0
	No	517,4	3,8	1.940,4		No	572,3	2,0	1.140,3
	Dc	503,6	5,5	2.779,1		Dc	317,8	6,1	1.947,4

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.1.19. Evolución mensual das vendas de peixe e mariscos nas lonxas da Costa da Morte. 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	710,1	2,5	1.796,8	2001	Xn	824,7	1,9	1.566,4
	Fb	926,3	1,8	1.701,4		Fb	673,6	2,2	1.504,4
	Mz	842,2	2,0	1.661,9		Mz	726,6	1,8	1.293,5
	Ab	668,4	1,7	1.149,3		Ab	977,9	1,9	1.866,4
	Mi	1.076,2	1,8	1.971,7		Mi	1.541,4	1,4	2.167,8
	Xñ	1.289,6	1,3	1.629,0		Xñ	2.831,0	1,0	2.913,3
	XII	863,9	2,2	1.916,2		XII	1.117,9	1,7	1.876,1
	Ag	811,9	2,2	1.781,9		Ag	1.253,5	1,7	2.180,9
	St	1.328,1	1,2	1.538,6		St	1.025,3	1,4	1.429,5
	Ou	1.539,6	1,2	1.773,3		Ou	1.271,4	1,4	1.746,6
	No	1.034,1	1,3	1.341,6		No	731,2	2,2	1.573,3
	Dc	631,4	2,3	1.457,3		Dc	870,3	2,1	1.800,4
1999	Xn	633,2	2,2	1.371,5	2002	Xn	708,1	2,3	1.656,1
	Fb	505,4	2,7	1.378,0		Fb	763,8	1,9	1.442,8
	Mz	321,8	3,4	1.096,0		Mz	786,7	1,8	1.442,5
	Ab	857,8	1,5	1.298,2		Ab	1.587,4	1,1	1.734,1
	Mi	1.224,8	1,4	1.657,3		Mi	1.322,4	1,2	1.563,2
	Xñ	895,6	1,8	1.653,7		Xñ	1.008,1	1,5	1.473,3
	XII	907,8	1,7	1.587,1		XII	886,6	2,2	1.948,0
	Ag	1.067,4	1,6	1.665,9		Ag	1.219,5	2,3	2.834,2
	St	885,8	1,5	1.329,7		St	990,1	1,7	1.728,8
	Ou	794,2	1,6	1.291,0		Ou	1.043,9	1,6	1.679,4
	No	764,8	1,8	1.339,9		No	444,3	1,8	795,8
	Dc	325,6	4,4	1.440,1		Dc	0,0	0,0	0,0
2000	Xn	478,7	2,7	1.285,2	2003	Xn	0,0	0,0	0,0
	Fb	483,3	2,4	1.137,7		Fb	10,6	0,7	7,1
	Mz	466,2	2,6	1.193,7		Mz	71,6	1,5	105,0
	Ab	715,5	1,3	905,3		Ab	36,7	3,8	138,3
	Mi	1.197,6	1,2	1.472,8		Mi	63,5	4,3	272,2
	Xñ	842,3	1,5	1.278,5		Xñ	129,3	2,0	254,3
	XII	1.143,7	1,4	1.622,6		XII	1.061,8	1,4	1.516,0
	Ag	1.332,4	1,2	1.663,3		Ag	931,8	1,5	1.407,7
	St	1.179,8	0,9	1.113,5		St	1.264,3	1,3	1.673,1
	Ou	932,0	1,2	1.136,2		Ou	1.267,6	1,4	1.821,5
	No	885,8	1,4	1.239,2		No	923,2	1,5	1.422,0
	Dc	688,2	1,9	1.315,8		Dc	756,1	2,7	2.050,0

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.1.20. Evolución mensual das vendas de peixe e mariscos nas lonxas de
Noia- Arousa. 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	2.264,7	2,5	5.596,3	2001	Xn	2.055,5	2,1	4.242,1
	Fb	3.875,9	1,5	5.765,7		Fb	2.145,3	2,1	4.484,9
	Mz	3.961,7	1,6	6.309,0		Mz	1.907,5	1,9	3.622,6
	Ab	3.168,7	1,6	5.006,9		Ab	1.890,3	1,9	3.670,3
	Mi	3.258,0	1,7	5.621,6		Mi	2.144,8	2,0	4.333,0
	Xñ	6.081,9	1,2	7.037,6		Xñ	2.425,3	2,1	5.010,6
	XII	4.702,5	1,7	7.807,0		XII	2.593,7	2,2	5.694,1
	Ag	5.355,3	1,2	6.397,8		Ag	3.209,0	1,9	6.052,4
	St	7.685,4	1,0	8.042,5		St	4.078,5	1,1	4.613,8
	Ou	5.896,5	1,2	7.068,2		Ou	2.995,8	1,7	5.188,6
	No	6.041,9	1,3	8.125,6		No	3.153,2	2,1	6.640,6
	Dc	2.900,4	3,0	8.585,2		Dc	2.923,5	2,7	7.987,2
1999	Xn	2.445,2	2,0	4.824,4	2002	Xn	2.217,8	2,4	5.240,2
	Fb	3.196,4	1,7	5.497,7		Fb	2.975,5	1,9	5.602,1
	Mz	2.779,0	2,1	5.746,2		Mz	3.062,0	1,7	5.196,6
	Ab	2.980,9	1,8	5.307,1		Ab	3.257,4	1,8	5.915,3
	Mi	4.228,1	1,8	7.746,6		Mi	2.570,7	2,2	5.783,4
	Xñ	5.092,5	1,5	7.627,1		Xñ	2.744,9	2,3	6.212,6
	XII	4.423,4	1,7	7.341,9		XII	3.348,8	2,2	7.404,0
	Ag	6.101,7	1,3	8.037,6		Ag	2.905,0	2,5	7.384,2
	St	5.369,1	1,4	7.570,7		St	3.493,8	1,8	6.188,3
	Ou	4.353,7	1,6	7.117,2		Ou	3.333,4	2,5	8.187,5
	No	3.673,6	2,2	8.029,6		No	2.137,1	3,3	7.116,6
	Dc	2.390,3	4,1	9.791,9		Dc	257,3	5,9	1.515,1
2000	Xn	2.399,4	2,3	5.457,0	2003	Xn	402,5	2,3	908,6
	Fb	3.093,7	1,8	5.670,9		Fb	1.160,4	2,3	2.622,0
	Mz	3.636,9	1,5	5.322,1		Mz	1.686,3	2,3	3.911,7
	Ab	2.518,8	1,6	4.002,8		Ab	1.953,2	2,3	4.506,4
	Mi	2.737,2	1,8	4.799,1		Mi	2.126,3	2,8	6.032,2
	Xñ	3.406,8	1,7	5.658,8		Xñ	2.678,7	2,1	5.646,7
	XII	3.551,0	1,7	6.130,3		XII	3.353,8	2,0	6.674,8
	Ag	4.491,6	1,5	6.560,9		Ag	3.519,6	1,9	6.605,3
	St	3.840,3	1,5	5.654,7		St	4.598,3	1,6	7.528,2
	Ou	3.334,7	2,1	7.026,5		Ou	4.229,1	2,5	10.458,3
	No	2.525,7	2,6	6.639,6		No	2.895,5	2,6	7.498,8
	Dc	1.419,3	4,7	6.667,4		Dc	2.152,9	4,7	10.129,1

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.1.21. Evolución mensual das vendas de peixe e mariscos nas lonxas de Pontevedra-Vigo. 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	2.733,7	3,6	9.741,7	2001	Xn	2.710,1	4,1	11.163,7
	Fb	3.596,9	3,0	10.725,8		Fb	3.276,2	3,5	11.312,9
	Mz	4.334,9	3,1	13.346,4		Mz	3.297,6	3,6	11.796,7
	Ab	3.246,7	3,2	10.416,8		Ab	3.339,6	3,1	10.438,5
	Mi	3.488,4	3,0	10.327,6		Mi	3.252,2	2,8	9.234,9
	Xñ	4.365,3	2,7	11.954,8		Xñ	3.315,7	2,7	9.081,5
	XII	4.215,8	2,8	11.774,9		XII	3.104,1	3,3	10.289,5
	Ag	3.432,8	3,0	10.135,6		Ag	3.071,7	3,4	10.573,6
	St	4.690,5	2,4	11.401,0		St	2.551,3	3,7	9.396,2
	Ou	3.586,7	3,2	11.419,9		Ou	3.024,4	3,7	11.157,2
	No	3.287,4	3,5	11.634,5		No	3.147,9	3,5	11.010,0
	Dc	3.615,9	3,8	13.870,6		Dc	3.054,3	4,3	13.091,5
1999	Xn	2.514,7	3,9	9.800,5	2002	Xn	2.372,8	3,8	9.017,8
	Fb	3.737,3	3,1	11.565,2		Fb	2.338,7	3,8	8.876,4
	Mz	4.111,1	3,2	13.049,1		Mz	2.609,3	3,3	8.715,6
	Ab	3.205,0	3,4	10.843,8		Ab	3.027,3	2,9	8.676,0
	Mi	3.477,4	3,0	10.492,3		Mi	2.958,6	2,9	8.527,3
	Xñ	3.616,8	3,1	11.248,2		Xñ	2.573,8	3,0	7.780,7
	XII	3.618,0	3,3	11.871,7		XII	2.993,4	3,2	9.531,9
	Ag	3.647,8	3,0	10.867,1		Ag	2.855,9	3,6	10.234,1
	St	3.986,8	3,0	11.763,8		St	2.615,4	3,3	8.606,9
	Ou	3.788,3	3,3	12.357,4		Ou	2.816,4	3,6	10.114,5
	No	3.403,2	3,7	12.494,1		No	2.798,2	3,6	10.166,6
	Dc	3.469,2	4,2	14.676,7		Dc	2.603,5	3,4	8.764,5
2000	Xn	2.360,0	3,7	8.676,6	2003	Xn	2.044,7	3,5	7.215,5
	Fb	2.971,7	3,3	9.754,5		Fb	2.523,5	3,2	8.022,1
	Mz	3.967,0	3,0	12.034,8		Mz	3.075,1	3,3	10.128,6
	Ab	3.201,0	3,0	9.732,5		Ab	3.337,9	2,9	9.770,8
	Mi	4.481,8	2,7	12.187,2		Mi	2.947,4	3,0	8.864,7
	Xñ	3.422,7	2,9	9.754,8		Xñ	3.178,2	2,7	8.562,6
	XII	3.106,4	3,2	9.851,0		XII	3.240,3	2,9	9.544,0
	Ag	3.377,6	3,0	10.070,0		Ag	2.618,9	3,1	8.233,7
	St	3.263,9	3,0	9.671,9		St	3.092,8	3,4	10.549,8
	Ou	3.106,2	2,9	9.138,2		Ou	2.990,9	3,3	9.966,4
	No	2.795,7	4,2	11.642,8		No	2.589,0	3,6	9.286,6
	Dc	2.565,9	5,0	12.844,2		Dc	2.686,8	4,6	12.268,7

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.1.22. Evolución mensual das vendas de peixe e mariscos nas lonxas de litoral de Pontevedra-Vigo (Sen Marín, Pescados Touza e San Miguel, e Vigo, As. Vendedores e Pesc. Cabaleiro). 1998-2003.

Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)	Ano	Mes	Vendas (toneladas)	Prezos (€-03/kg)	Valor (1000 €-03)
1998	Xn	915,4	3,4	3.130,0	2001	Xn	825,2	4,4	3.638,2
	Fb	1.191,8	3,0	3.519,4		Fb	940,4	3,9	3.661,6
	Mz	1.292,6	2,9	3.756,4		Mz	897,7	3,9	3.490,1
	Ab	964,8	3,1	3.034,6		Ab	751,9	3,5	2.635,2
	Mi	1.159,9	2,8	3.304,4		Mi	751,8	3,1	2.327,5
	Xñ	1.462,5	2,2	3.259,0		Xñ	761,0	2,9	2.182,8
	XII	1.433,8	2,8	3.970,5		XII	733,5	4,4	3.250,7
	Ag	1.234,3	2,9	3.561,2		Ag	912,9	4,5	4.097,7
	St	2.146,3	1,5	3.283,0		St	654,7	4,6	3.030,4
	Ou	1.374,1	3,2	4.362,1		Ou	870,8	4,7	4.091,6
	No	1.049,7	4,0	4.159,1		No	973,4	4,4	4.262,1
	Dc	997,6	4,9	4.910,4		Dc	874,4	5,9	5.183,6
1999	Xn	819,3	3,9	3.209,0	2002	Xn	254,1	7,0	1.775,9
	Fb	1.128,8	3,1	3.499,0		Fb	250,7	6,5	1.629,4
	Mz	1.047,2	3,0	3.146,5		Mz	203,5	6,6	1.345,3
	Ab	867,9	3,2	2.804,3		Ab	307,4	5,3	1.636,2
	Mi	1.009,2	2,9	2.963,7		Mi	137,3	6,8	929,2
	Xñ	1.097,3	3,3	3.675,6		Xñ	212,0	7,0	1.484,7
	XII	999,1	3,6	3.568,1		XII	268,8	8,1	2.166,7
	Ag	1.437,4	2,6	3.789,6		Ag	308,2	9,1	2.791,5
	St	1.386,4	2,1	2.895,0		St	314,9	7,4	2.335,2
	Ou	1.342,7	2,8	3.752,1		Ou	428,6	7,8	3.344,0
	No	981,7	4,0	3.916,7		No	380,2	8,1	3.087,5
	Dc	1.089,7	4,5	4.899,8		Dc	67,7	10,2	689,1
2000	Xn	893,1	3,7	3.274,1	2003	Xn	6,6	0,9	6,0
	Fb	984,2	3,3	3.283,5		Fb	153,5	6,8	1.046,4
	Mz	1.172,1	2,9	3.359,3		Mz	329,3	6,7	2.205,8
	Ab	912,5	2,7	2.468,0		Ab	293,8	7,1	2.083,7
	Mi	2.032,9	2,5	5.112,4		Mi	267,4	6,6	1.773,2
	Xñ	1.043,0	2,8	2.890,9		Xñ	231,0	7,2	1.654,4
	XII	929,3	3,7	3.453,9		XII	322,0	7,7	2.481,3
	Ag	1.202,4	3,2	3.827,8		Ag	307,5	8,6	2.630,4
	St	918,7	3,0	2.770,5		St	346,2	7,7	2.659,8
	Ou	1.300,6	2,1	2.763,5		Ou	395,6	7,6	2.997,3
	No	796,6	4,6	3.673,1		No	313,7	8,2	2.565,8
	Dc	675,1	6,8	4.566,4		Dc	396,5	11,2	4.446,7

Fonte: Elaboración propia a partir de Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia; Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

2.2.2. A ESTIMACIÓN INDIRECTA DAS PERDAS DE PRODUCCIÓN NO SECTOR PESQUEIRO.

A estimación indirecta das perdas de produción na pesca e o marisqueo.

Unha vez que recompilamos a información sobre a produción mensual do período afectado baixo estudo (desde novembro de 2002 a decembro de 2003) e temos establecido os escenarios cero de referencia, xa estamos en disposición de establecer valoracións sobre as perdas de produción ocasionadas tras o desastre do petroleiro Prestige.

Comparando o escenario de referencia para o conxunto da pesca e o marisqueo que pasa por lonxa en Galicia podemos obter unha primeira estimación das perdas a nivel de produción pesqueira (ver cadro 1).

Cadro 2.2.2.1. Perdas de produción pesqueira total en Galicia.

		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	12.414,82	34.069,36	8.986,28	27.886,64	-3.428,54	-6.182,72
	Dc	10.129,56	38.810,21	5.697,62	21.444,98	-4.431,94	-
							17.365,23
2003	Xn	9.026,85	27.535,47	4.900,88	17.086,55	-4.125,97	-
	Fb	11.295,91	29.583,52	7.467,04	19.528,72	-3.828,87	10.448,92
	Mz	12.816,32	31.745,72	9.706,72	24.412,97	-3.109,60	-
	Ab	12.108,23	29.015,75	11.031,45	24.997,18	-1.076,78	10.054,79
	Mi	12.934,04	31.757,93	9.817,08	27.330,45	-3.116,96	-7.332,75
	Xñ	13.085,67	32.080,24	10.203,05	25.685,00	-2.882,62	-4.018,57
	Xll	13.048,59	34.821,96	13.075,73	32.074,91	27,14	-4.427,48
	Ag	13.734,30	34.932,37	11.212,14	28.877,61	-2.522,16	-6.395,25
	St	13.071,92	31.015,86	14.113,81	33.983,76	1.041,89	-2.747,05
	Ou	12.383,19	31.580,27	13.225,21	33.851,62	842,02	-6.054,76
	No	12.414,82	34.069,36	10.605,75	27.603,26	-1.809,07	2.967,90
	Dc	10.129,56	38.810,21	9.321,11	39.109,03	-808,45	2.271,36
							-6.466,10
Acum.	2002	22.544,38	72.879,57	14.683,89	49.331,62	-7.860,48	298,82
							-
							23.547,95

Acum.	2003	146.049,40	386.948,66	124.679,97	334.541,07	-	-
	Total	168.593,78	459.828,23	139.363,86	383.872,69	-	-
						21.369,43	52.407,59
						29.229,92	75.955,54


Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

En termos físicos, a paralización da actividade pesqueira nas augas próximas a Galicia, xa fixo notar os seus efectos na produción dos dous últimos meses de 2002, continuando ao longo de todo o ano 2003. En conxunto, estimamos que, ao longo dos 14 meses do período baixo estudo, comercializáronse nas lonxas galegas unhas 29.000 toneladas menos que o habitual (escenario cero de referencia), 7.800 toneladas atribuíbles aos meses de novembro e decembro de 2002 e o resto, unhas 21.400 toneladas, ao ano 2003. As maiores perdas produtivas coinciden cos primeiros meses despois da catástrofe, período onde se paralizou gran parte da actividade pesqueira e marisqueira. Así, a produción nos dous últimos meses do ano 2002 caeu case un terzo respecto da habitual. No ano 2003, a caída da produción total situouse arredor dun 15% respecto ao escenario base.

En termos monetarios (valores plasmados en unidades constantes respecto ao ano base 2003), a evolución das perdas seguiron unha senda parecida á da produción física: máis elevadas nos primeiros meses de incidencia, para ir atenuándose, con algúns altibaxos, a medida que transcorrían os meses. Isto obsérvase nitidamente no gráfico 1, onde os valores de referencia marcarían a evolución normal dos ingresos, mentres que os observados son aqueles que se rexistraron efectivamente no período de estudo (desde novembro de 2002 ata decembro de 2003). Grazas ao comportamento dos prezos, os ingresos perdidos son relativamente menores que en termos físicos. As perdas de produción estimadas nos dous meses de 2002 eleváronse a 23,5 millóns de €-03 (que significa unha redución do 32,3% respecto ao valor normal ou de referencia que se obtería neses dous meses) e os acumulados ao longo dos 12 meses de 2003 foron 52,4 millóns de €-03 (redución do 13,5% respecto aos ingresos que estimamos deberían ser os normais do ano). En conxunto, as perdas de produción pesqueira acumuladas nos 14 meses baixo estudo eleváronse case a 76 millóns de €-03, que supoñen unha caída nos

ingresos do 16,5% respecto ao escenario de referencia (os 76 millóns de €-03 supoñen o 19,6% dos ingresos medios anuais baixo circunstancias normais)³⁰.

Gráfico 2.2.2.1. Evolución dos ingresos en primeira venda observados e de referencia nas lonxas de Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estadísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Porén, podería pensarse que unha parte desas perdas poden estar motivadas ou distorsionadas polos desembarcos de pesca fresca procedentes da frota de altura, en principio non directamente afectada polas mareas negras. Como xa fixemos para definir o escenario cero, podemos proceder coa mesma metodoloxía segregando do total a parte que se comercializa nas lonxas que teñen unha presenza notable destas capturas da frota de altura³¹.

³⁰ Trátase dunha cifra relativamente modesta se a comparamos coas primeiras estimacións realizadas por algunhas institucións como as Cámaras de Comercio de Galicia (2003) e o sindicato CC.OO. (2003). No primeiro caso, prevíanse para 2003 unhas perdas de facturación de 176 millóns de € no sector pesqueiro extractivo e uns 54 millóns de € no marisqueo. No segundo, as perdas situábanse para 2003 nun mínimo de 144 millóns de €. Por outra parte, é rechamante que a porcentaxe de incidencia sobre os ingresos normais (caída do 19,6%), está moi próxima á que estimaron Bonnieux e Rainelli (1991) para o caso do derramo do Amoco Cadiz, en que os ingresos do sector pesqueiro da Bretaña Francesa caeron un 21% durante o primeiro ano.

³¹ Lembremos que esta frota de altura adoita vender a súa pesca fresca nos portos lugueses de Celeiro e Burela, no porto da Coruña (puntos de venda de Arpega, Arpenor, OPP 13 e Poxadores), no de Marín (San Miguel e Pescados Touza) e no de Vigo (Asociación de Vendedores e Pescados Cabaleiro), que son os puntos de venda que denominamos de altura.

Nos cadros 2 e 3, respectivamente, amósanse os resultados da perda produtiva para o que denominamos pesca en lonxas de altura e a de litoral.

Cadro 2.2.2.2. Perdas de produción pesqueira en lonxas de altura de Galicia.

		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	5.863,78	18.514,82	5.535,17	15.649,37	-328,61	-2.865,45
	Dc	5.403,28	20.212,64	5.171,66	18.069,75	-231,62	-2.142,90
2003	Xn	4.757,53	16.046,99	4.447,41	15.746,11	-310,11	-300,88
	Fb	6.373,59	17.434,33	6.077,98	15.400,47	-295,61	-2.033,86
	Mz	8.045,81	20.099,19	7.525,20	17.570,64	-520,61	-2.528,55
	Ab	6.929,84	18.034,28	8.553,04	17.182,69	1.623,20	-851,58
	Mi	6.767,06	18.934,66	6.728,72	17.470,95	-38,33	-1.463,71
	Xñ	6.567,69	18.878,37	6.453,19	16.515,89	-114,51	-2.362,48
	Xll	6.766,74	20.172,55	7.323,44	19.007,70	556,69	-1.164,85
	Ag	6.342,56	18.882,04	5.765,80	16.241,40	-576,76	-2.640,65
	St	5.902,08	17.852,00	6.887,52	20.044,23	985,45	2.192,23
	Ou	5.731,59	16.926,20	6.438,15	17.062,66	706,56	136,46
	No	5.863,78	18.514,82	5.678,02	14.652,86	-185,76	-3.861,96
	Dc	5.403,28	20.212,64	5.613,38	20.074,54	210,09	-138,11
Acum.	2002	11.267,07	38.727,47	10.706,83	33.719,12	-560,24	-5.008,35
Acum.	2003	75.451,55	221.988,08	77.491,84	206.970,14	2.040,29	-15.017,93
	Total	86.718,62	260.715,54	88.198,67	240.689,26	1.480,05	20.026,28

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estadísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.2.3. Perdas de produción pesqueira en lonxas de litoral en Galicia.

		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	6.551,03	15.554,53	3.451,10	12.237,26	-3.099,93	-3.317,27
	Dc	4.726,28	18.597,57	525,96	3.375,23	-4.200,32	-15.222,34
2003	Xn	4.269,32	11.488,47	453,47	1.340,43	-3.815,86	-10.148,04
	Fb	4.922,32	12.149,19	1.389,06	4.128,26	-3.533,26	-8.020,93

	Mz	4.770,52	11.646,53	2.181,53	6.842,33	-2.588,99	-4.804,20
	Ab	5.178,39	10.981,48	2.478,41	7.814,49	-2.699,98	-3.166,99
	Mi	6.166,98	12.823,27	3.088,36	9.859,50	-3.078,63	-2.963,77
	Xñ	6.517,98	13.201,87	3.749,86	9.169,11	-2.768,12	-4.032,76
	XII	6.281,84	14.649,41	5.752,29	13.067,21	-529,55	-1.582,20
	Ag	7.391,74	16.050,32	5.446,34	12.636,22	-1.945,40	-3.414,11
	St	7.169,84	13.163,86	7.226,29	13.939,53	56,44	775,67
	Ou	6.651,60	14.654,07	6.787,06	16.788,96	135,46	2.134,90
	No	6.551,03	15.554,53	4.927,73	12.950,40	-1.623,30	-2.604,13
	Dc	4.726,28	18.597,57	3.707,74	19.034,49	-1.018,54	436,92
Acum.	2002	11.277,31	34.152,10	3.977,06	15.612,50	-7.300,25	-18.539,61
Acum.	2003	70.597,85	164.960,58	47.188,13	127.570,93	-23.409,72	-37.389,65
	Total	81.875,16	199.112,68	51.165,19	143.183,43	-30.709,97	-55.929,26

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.


As diferenzas entre ambos os tipos de lonxas son novamente notables. En termos de produción física, durante o período analizado, nas lonxas de altura comercializáronse similares cantidades peixes e mariscos frescos que en anos normais. Nos meses de novembro e decembro de 2002, as perdas de produción apenas foron dun 5% e, no acumulado do ano 2003, mesmo se observa un incremento dun 2,7% no volume de pesca comercializada respecto á situación de referencia. Polo contrario, nas lonxas de litoral, os descenso de toneladas comercializadas en primeira venda son notables (máis de 7.000 toneladas en 2002 e unhas 23.000 toneladas en 2003), sobre todo nos primeiros meses tras a catástrofe. Así, por exemplo, ao longo dos 12 meses de 2003, as perdas de produción acumuladas supoñen un descenso do 33% respecto da produción do que poderíamos considerar un ano normal.

En termos monetarios, a evolución da produción nas lonxas de altura é un pouco diferente. Lembremos que nestas lonxas, desde hai algúns anos, se vén observando unha lixeira tendencia decrecente nos niveis de prezos (en termos monetarios reais), o que provoca certas distorsións ao comparar cos datos de referencia. As perdas monetarias acumuladas nas lonxas de altura durante os 14 meses considerados alcanzaron os 20 millóns de €-03 (que significan unha caída do 7,7% respecto aos ingresos habituais do período), 5 dos cales atribuíbles aos meses de

novembro e decembro de 2002 e os 15 restantes ao ano 2003 (podemos observar a evolución dos ingresos efectivos e esperados neste tipo de lonxas no gráfico 2).

Nas lonxas de litoral as perdas de ingresos son bastante cuantiosas. Estimamos que durante o período de novembro de 2002 a decembro de 2003, respecto á situación de referencia, os ingresos caeron case 56 millóns de €-03 (que significan un descenso do 28,1% respecto dos ingresos normais do período), algo máis de 18,5 millóns de €-03 nos dous meses de 2002 e os restantes 37,4 ao longo de 2003³². As perdas máis notorias producíronse nos meses de decembro de 2002 e xaneiro de 2003 (os ingresos caeron un 80% do alcanzado habitualmente nestas lonxas). A partir de entón, coincidindo coa reapertura progresiva da actividade pesqueira e marisqueira no litoral, as perdas produtivas foron minorándose paulatinamente (ver evolución no gráfico 3).


Gráfico 2.2.2.2. Evolución dos ingresos en primeira venda observados e de referencia nas lonxas de altura de Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estadísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Gráfico 2.2.2.3. Evolución dos ingresos en primeira venda observados e de referencia nas lonxas de litoral de Galicia.

³² Pola súa parte, a Coordinadora de Confrarías (2004), estimou unhas perdas de facturación para a actividade pesqueira de litoral de 88,2 millóns de €-03 para o mesmo período (14 meses).



Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estadísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Dos resultados vistos ata o momento, parece claro que esa evolución anómala da produción observada nas lonxas de litoral a partir de novembro de 2002 é principalmente consecuencia do desastre do Prestige. Non esquezamos que se trata de datos referidos a lonxas na que exclusivamente se comercializa peixe e marisco procedentes dos recursos próximos ás nosas costas.

Porén, a situación non está tan clara nas lonxas de altura, onde se consideran simultaneamente produción de augas próximas e afastadas. Existe a posibilidade de que unha boa marcha na produción da frota de altura nestes portos estea enmascarando ou difuminando as perdas das súas frotas de baixura ou litoral³³. En principio, non dispoñemos de información que nos faga rexeitar a hipótese de que a frota de litoral nos portos de altura tamén sufrise as consecuencias do Prestige, polo menos con similar intensidade que as súas homólogas dos demais portos. Un estudo máis pormenorizado, polo menos por grandes comarcas costeiras, nos podería ofrecer máis información acerca desta posibilidade.

En calquera caso, parece razoable que adoptemos o suposto de que as perdas nos niveis de produción pesqueira ao longo dos 14 meses considerados foron, como

³³ Tampouco é descartable que as perdas de ingresos detectadas nas lonxas de altura estea, polo menos en parte, relacionada coa catástrofe do Prestige. Tal e como nos apuntan Doldán et al. (2003), calquera sospeita sobre a boa imaxe dos produtos pesqueiros de Galicia (sexan ou non procedentes de augas próximas) pode ter repercusións negativas sobre a demanda destes produtos.


mínimo, as estimadas para o conxunto de lonxas que denominamos de litoral (case 56 millóns de €-03).

A estimación indirecta das perdas de produción na pesca e o marisqueo por grandes comarcas.

Podemos aplicar o mesmo tipo de cálculo para estimar a evolución e as perdas (se é o caso) da produción pesqueira por grandes comarcas: A Mariña-Ortegal, A Coruña-Ferrol, Costa da Morte, Noia-Arousa e Pontevedra-Vigo. Entendemos que a comparación dos datos comarcais totais e os de litoral (segregando as lonxas de altura en cada caso), pode botarnos máis luz sobre a orixe das diferenzas entre os datos observados e os esperados (situación de referencia). Os resultados numéricos preséntanse nos cadros do 10 ao 14 do anexo.

Tal e como podemos comprobar no cadro 10, as perdas estimadas na gran comarca da Mariña-Ortegal, acumuladas ao longo dos 14 meses en estudo, elévanse a case 1.800 toneladas e uns 13 millóns de €-03. Iso representa, para o ano 2003, unha caída de case o 7% en peso e do 11,7% en valor, respecto á situación de referencia. No gráfico 4, podemos observar a representación gráfica da evolución mensual das diferenzas monetarias (en termos reais) das vendas respecto á situación de referencia para o total dos porto da gran comarca da Mariña-Ortegal e para as lonxas de litoral da zona (excluindo as lonxas onde se comercializa pesca de altura). Como veremos máis adiante, a evolución nas lonxas de litoral desta gran comarca mostra un perfil diferenciado ao resto, pois as perdas comezan a aparecer a partir da segunda metade do ano 2003.


Gráfico 2.2.2.4. Evolución mensual das diferenzas de ingresos respecto á situación de referencia na Mariña-Ortegal.



Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Na gran comarca da Coruña-Ferrol, as perdas acumuladas nos 14 meses superan as 8.700 toneladas e os 22,7 millóns de €-03 (ver cadro 11), que representan perdas algo superiores ao 20% respecto aos ingresos esperables (media das 4 últimas observacións mensuais antes do Prestige). Se consideramos exclusivamente a produción vendida nas lonxas de litoral da zona, as perdas serían de 4.500 toneladas e 20,1 millóns de €-03. É dicir, en termos monetarios, os ingresos de primeira venda nas lonxas de litoral da gran comarca A Coruña-Ferrol sitúanse nun nivel equivalente á metade do que poderíamos considerar normal. A evolución mensual das perdas de ingresos na gran comarca da Coruña-Ferrol pode verse no gráfico 5. A pesar da recuperación mostrada a partir de marzo de 2003, as lonxas de litoral ao longo de 2003 non acadaron os niveis de facturación habituais antes do Prestige. Pola súa parte, a evolución mensual das diferenzas de ingresos media nas lonxas de altura mostra unha senda distinta á das lonxas de litoral da mesma gran comarca, rexistrando variacións mensuais que podemos considerar como normais (en case todos os casos entre un $\pm 10\%$ do ingreso mensual de referencia), o que nos fai pensar que a maior parte da pesca fresca comercializada nestas lonxas procede das frota de altura.

Gráfico 2.2.2.5. Evolución mensual das diferenzas de ingresos respecto á situación de referencia na Coruña-Ferrol.




Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Nas grandes comarcas da Costa da Morte e de Noia-Arousa, non se consideran lonxas de altura, polo que as perdas estimadas nelas estarían na súa totalidade ligadas ao marisqueo e ás froas de baixura e litoral. No caso da Costa da Morte (ver cadro 12), as perdas de facturación acumuladas nos 14 meses estímase en 5.800 toneladas e uns 10 millóns de €-03. En termos monetarios, isto significa un descenso do 47% respecto do valor esperable en primeira venda. Na gran comarca de Noia-Arousa, as perdas produtivas totais dos 14 meses se situaron en 11.700 toneladas e 8,4 millóns de €-03 (ver cadro 13). O descenso na produción física representou un 25% respecto ás vendas de referencia, pero a boa evolución dos prezos reduciu as perdas a algo menos do 10% en termos monetarios.

No gráfico 6 pódese comprobar as diferentes sendas de evolución das perdas de produción mensual en ambas as zonas. Na Costa da Morte as perdas nos primeiros meses tras a catástrofe foron moi estables (entre 1 e 1,5 millóns de €-03 mensuais), e a partir de xuño de 2003 comezouse unha paulatina recuperación que rematou nos últimos 4 meses de 2003 con ingresos lixeiramente por encima da media de referencia. Na zona de Noia-Arousa, as perdas concentráronse nos primeiros meses tras a catástrofe (de decembro de 2002 a marzo de 2003), mostrando máis tarde unha completa recuperación dos ingresos aos niveis normais (meses de abril a agosto de 2003) para acabar igual que no caso anterior, con datos de facturación lixeiramente por encima da media de referencia (meses de setembro a decembro de 2003).


Gráfico 2.2.2.6. Evolución mensual das diferenzas de ingresos respecto á situación de referencia en Costa da Morte e Noia-Arousa.



Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Na gran comarca de Pontevedra-Vigo, a produción física comercializada por lonxa nos 14 meses reduciuse en 3.775 toneladas, un 10% respecto á situación de referencia (ver cadro 14). Se descontamos as lonxas de altura de Marín e Vigo, nas lonxas de litoral desta zona a redución elévase a 8.235 toneladas, unha cifra maior que as perdas totais da zona. É dicir, as lonxas de altura compensaron en parte as perdas sufridas polas de litoral. En termos monetarios, as perdas de facturación nas lonxas de litoral desta zona situáronse en 17 millóns de €-03, o que supón un descenso do 35% respecto aos ingresos medios de referencia. O gráfico 7 amósanos a evolución das diferenzas de ingresos respecto á situación que adoptamos como de referencia, distinguindo lonxas de litoral e de altura. Ao igual que ocorría coa gran comarca da Coruña-Ferrol, a estabilidade dos ingresos mensuais das lonxas de altura da comarca de Pontevedra-Vigo é bastante notoria, xustificándose practicamente todas as perdas de ingresos coas diferenzas obtidas nas lonxas de litoral (las afectadas polo Prestige).

Gráfico 2.2.2.7. Evolución mensual das diferenzas de ingresos respecto á situación de referencia en Pontevedra-Vigo.



Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Como acabamos de comprobar, a evolución das perdas nos niveis mensuais de produción presenta un perfil similar para as lonxas de litoral de catro grandes comarcas: A Coruña-Ferrol, Costa da Morte, Noia-Arousa e Pontevedra-Vigo. En todas elas, as perdas foron máis notorias nos primeiros meses despois da catástrofe (desde novembro de 2002 a abril de 2003), coincidindo coa paralización obrigatoria nalgúns das zonas de actividade pesqueira máis importantes. Polo tanto, as perdas de produción nelas rexistradas parecen ter unha vinculación bastante estreita coa catástrofe do Prestige.

Pola súa parte, a pesca comercializada mensualmente nas lonxas de altura da Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo parécennos presentar comportamentos estraños respecto do habitual (o de referencia), o que nos fai pensar que a maior parte da pesca aí poxada procede da frota de altura non afectada directamente pola catástrofe. Ao longo dos 14 meses baixo estudo, os case 2,6 e 4,6 millóns de €-03 de caída dos ingresos nas lonxas de altura da Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo, respectivamente, representan unha cifra relativa moi similar respecto á produción de referencia: descensos do 4,24% no caso da Coruña-Ferrol e do 4,32% no de Pontevedra-Vigo (ver cadro 4)³⁴.

Cadro 2.2.2.4. As perdas de produción nas lonxas de altura de Galicia.

³⁴ Descenso que podería perfectamente ser atribuído á xa comentada tendencia decrecente nos niveis de prezos medios (en termos reais) das especies de altura que teñen unha forte competencia nas importacións. No caso do Exxon Valdez, algúns autores como Reynolds, 1993 (citado en Jorgensen, 1995) comprobaron a dificultade de cuantificar as perdas nos ingresos ligadas a descensos dos prezos medios daquelas especies (como o salmón), en que os mercados internacionais desempeñan un importante papel.

		A Mariña-Ortegal (1000 €-03)	A Coruña-Ferrol (1000 €-03)	Pontevedra-Vigo (1000 €-03)	Total Altura Galicia (1000 €-03)
2002	No	-1.832,65	-419,29	-613,52	-2.865,45
	Dc	-1.450,13	-37,53	-655,24	-2.142,90
2003	Xn	-45,56	-774,46	519,14	-300,88
	Fb	-1.200,66	-449,99	-383,21	-2.033,86
	Mz	-1.011,98	-875,62	-640,95	-2.528,55
	Ab	-1.191,08	189,11	150,38	-851,58
	Mi	-1.508,80	230,81	-185,71	-1.463,71
	Xñ	-1.886,58	-476,28	0,37	-2.362,48
	XII	-189,80	-761,59	-213,45	-1.164,85
	Ag	-666,87	-767,48	-1.206,30	-2.640,65
	St	170,26	1.233,94	788,04	2.192,23
	Ou	-59,12	430,51	-234,92	136,46
	No	-2.013,66	-876,57	-971,74	-3.861,96
	Dc	9,25	761,30	-908,66	-138,11
Acum.	2002	-3.282,78	-456,82	-1.268,75	-5.008,35
Acum.	2003	-9.594,60	-2.136,31	-3.287,02	-15.017,93
	Total	-12.877,38	-2.593,13	-4.555,77	-20.026,28

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Porén, as dúbidas continúan coa produción pesqueira da gran comarca da Mariña-Ortegal, onde as lonxas de altura perderon produción durante os 14 meses equivalente ao 13,7% dos que habitualmente facturaban. A concentración das vendas nos portos de Celeiro e Burela, precisamente nos que tamén se comercializa a produción da pesca de altura³⁵, impídenos coñecer con maior detalle o ocorrido realmente coa pesca de litoral (lembrems ademais, que a evolución mensual da pesca de litoral non comercializada en Burela e Celeiro, diferían da do resto das comarcas consideradas). Tal e como aparece no cadro 4, case o 65% das perdas acumuladas durante os 14 meses considerados nas lonxas de altura de Galicia, concentráronse na Mariña-Ortegal, mentres tan só representa habitualmente o 39% dos ingresos totais das lonxas de altura en Galicia e dispón de algo máis dun terzo da frota de altura galega. Isto indúcenos a pensar que, nesta zona, posiblemente unha parte significativa das perdas rexistradas nas lonxas de altura correspondan realmente á frota de litoral.

Se supuxésemos que os prezos nas lonxas de Burela e Celeiro se comportaron de similar forma que nas lonxas de altura do resto das comarcas de

³⁵ Conxuntamente estes dous portos representan case o 95% de valor total de primeira venda comercializado nesta gran comarca.

Galicia, as perdas de ingresos na produción de altura deberían situarse arredor do 4,3% respecto ao escenario de referencia. Isto equivalería a un descenso de ingresos nos 14 meses considerados de 4,05 millóns de €-03 e non de 12,88 millóns de €-03. En consecuencia, os 8,83 millóns de €-03 restantes poderían asumirse como perdas de ingresos da frota de litoral deses dous portos, que deberíamos sumar aos 0,28 millóns de €-03, xa contabilizados como descensos nos ingresos da pesca de litoral do resto dos portos da comarca da Mariña-Ortegal. Desta forma, o total de perdas de produción pesqueira que poderíamos ligar ao desastre do Prestige nesta comarca durante os 14 meses (de novembro de 2002 a decembro de 2003), se elevaría a 9,11 millóns de €-03, o que representa o 9,05% dos ingresos normais da actividade pesqueira de fresco nese período.

En conclusión, asumindo as operacións realizadas anteriormente, estimamos que, nos 14 meses que van desde novembro de 2002 a decembro de 2003, os ingresos da actividade pesqueira de fresco (pesca e marisqueo) descenderon en 64,76 millóns de €-03 respecto ao escenario de referencia, o que supón un 14,08% menos respecto aos ingresos habituais das lonxas en Galicia (ver cadro 5).

Cadro 2.2.2.5. Perdas de ingresos por grandes comarcas nas lonxas de peixe e marisco fresco de Galicia tras o Prestige.


Zonas	Perdas acumuladas 14 meses (nov 02 – dec 03) (1000 €-03)	Ingresos totais de referencia 14 meses (nov 02 – dec 03) (1000 €-03)	% perdas sobre ingresos totais de referencia
Mariña-Ortegal	9.107,22	100.613,36	9,05%
A Coruña-Ferrol	20.154,79	95.203,49	21,17%
Costa da Morte	10.087,08	21.549,95	46,81%
Noia-Arousa	8.361,24	89.515,09	9,34%
Pontev-Vigo	17.045,95	152.946,34	11,15%
Total pesca fresca	64.756,28	459.828,23	14,08%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Produción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Como se pode observar, con diferenza, a comarca da Costa da Morte foi a máis afectada, con descensos nos ingresos próximos ao 47% respecto ao escenario de referencia. Por encima da media galega, tamén se sitúa a gran comarca da Coruña-Ferrol, onde os descensos nos niveis de ingresos representan algo máis do 21% do valor total comercializado en primeira venda nas súas lonxas. Segundo estes cálculos, as comarcas menos afectadas en termos relativos foron as da Mariña-Ortegal e as de Noia-Arousa (descenso dos ingresos de algo máis dun 9%).

Esta desigual afectación do derrame do Prestige por comarcas tamén se fai patente no gráfico 8. A gran comarca da Costa da Morte representa normalmente o 4,7% dos ingresos totais ligados á venda de peixe e marisco fresco nas lonxas de Galicia, pero nela concéntrase o 15,6% do descenso estimado dos ingresos totais. A Coruña-Ferrol sofre o 31,1% das perdas de ingresos mentres que habitualmente representa o 20,7% deles. As demais comarcas teñen descensos de ingresos por debaixo da súa participación na produción.

Gráfico 2.2.2.8. Comparación da distribución das perdas de ingresos e da produción por grandes comarcas de Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

A estimación indirecta das perdas de produción na acuicultura.

A pesar de que as bateas non se viron afectadas directamente polo vertedura do Prestige³⁶, os efectos indirectos fixéronse notar sobre a planificación da produción e o comportamento do mercado.

A colaboración de gran parte do sector na loita contra a contaminación do petróleo vertido, provocou perdas de xornadas de traballo e unha recollida tardía da cría do mexillón no ano 2003. Ademais, pospúxose a 2003 a comercialización de parte da produción recollida a finais de 2002 con destino ao mercado de fresco. Esta oferta acumulada no ano 2003 acabou comercializándose para o seu procesado industrial, percibindo os produtores menores prezos.

Co ánimo de contrastar esta información no cadro 13 recompilamos os datos básicos de produción e comercialización para os anos 2001, 2002 e 2003 facilitados por OPMEGA, pois representa unha mostra ampla e moi significativa do total de produtores de mexillón de Galicia (un total de 1.828 bateas, aproximadamente o 60% da capacidade instalada na rías Galegas).

Como se pode observar, a produción con destino ao mercado de fresco mantívose relativamente estable de 2002 a 2003, o que foi acompañado dunha clara estabilidade nos niveis de prezos se os medimos en unidades constantes (0,80 €-03 por quilogramo). Polo contrario, o lixeiro incremento na oferta de mexillón con destino á industria (aumento dunhas 5.570 toneladas, un 8,7% máis respecto á produción de 2002), provocou descensos relativamente maiores nos niveis de prezos medios desta clase de produtos (o prezo en termos reais baixou case 6 céntimos por quilogramo, o que supón unha caída de case o 12% respecto ao prezo medio do ano anterior).

Cadro 2.2.2.6. Evolución da produción e os prezos do mexillón por destino. Anos 2001-2003.

Produción de mexillón con destino ao mercado de fresco					
	Ton	1000 €	€/kg	1000 €-03	€-03-03/kg

³⁶ Así o manifestan as asociacións de produtores máis importantes (OPMEGA, 2004).

2001	35.023,22	25.003,18	0,71	26.707,35	0,76
2002	36.839,91	28.448,55	0,77	29.336,04	0,80
2003	36.986,32	29.649,05	0,80	29.649,05	0,80
Producción de mexillón con destino ao procesado industrial					
	Ton	1000 €	€/kg	1000 €-03	€-03-03/kg
2001	76.734,55	34.533,49	0,45	36.887,22	0,48
2002	63.689,49	30.194,89	0,47	31.136,86	0,49
2003	69.259,10	30.080,24	0,43	30.080,24	0,43
Producción total de mexillón					
	Ton	1000 €	€/kg	1000 €-03	€-03-03/kg
2001	111.757,77	59.536,67	0,53	63.594,57	0,57
2002	100.529,40	58.643,43	0,58	60.472,90	0,60
2003	106.245,42	59.729,28	0,56	59.729,28	0,56

Fonte: Elaboración propia a partir de OPMEGA (2004).

Como resultado global do anterior, en 2003, o prezo medio percibido polos produtores de mexillón da mostra acabou descendendo uns 4 céntimos de €-03 por quilogramo³⁷.

Á vista destes resultados parece que, efectivamente, a marea negra do Prestige puido ter ocasionado efectos indirectos sobre os ingresos do conxunto do subsector mexilloeiro. A acumulación de produción procedente de 2002 e o atraso dos labores provocaron perdas de ingresos en 2003, tanto ligadas a descensos nos niveis normais de produción como aos menores prezos medios percibidos polos produtores³⁸.

Operando como nos anteriores casos sobre escenarios de mínimos³⁹, a estimación das perdas de produción para o sector da miticultura en Galicia pódese estimar comparando os valores da produción no ano 2003 respecto aos do noso escenario de referencia. Os resultados resúmense no cadro 7. Así, para o conxunto do sector, as perdas de produción que se poden asociar ao desastre do Prestige elevaríanse a case 7,5 millóns de €-03.

³⁷ Un prezo medio menor mesmo que o de 2001, ano onde os produtores da mostra comercializaron unhas 5.500 toneladas máis de produto que en 2003.

³⁸ As asociacións de produtores tamén esgrimen que a contaminación do Prestige reduciu a confianza dos consumidores, o que provocou unha freada na tendencia crecente dos prezos do mexillón destinado ao mercado de fresco. OPMEGA, 2003.

³⁹ Como se pode comprobar, utilizando o noso escenario cero, o descenso dos prezos medios percibidos polos produtores queda en 2,4 céntimos de €-03 por quilogramo, fronte á caída de 4 céntimos de €-03 por quilogramo que detectamos na mostra.

Cadro 2.2.2.7. Estimación indirecta das perdas de produción no sector do mexillón en Galicia. Ano 2003.

	Produción de mexillón de batea en Galicia				
	Ton	1000 €	€/kg	1000 €-03	€-03/kg
Escenario cero	249.729,85	139.617,15	0,559	146.330,00	0,586
Total 2003	246.956,10	138.834,30	0,562	138.834,30	0,562
Diferenza	-2.773,75	-782,85	0,003	-7.495,70	-0,024

Fonte: Elaboración propia.

Pola súa parte, o cultivo piscícola do rodaballo, cos seus matices, parece ter sufrido unha experiencia similar á do cultivo do mexillón.

Nesta ocasión, si houbo algún efecto directo da vertedura sobre unha pequena granxa de engorde situada en Porto do Son que, ademais de perder o produto que naqueles momentos estaba nos seus tanques, os danos sobre as instalacións obrigárona ao seu cerramento temporal.

Como vimos anteriormente, a produción piscícola de rodaballo en Galicia mantívose estable nos últimos anos (con algo máis de 3.200 toneladas anuais). Ademais, o mercado estaba aceptando cada vez mellor estes produtos pois, os prezos medios seguían unha traxectoria ascendente: pasando dos 8 €-03 por quilogramo no ano 2000 a algo máis de 9 €-03 por quilogramo en 2002.

No ano 2003 estas tendencias cambian, baixando tanto a produción física como os prezos medios do mercado. Salvo o desastre do Prestige, durante o ano 2003 non se produciron feitos significativos que puidesen ter incidido sobre este sector⁴⁰, de aí que sexa razoable pensar que, tanto a baixada na produción como nos prezos, fose provocada por este incidente.

Así, operando da mesma forma que no caso anterior, podemos estimar as perdas de produción na acuicultura do rodaballo en Galicia durante o ano 2003 (ver cadro 8). Nesta ocasión, as perdas estimadas eleváronse a case 1,5 millóns de €-03.

Cadro 2.2.2.8. Estimación indirecta das perdas de produción no sector da piscicultura de rodaballo en Galicia. Ano 2003.

⁴⁰ Lembremos que Galicia é líder nos mercados internacionais desta especie, pois representa cerca do 60% da produción mundial de rodaballo de piscicultura.

Producción de rodaballo de piscicultura en Galicia					
	Ton	1000 €	€/kg	1000 €-03	€-03/kg
Escenario cero	3.231,70	27.440,65	8,491	28.781,10	8,906
Total 2003	3.141,20	27.299,70	8,691	27.299,70	8,691
Diferenza	-90,50	-140,95	0,200	-1.481,40	-0,215

Fonte: Elaboración propia.

As perdas de produción globais, estimadas indirectamente, para o sector da acuicultura en Galicia asociadas ao desastre do Prestige, resúmense no cadro 9. Como se pode observar, as perdas de ingresos aquí estimadas elévanse case a 9 millóns de €-03, que supoñen factores de impacto negativo do 5,1% respecto aos escenarios tomados como referencia (escenarios cero).

Cadro 2.2.2.9. Estimación indirecta das perdas de produción no sector da acuicultura en Galicia. Ano 2003.

Perdas de produción acuícola do mexillón e do rodaballo en Galicia				
	Ton	€-03/kg	1000 €-03	% s/ escenario cero
Mexillón	- 2.773,75	-0,024	- 7.495,70	- 5,12%
Rodaballo	-90,50	-0,215	- 1.481,40	- 5,15%
Total	- 2.864,25		- 8.977,10	- 5,13%

Fonte: Elaboración propia.

ANEXO: Perdas de produción pesqueira por grandes comarcas.

Cadro 2.2.2.10. As perdas de produción pesqueira nas lonxas da Mariña-Ortegal.

Considerando todas as lonxas							
		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	2.330,07	6.904,38	2.233,02	5.047,11	-97,05	-1.857,27
	Dc	1.865,83	7.328,94	1.663,55	6.125,76	-202,28	-1.203,18
2003	Xn	1.723,05	5.815,96	1.590,34	5.707,17	-132,72	-108,79
	Fb	2.345,23	6.416,03	2.683,54	5.271,16	338,32	-1.144,87
	Mz	2.923,16	7.165,01	3.606,24	6.255,73	683,07	-909,28
	Ab	2.841,75	6.794,03	4.221,20	5.662,10	1.379,45	-1.131,93
	Mi	2.669,80	7.450,25	2.930,13	5.966,81	260,34	-1.483,44
	Xñ	2.727,63	8.097,33	2.354,63	6.138,99	-373,00	-1.958,34
	Xll	2.874,85	8.448,31	2.960,47	8.264,67	85,62	-183,64
	Ag	2.802,30	8.372,45	2.428,65	7.582,67	-373,64	-789,78
	St	2.505,86	7.103,56	2.612,48	7.233,24	106,62	129,67
	Ou	2.686,21	6.483,80	2.610,91	6.280,24	-75,30	-203,56
	No	2.330,07	6.904,38	2.491,85	4.764,38	161,77	-2.140,00
	Dc	1.865,83	7.328,94	1.897,72	7.155,77	31,89	-173,17
Acum.	2002	4.195,90	14.233,32	3.896,57	11.172,87	-299,33	-3.060,45
Acum.	2003	30.295,74	86.380,04	32.388,16	76.282,92	2.092,42	-10.097,13
	Total	34.491,64	100.613,36	36.284,74	87.455,79	1.793,09	-13.157,57
Considerando exclusivamente as lonxas de litoral							
		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	216,33	449,97	273,46	425,35	57,13	-24,62
	Dc	181,44	643,70	188,74	890,65	7,30	246,95
2003	Xn	141,58	389,63	39,28	326,39	-102,29	-63,24
	Fb	70,66	343,31	58,88	399,11	-11,78	55,79
	Mz	58,84	359,77	65,50	462,47	6,66	102,70
	Ab	191,77	352,38	114,66	411,52	-77,11	59,15
	Mi	231,21	419,00	250,21	444,37	19,00	25,36
	Xñ	207,49	465,50	182,08	393,73	-25,41	-71,77
	Xll	196,18	479,97	193,18	486,14	-2,99	6,16
	Ag	191,12	596,16	136,72	473,24	-54,40	-122,92
	St	224,96	409,91	237,43	369,33	12,47	-40,58
	Ou	325,69	416,31	193,48	271,88	-132,21	-144,43
	No	216,33	449,97	223,16	323,64	6,83	-126,33
	Dc	181,44	643,70	84,48	461,28	-96,96	-182,42
Acum.	2002	397,77	1.093,68	462,20	1.316,00	64,43	222,33

Acum.	2003	2.237,25	5.325,61	1.779,06	4.823,09	-458,19	-502,52
	Total	2.635,02	6.419,28	2.241,26	6.139,09	-393,76	-280,19

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.2.11. As perdas de produción pesqueira nas lonxas da Coruña-Ferrol.

Considerando todas as lonxas							
		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	2.223,58	6.737,27	1.373,57	4.760,42	-850,01	-1.976,85
	Dc	2.050,15	8.099,18	1.173,27	5.039,60	-876,88	-3.059,58
2003	Xn	1.873,68	5.644,16	863,39	3.255,32	-1.010,29	-2.388,84
	Fb	2.410,44	6.110,59	1.088,93	3.606,33	-1.321,51	-2.504,26
	Mz	2.975,19	6.953,34	1.267,58	4.012,05	-1.707,62	-2.941,29
	Ab	2.376,78	6.124,16	1.482,43	4.919,60	-894,35	-1.204,56
	Mi	2.479,96	6.816,49	1.749,75	6.194,52	-730,20	-621,97
	Xñ	2.314,18	6.559,65	1.862,29	5.082,33	-451,89	-1.477,32
	Xll	2.475,02	7.586,55	2.459,35	6.075,46	-15,67	-1.511,09
	Ag	2.298,70	7.028,85	1.713,18	5.048,28	-585,51	-1.980,57
	St	2.246,04	6.645,36	2.545,89	6.999,56	299,85	354,20
	Ou	1.998,41	6.061,41	2.126,74	5.325,23	128,32	-736,18
	No	2.223,58	6.737,27	1.706,20	4.631,49	-517,37	-2.105,78
	Dc	2.050,15	8.099,18	1.827,58	7.505,37	-222,57	-593,81
Acum.	2002	4.273,73	14.836,46	2.546,84	9.800,03	-1.726,89	-5.036,43
Acum.	2003	27.722,13	80.367,03	20.693,31	62.655,54	-7.028,81	17.711,49
	Total	31.995,86	95.203,49	23.240,15	72.455,57	-8.755,70	22.747,92
Considerando exclusivamente as lonxas de litoral							
		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	681,75	2.369,47	216,00	811,90	-465,75	-1.557,56
	Dc	598,38	3.302,47	12,19	280,42	-586,19	-3.022,05
2003	Xn	489,14	1.713,82	5,09	99,44	-484,06	-1.614,38
	Fb	566,38	2.107,86	5,60	53,59	-560,78	-2.054,27
	Mz	459,85	2.223,14	28,90	157,46	-430,95	-2.065,68
	Ab	580,24	2.068,31	80,07	674,64	-500,17	-1.393,67
	Mi	711,22	2.190,29	380,99	1.337,50	-330,23	-852,79
	Xñ	720,54	2.220,93	528,78	1.219,89	-191,75	-1.001,04
	Xll	859,73	2.658,57	821,55	1.909,07	-38,18	-749,50
	Ag	840,35	2.732,67	550,66	1.519,59	-289,68	-1.213,09
	St	910,54	2.588,98	779,99	1.709,23	-130,55	-879,74
	Ou	825,46	2.406,73	701,23	1.240,04	-124,23	-1.166,69
	No	681,75	2.369,47	572,26	1.140,25	-109,49	-1.229,22
	Dc	598,38	3.302,47	317,78	1.947,36	-280,60	-1.355,11
Acum.	2002	1.280,13	5.671,94	228,19	1.092,32	-1.051,94	-4.579,62
Acum.	2003	8.243,59	28.583,23	4.772,92	13.008,06	-3.470,67	-

							15.575,18
	Total	9.523,72	34.255,17	5.001,11	14.100,38	-4.522,61	- 20.154,79

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.2.12. Perdas de produción pesqueira en lonxas da Costa da Morte.

		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	853,98	1.373,50	444,31	795,84	-409,66	-577,65
	Dc	628,90	1.503,40	0,00	0,00	-628,90	-1.503,40
2003	Xn	661,20	1.469,80	0,00	0,00	-661,20	-1.469,80
	Fb	606,53	1.365,73	10,65	7,13	-595,88	-1.358,59
	Mz	575,36	1.256,45	71,60	104,95	-503,76	-1.151,50
	Ab	1.034,64	1.451,01	36,71	138,27	-997,93	-1.312,74
	Mi	1.321,56	1.715,26	63,48	272,16	-1.258,08	-1.443,10
	Xñ	1.394,23	1.829,71	129,30	254,33	-1.264,93	-1.575,38
	Xll	1.014,01	1.758,45	1.061,79	1.515,98	47,78	-242,47
	Ag	1.218,24	2.086,07	931,83	1.407,68	-286,40	-678,40
	St	1.020,27	1.400,37	1.264,35	1.673,05	244,08	272,68
	Ou	1.010,39	1.463,31	1.267,58	1.821,47	257,19	358,16
	No	853,98	1.373,50	923,17	1.421,97	69,19	48,47
	Dc	628,90	1.503,40	756,08	2.050,04	127,19	546,64
Acum.	2002	1.482,88	2.876,89	444,31	795,84	-1.038,56	-2.081,05
Acum.	2003	11.339,29	18.673,05	6.516,54	10.667,02	-4.822,75	-8.006,03
	Total	12.822,16	21.549,95	6.960,85	11.462,87	-5.861,31	-10.087,08

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.2.13. Perdas de produción pesqueira en lonxas de Noia-Arousa.

		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	3.848,64	7.358,87	2.137,13	7.116,63	-1.711,51	-242,24
	Dc	2.408,38	8.257,93	257,31	1.515,09	-2.151,06	-6.742,84
2003	Xn	2.279,50	4.940,91	402,46	908,60	-1.877,03	-4.032,31
	Fb	2.852,72	5.313,91	1.160,40	2.622,02	-1.692,33	-2.691,89
	Mz	2.846,36	4.971,87	1.686,25	3.911,68	-1.160,11	-1.060,19
	Ab	2.661,85	4.723,87	1.953,22	4.506,40	-708,63	-217,47
	Mi	2.920,21	5.665,52	2.126,28	6.032,24	-793,93	366,72
	Xñ	3.417,40	6.127,27	2.678,68	5.646,75	-738,72	-480,52
	Xll	3.479,23	6.642,59	3.353,78	6.674,76	-125,45	32,17
	Ag	4.176,84	7.008,77	3.519,60	6.605,33	-657,23	-403,44
	St	4.195,41	6.006,86	4.598,31	7.528,17	402,90	1.521,30
	Ou	3.504,38	6.879,92	4.229,12	10.458,29	724,74	3.578,38
	No	3.848,64	7.358,87	2.895,49	7.498,78	-953,15	139,91

	Dc	2.408,38	8.257,93	2.152,90	10.129,12	-255,48	1.871,19
Acum.	2002	6.257,01	15.616,79	2.394,44	8.631,72	-3.862,57	-6.985,08
Acum.	2003	38.590,92	73.898,30	30.756,49	72.522,14	-7.834,42	-1.376,16
	Total	44.847,93	89.515,09	33.150,94	81.153,85	- 11.696,99	-8.361,24

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Cadro 2.2.2.14. As perdas de produción pesqueira nas lonxas de Pontevedra-Vigo.

Considerando todas as lonxas							
		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	3.158,55	11.695,34	2.798,25	10.166,63	-360,31	-1.528,71
	Dc	3.176,30	13.620,76	2.603,48	8.764,53	-572,82	-4.856,23
2003	Xn	2.489,42	9.664,63	2.044,69	7.215,46	-444,73	-2.449,17
	Fb	3.081,00	10.377,26	2.523,53	8.022,08	-557,47	-2.355,18
	Mz	3.496,25	11.399,05	3.075,05	10.128,56	-421,19	-1.270,49
	Ab	3.193,21	9.922,68	3.337,89	9.770,82	144,68	-151,86
	Mi	3.542,51	10.110,41	2.947,44	8.864,73	-595,08	-1.245,68
	Xñ	3.232,24	9.466,29	3.178,15	8.562,60	-54,09	-903,68
	Xll	3.205,47	10.386,06	3.240,34	9.544,04	34,87	-842,02
	Ag	3.238,24	10.436,21	2.618,86	8.233,65	-619,37	-2.202,56
	St	3.104,34	9.859,71	3.092,78	10.549,76	-11,56	690,05
	Ou	3.183,80	10.691,83	2.990,86	9.966,39	-192,95	-725,43
	No	3.158,55	11.695,34	2.589,04	9.286,64	-569,51	-2.408,70
	Dc	3.176,30	13.620,76	2.686,83	12.268,73	-489,47	-1.352,03
Acum.	2002	6.334,86	25.316,10	5.401,73	18.931,16	-933,13	-6.384,94
Acum.	2003	38.101,33	127.630,24	34.325,46	112.413,45	-3.775,87	-15.216,78
	Total	44.436,19	152.946,34	39.727,19	131.344,61	-4.709,00	-21.601,72
Considerando exclusivamente as lonxas de litoral							
		Situación de referencia		Situación observada		Diferenza	
		Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03	Ton	1000 €-03
2002	No	950,34	4.002,73	380,20	3.087,54	-570,14	-915,19
	Dc	909,18	4.890,06	67,71	689,07	-841,47	-4.201,00
2003	Xn	697,91	2.974,32	6,63	6,00	-691,28	-2.968,31
	Fb	826,03	3.018,38	153,54	1.046,40	-672,49	-1.971,97
	Mz	830,10	2.835,30	329,27	2.205,76	-500,83	-629,54
	Ab	709,89	2.385,91	293,75	2.083,66	-416,14	-302,25
	Mi	982,78	2.833,21	267,40	1.773,24	-715,38	-1.059,97
	Xñ	778,33	2.558,47	231,02	1.654,41	-547,31	-904,06
	Xll	732,69	3.109,83	321,99	2.481,26	-410,71	-628,57
	Ag	965,21	3.626,64	307,52	2.630,38	-657,69	-996,26
	St	818,67	2.757,75	346,21	2.659,76	-472,46	-97,99
	Ou	985,68	3.487,80	395,64	2.997,28	-590,04	-490,51
	No	950,34	4.002,73	313,65	2.565,77	-636,69	-1.436,97
	Dc	909,18	4.890,06	396,50	4.446,69	-512,68	-443,37
Acum.	2002	1.859,52	8.892,80	447,91	3.776,61	-1.411,61	-5.116,19
Acum.	2003	10.186,80	38.480,39	3.363,12	26.550,63	-6.823,68	-

							11.929,77
	Total	12.046,32	47.373,19	3.811,03	30.327,24	-8.235,29	- 17.045,95

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

2.2.3. A ESTIMACIÓN DIRECTA DAS PERDAS DE PRODUCCIÓN NO SECTOR PESQUEIRO GALEGO.

A mostra e o cuestionario para a pesca e o marisqueo.

O obxectivo que nos formulamos con esta operación é a posibilidade de realizar unha estimación directa dos efectos das mareas negras do Prestige sobre a produción e a obtención de rendas por parte do sector pesqueiro e marisqueiro galego.

O ámbito poboacional que queremos investigar está formado polas embarcacións de pesca e marisqueo desde embarcación que teñen porto base en Galicia e que explotan, principalmente, os recursos naturais máis próximos directamente afectados polos verteduras de fuel no litoral de Galicia.

No cuestionario solicítase información correspondente a períodos anuais dos exercicios económicos dos anos 2001, 2002 e 2003.

Obviamente, a investigación céntrase no ámbito xeográfico custoso galego, no que distinguimos cinco grandes zonas ou comarcas litorais. A zona da Mariña-Ortegal, que integra todos os portos das tres comarcas costeiras da provincia de Lugo (A Mariña Oriental, A Mariña Central e A Mariña Occidental) e os da comarca de Ortegal na provincia da Coruña. A zona da Coruña-Ferrol que se corresponde coas zonas costeiras das comarcas de Ferrol, Eume, Betanzos e A Coruña. A zona da Costa da Morte, na que consideramos os portos das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Fisterra e Muros. A zona de Noia-Arousa que integra os portos de dúas comarcas correspondentes á provincia da Coruña (Noia e A Barbanza) e unha da provincia de Pontevedra (O Salnés). E a zona de Pontevedra-Vigo na que consideramos o resto das comarcas costeiras: Pontevedra, O Morrazo, Vigo e O Baixo Miño.

A unidade básica de mostraxe é a persoa física ou xurídica que dispón dunha embarcación pesqueira. Dado que non dispoñiamos do directorio completo da frota pesqueira operativa en Galicia, a mostra elaborouse a partir dun directorio de empresas pesqueiras subministrado pola Seguridade Social⁴¹. Tratábase de realizar unha mostraxe estratificada aleatoria, pois para a elaboración da mostra dividimos a poboación de cada gran zona do directorio en dous grandes grupos ou estratos: empresas cun traballador por unha parte, e as empresas con máis dun traballador, por outra. Os tamaños das mostras realizáronse por separado en cada un destes dous grandes grupos, tratando de que a mostra cubrise arredor do 10% dos individuos, nos casos de ter rexistradas menos de 500 empresas na zona, ou arredor do 5% para o resto dos casos.

Un resumo do número de establecementos do directorio por zonas e estrato, así como o tamaño de mostras para cada caso se reflicte no cadro 1. Como se pode observar, o directorio tiña rexistradas algo máis de 3.600 empresas, o 47% das cales só tiña un traballador asalariado. Por grandes zonas, destacaban Noia-Arousa e Pontevedra-Vigo polo seu peso relativo no número total de empresas (aproximadamente o 30 e o 35% sobre o total, respectivamente). O resto das zonas repartíanas as restantes empresas pesqueiras do directorio case a partes iguais (cerca dun 12% do total cada unha).

Cadro 2.2.3.1. Directorio e mostra para a pesca por zonas.

Gran comarca	Directorio			Mostra		
	Empresas 1	Empresas >1	Total	Empresas 1	Empresas >1	Total
Mariña-Ortegal	178	253	431	18	25	43
A Coruña-Ferrol	163	247	410	16	25	41
Costa da Morte	197	236	433	20	24	44
Noia-Arousa	667	397	1.064	26	29	55
Pontevedra-Vigo	489	799	1.288	20	47	67
Resto	6	8	14	0	0	0
Total	1.700	1.940	3.640	100	150	250

Nota: “empresas 1” refírese a aquelas que só dispoñen dun traballador asalariado e “empresas >1” ás que teñen máis dun.

Fonte: elaboración propia a partir de directorio subministrado pola Seguridade Social.

Elaborouse un cuestionario (xúntase no anexo) que constaba dunha parte introdutoria e de tres bloques temáticos.

⁴¹ Trátase dun directorio no que soamente figuran aquelas empresas pesqueiras que dispoñen en cadro de persoal de traballadores asalariados.

Na parte introdutoria solicitábase pedir información sobre a empresa pesqueira, sobre todo referida ao tipo de actividade pesqueira ou marisqueira desenvolvida (marisqueo, pesca costeira, pesca de altura ou pesca de grande altura). Non debemos esquecer que o noso obxectivo principal consistía na análise dos efectos da marea negra do Prestige, efectos que, en principio, soamente implicaban a aqueles segmentos da frota que explotaban os recursos próximos ao noso litoral (marisqueo e pesca costeira). No bloque primeiro solicitábase información (correspondente aos anos 2001, 2002 e 2003) referida a indicadores de evolución da facturación, aos custos de explotación e laborais, aos impostos pagados e ao emprego xerado. No bloque segundo solicitábase información sobre a orixe dos bens e servizos consumidos no proceso produtivo e o destino da produción propia. O bloque terceiro estaba destinado a recompilar información sobre expectativas de evolución da produción e os custos, recadar percepcións acerca da influencia de factores diversos sobre a actividade pesqueira, recoller valoracións sobre a incidencia do Prestige sobre a súa empresa e obter outras valoracións e información variada (sobre as medidas adoptadas polas administracións no caso do Prestige, sobre o grao de coñecemento das axudas, etc.).

O traballo de campo desenvolveuno unha empresa especializada ao longo do segundo semestre do ano 2004. Nunha primeira fase, os entrevistadores dedicábanse a depurar a mostra seleccionada comprobando os datos identificativos dos individuos que foran seleccionados na mostra. En caso de que a información dispoñible do individuo seleccionado non fose completa ou se comprobase que non estaba actualizada, procedíase a comprobar a información para os individuos suplentes. Cada individuo seleccionado na mostra dispoñía inicialmente de dous suplentes elixidos cos mesmos criterios que o titular. Os frecuentes erros detectados no directorio e a falta de resposta ou de colaboración dos individuos, obrigáronnos a duplicar o número de suplentes da mostra.

Nunha segunda fase, os entrevistadores acordaban coa unidade informante realizar e cubrir directamente a enquisa ou, en caso contrario, deixábaselles o cuestionario para que, días máis tarde, o remitisen cuberto por fax ou correo. A non-obrigatoriedade de cubrir o cuestionario provocou un gran nivel de rexeitamentos ou cuestionarios contestados de forma incompleta. Os resultados para a pesca e marisqueo, en número de respostas, sintetizábanse no cadro 2. Como se pode comprobar, apenas o 60% da mostra da pesca fora cuberta de maneira satisfactoria, o que supoñía uns 148 cuestionarios cubertos dos 250 inicialmente previstos. Ademais, observouse certa

asimetría por zonas, mentres as da Coruña-Ferrol, a Costa da Morte e Pontevedra-Vigo presentaban porcentaxes aceptables de resposta ao cuestionario, non ocorría o mesmo nas zonas da Mariña-Ortegal e Noia-Arousa⁴².

Cadro 2.2.3.2. Mostra definitiva para a pesca por zonas.

Gran comarca	Mostra inicial	Mostra final	% s/ mostra inicial	Pesca de litoral	Pesca de altura
Mariña-Ortegal	43	12	27,91%	5	7
A Coruña-Ferrol	41	36	87,80%	8	18
Costa da Morte	44	34	77,27%	34	0
Noia-Arousa	55	18	32,73%	18	0
Pontevedra-Vigo	67	48	71,64%	14	34
Total	250	148	59,20%	79	59

Fonte: elaboración propia.

O directorio non nos permitía desde a orixe coñecer que empresas eran de litoral e cales de altura ou grande altura. A revisión inicial dos cuestionarios permitiunos distinguir as respostas por tipo de frota. Tal e como se observa no mesmo cadro 2, dos 148 cuestionarios 79 (o 53,4% da mostra definitiva) eran de frota de pesca de litoral (a afectada directamente polo Prestige), mentres que o resto correspondía a frota de altura ou grande altura⁴³.

Dos 79 cuestionarios contestados correspondentes á frota de litoral, un total de 17 referíanse a empresas pesqueiras con embarcacións de capacidades superiores a 100 TRB, probablemente correspondentes ás modalidades censadas en “Arrastre” e “Palangre de Superficie” da frota galega do Cantábrico Noroeste (ver cadro 3)⁴⁴. O resto

⁴² Descoñecemos a causa final desta resposta asimétrica. Non obstante, chama a atención a coincidencia de que a baixa resposta relativa se producise, precisamente, nas grandes comarcas onde a incidencia do vertedura resultou ser relativamente de menor importancia (tal e como comprobamos nas estimacións indirectas). Quizais a disposición a contestar un cuestionario destas características (por parte dos representantes das empresas pesqueiras), sexa maior naqueles contornos sociais en que existe a percepción de que o derramo os afectou de forma significativa.

⁴³ É dicir, en termos relativos a acollida e resposta do cuestionario fose mellor no segmento de frota menos numeroso (a frota de altura), pero cunha organización empresarial máis desenvolvida (libros de contabilidade, empregados administrativos, etc.) que lles permite contestar o cuestionario con menor custo e esforzo.

⁴⁴ Utilizamos aquí os datos do Rexistro de Buques Pesqueiros, ofrecidos pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia para o ano 2004. Por simplificación asumimos que soamente hai embarcacións superiores a 100 TRB nas modalidades de “Arrastre” e “Palangre de superficie”, mentres que as embarcacións do resto das modalidades non alcanzan a dita capacidade.

dos cuestionarios, un total de 62, correspondían a pequenas empresas pesqueiras e marisqueiras de Galicia probablemente encadradas dentro das demais modalidades, sobre todo na de “Artes menores”. Se utilizamos os datos do censo da frota galega para o ano 2004, cos cuestionarios utilizados apenas cubrimos o 1,5% do total das 5.314 embarcacións existentes (o 9,9% para a frota maior de 100 TRB e o 1,2% para a menor de 100 TRB).

Cadro 2.2.3.3. Mostra final e poboación total.


	Nº barcos	Mostra final	% s/ mostra
Frota > 100 TRB	172	17	9,88%
Frota < 100 TRB	5.142	62	1,21%
Total	5.314	79	1,49%

Fonte: elaboración propia.

Tal e como se observa no gráfico 1, dos 79 cuestionarios realizados á frota pesqueira e marisqueira do litoral de Galicia, chama a atención o elevado peso relativo dentro da mostra da frota situada nos portos da zona de Costa da Morte (a gran comarca litoral inicialmente máis afectada pola contaminación), o que debemos de ter presente á hora de analizar os resultados obtidos.

Outra cuestión importante que cómpre ter en conta está relacionada coa unidade básica de mostraxe seleccionada: a persoa física ou xurídica que dispón dunha embarcación pesqueira operativa. É dicir, con este cuestionario non estaremos cubrindo a parte da produción pesqueira que se xera co marisqueo a pé, fundamentalmente nos areas das zonas intermareais das rías.

Gráfico 2.2.3.1. Mostra definitiva de pesca de litoral por zona.



Fonte: Elaboración propia.

Para coñecer se a mostra considerada finalmente respondía ao perfil xeral da actividade pesqueira e marisqueira no litoral de Galicia, realizamos unha comparación dos resultados mostrais para 2001 con outras fontes de información. No cadro 4, reflíctense os principais datos económicos correspondentes ao ano 2001 recollidos a través da mostra. Tratábase dos datos medios das 79 observacións consideradas e a súa repartición entre os distintos conceptos, así como esa mesma repartición obtida a partir das táboas Input-Output Pesca-Conserva de Galicia para a pesca de litoral⁴⁵.

Como se pode comprobar, o peso relativo dos distintos conceptos da produción é moi similar en ambos os casos. Por termo medio, as empresas pesqueiras da mostra consomen de forma intermedia bens e servizos por un valor que significa o 26,61% da súa facturación. Ese mesmo dato nas táboas Input-Output para a pesca de litoral é do 25,72%. É dicir, menos dun punto porcentual de diferenza entre o observado a través da nosa mostra e o estimado por esa fonte de información.

Onde si observamos certas diferenzas é no peso relativo dos custos de persoal sobre o total. Mentres na nosa mostra representan, por termo medio, o 33,42%, nas táboas esa cifra non alcanza o 28%. Esta desviación pódese explicar pola forma en que se deseñou a mostraxe. Como xa dixemos, a mostraxe fundamentouse en unidades básicas extraídas dun directorio de empresas con traballadores asalariados, de aí que os custos laborais teñan na nosa mostra maior peso relativo.

⁴⁵ As táboas Input-Output da Pesca-Conserva en Galicia (García Negro, et al., 2003) tamén son utilizadas neste mesmo traballo como referente da distribución da produción nas estimacións indirectas das perdas de renda.

Cadro 2.2.3.4. Estrutura dos valores medios da mostra para 2001.

	Valor medio Observado	Estrutura %	Estrutura % Tio P-C
Produción	105.628,93	100,00%	100,00%
Consumos intermedios	28.105,21	26,61%	25,72%
Valor engadido	77.523,72	73,39%	74,28%
Gastos de persoal	35.304,77	33,42%	27,60%
Excedente explotación	42.218,95	39,97%	46,67%

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados e da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carme García Negro et al. (2003).

En resumo, os cuestionarios finalmente recollidos na mostra presentan significativos desequilibrios territoriais e por tipo de frota. Porén, os datos mostrais finalmente recollidos e considerados parecen reflectir correctamente a estrutura produtiva da frota de litoral. Como consecuencia, entendemos que a composición interna da mostra final non nos permite utilizar os resultados obtidos dos cuestionarios para estimar perdas por elevación. En contrapartida, cremos que a información recollida a través dos cuestionarios si é significativa en canto a poder coñecer tendencias na evolución recente da actividade pesqueira e marisqueira do litoral en Galicia. Polo tanto, as extrapolacións deben realizarse a partir dos datos observados na tendencia media da mostra.

Os principais resultados observados na pesca.

A partir dos 79 cuestionarios que finalmente compoñen a mostra, puidemos obter os resultados que se observan no cadro 5. Trátase de datos medios expresados en euros correntes.

Cadro 2.2.3.5. Datos medios observados na mostra.

(En € correntes)	2001	2002	2003
------------------	-------------	-------------	-------------

Facturación	105.628,93	98.965,97	88.024,41
Consumos intermedios	28.105,21	28.225,13	24.500,74
VAB	77.523,72	70.740,84	63.523,67
Custos persoal	35.304,77	33.894,21	29.908,26
Excedente de explotación	42.218,95	36.846,64	33.615,41
Empresas subvencionadas (en nº)	7	36	55
Subvencións*	1.914,86	2.325,82	6.427,43
Emprego (en nº de persoas)	3,71	3,61	3,56

*Nota: Media entre os que declararon recibir algunha subvención.

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

Como xa adiantamos, estes datos soamente son significativos da tendencia observada, de aí a necesidade de expresalos en termos constantes⁴⁶ e relativos, o que facemos no cadro 6.

Cadro 2.2.3.6. Evolución relativa dos datos medios observados na mostra.

(En €-03)	2001	2002	2003	% 02/01	% 03/01
Facturación	112.828,59	102.053,71	88.024,41	90,45%	78,02%
Consumos intermedios	30.020,86	29.105,75	24.500,74	96,95%	81,61%
VAB	82.807,73	72.947,96	63.523,67	88,09%	76,71%
Custos persoal	37.711,14	34.951,71	29.908,26	92,68%	79,31%
Excedente de explotación	45.096,59	37.996,25	33.615,41	84,26%	74,54%
Empresas subvencionadas (en nº)	7	36	55	514,29%	785,71%
Subvencións*	2.045,38	2.398,38	6.427,43	117,26%	314,24%
Emprego (en nº de persoas)	3,71	3,61	3,56	97,27%	95,90%

*Nota: Media entre os que declararon recibir algunha subvención.

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

Das cifras reflectidas no cadro 6 podemos destacar:

- En termos medios, as empresas pesqueiras de litoral enquisadas declararon que no ano 2002 facturaron, en termos monetarios reais, un 9,5% menos que no ano 2001. Esa porcentaxe elevouse a case un 22% no ano 2003.
- Os enquisados tamén declararon que os custos de explotación relativos ao consumo intermedio de bens e servizos descendieron nos anos 2002 e 2003 respecto a 2001 (un 3% e un 18%, respectivamente).

⁴⁶ Como nos anteriores casos, utilizamos como deflactor a serie do IPC harmonizado de España, subministrado polo INE, 2004.

- Como consecuencia do anterior, a perda porcentual na xeración de renda (valor engadido) foi lixeiramente maior que o respectivo descenso no nivel da produción. Perda do 12,0% en 2002 e do 23,3% en 2003.
- A evolución dos custos laborais estivo moi parella coa da produción. Resultado coherente co sistema maioritario de remuneración “á parte” que se mantén na pesca de litoral.
- A outra parte do valor engadido, o excedente de explotación (inclúe excedente bruto de explotación, rendas mixtas e impostos sobre a produción), sofre unha notable caída en relación a 2001 de case o 16% e do 25,5% nos anos 2002 e 2003, respectivamente.
- Aumentaron considerablemente, tanto o número enquisados que declararon ter recibido subvencións, como a contía media delas.
- O emprego declarado non sufriu tantas variacións, caendonn apenas entre un 2 e un 5% respecto ao rexistrado no ano 2001.

Da enquisa tamén se derivan algúns resultados relativos a expectativas de facturación e custos dos enquisados.

No cadro 7 reflíctese como, tendo en conta a información dispoñible sobre a contaminación do Prestige, dous terzos dos enquisados esperaban para 2003 unha facturación peor que a dos anos anteriores e soamente o 13% (10 das 75 respostas recibidas a esta pregunta) esperaba incrementar a súa produción.

Entre os 50 enquisados que esperaban reducir o valor da súa produción, 47 facilitáronnos unha cuantificación dela. A distribución da dita resposta, que tamén se pode observar no cadro 7, ten unha elevada varianza. De media, a principios de 2003, os enquisados esperaban descensos nas súas facturacións entre o 30 e o 40% respecto de anteriores anos.

En xeral, a maioría dos enquisados tamén esperaba a principios de 2003 reducir os seus custos de explotación anuais (43 das 74 respostas obtidas ao respecto). Tal e como aparece no cadro 8, a pesar das paradas de actividade, case o 19% esperaba incrementar os seus custos e case un 23% cría que se manterían estables. Entre os que esperaban reducir custos, a media esperaba un descenso de custos entre o 15 e o 20% respecto ao pasado ano, aínda que as respostas tamén sofren unha elevada dispersión (ver cadro 8).

Cadro 2.2.3.7. Expectativas de facturación.

Toda a mostra	nº respostas	%
Total	75	100,00%
Similar	15	20,00%
Incremento	10	13,33%
Redución	50	66,67%
Entre os que tiñan expectativas de redución	nº respostas	%
Total	47	100,00%
Redución do 5%	2	4,26%
Redución do 10%	6	12,77%
Redución do 15%	0	0,00%
Redución do 20%	6	12,77%
Redución do 30%	9	19,15%
Redución do 40%	6	12,77%
Redución do 50%	3	6,38%
Redución do 60%	9	19,15%
Redución maior 60%	6	12,77%

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

Cadro 2.2.3.8. Expectativas de custos de explotación.

Toda a mostra	nº respostas	%
Total	74	100,00%
Similar	17	22,97%
Incremento	14	18,92%
Redución	43	58,11%
Entre os que tiñan expectativas de redución	nº respostas	%
Total	43	100,00%
Redución do 5%	5	11,63%
Redución do 10%	10	23,26%
Redución do 15%	9	20,93%
Redución do 20%	4	9,30%
Redución do 30%	8	18,60%
Redución do 40%	5	11,63%
Redución do 50%	1	2,33%
Redución do 60%	1	2,33%
Redución maior 60%	0	0,00%

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

Do cuestionario tamén se desprende información de interese sobre os factores que, a xuízo dos entrevistados, teñen influencia sobre os maiores ou menores niveis de facturación anual. Un resumo sobre estas percepcións ofrécese no cadro 9.

Cadro 2.2.3.9. Percepcións da incidencia de factores diversos sobre a facturación.

	1 %	2 %	3 %	4 %	Media
a) Evolución xeral desfavorable/favorable economía	34,29	34,29	21,43	10,00	2,07
b) Descenso/aumento na demanda	52,63	35,09	5,26	7,02	1,67
c) Efectos negativos/positivos do Prestige	53,33	26,67	8,33	11,67	1,78
d) Perda/ganancia de imaxe dos nosos produtos	37,70	42,62	14,75	4,92	1,87
e) Evolución desfavorable/favorable dos prezos	46,38	40,58	13,04	0,00	1,67
f) Decremento/Incremento produción doutros países.	24,19	22,58	30,65	22,58	2,52
g) Perdas/aumentos en convenios internacionais.	5,08	18,64	28,81	47,46	3,19
h) Por cambios de regulación pública da actividade.	5,17	17,24	32,76	44,83	3,17
i) Pola inminente adhesión de novos países á UE	3,45	5,17	20,69	70,69	3,59
j) Pola situación interna da miña empresa.	7,02	24,56	42,11	26,32	2,88
k) Cuestións laborais	3,39	49,15	22,03	25,42	2,69
l) Avances técnicos propios ou alleos	3,51	31,58	28,07	36,84	2,98
m) Redución/aumento dos stocks naturais	31,67	23,33	38,33	6,67	2,20

Nota: 1 = moi importante; 2 = importante; 3 = pouco importante; 4 = nada importante.

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

Aos entrevistados solicitábaselles que valorasen de 1 a 4 (de maior a menor importancia) a incidencia de diversos factores sobre o seu nivel de facturación no ano 2003. A maioría dos enquisados entende que os factores que en 2003 máis influíron sobre o nivel de produción anual foron a evolución da demanda, os efectos derivados do Prestige, a evolución da imaxe dos produtos e a evolución dos prezos (obtiveron as medias máis baixas). Polo contrario, os factores que menor influencia tiveron foron a sinatura de convenios internacionais de pesca (as empresas entrevistadas non dependen deles para a súa actividade), a regulación pública da actividade ou a adhesión de novos países á Unión Europea (nos tres casos con valoracións medias superiores a 3).

Entre o total de entrevistados, o 53% valora o desastre do Prestige como factor moi importante e só un 20% entende que este factor foi pouco ou nada importante para o seu nivel de facturación en 2003.

No cadro 10 resúmese a mesma información para aquelas empresas que declararon ter descendido os seus niveis de facturación respecto do ano anterior (caso en que estaban o 75% das empresas pesqueiras entrevistadas).

Para este grupo, sen dúbida, o desastre do Prestige e os descenso da demanda aparecen como os principais factores no descenso de facturación. O 87,75% dos entrevistados que contestaron esta cuestión perciben como importante ou moi importante o efecto do Prestige sobre os seus niveis de facturación.

Cadro 2.2.3.10. Percepcións da incidencia de factores diversos entre os que reduciron a súa facturación en 2003 respecto a 2002.

	1 %	2 %	3 %	4 %	Media
a) Evolución xeral desfavorable/favorable economía	38,98	32,20	16,95	11,86	1,79
b) Descenso/aumento na demanda	56,52	34,78	4,35	4,35	1,55
c) Efectos negativos/positivos do Prestige	59,18	28,57	6,12	6,12	1,42
d) Perda/ganancia de imaxe dos nosos produtos	46,00	40,00	10,00	4,00	1,73
e) Evolución desfavorable/favorable dos prezos	48,28	43,10	8,62	0,00	1,76
f) Decremento/Incremento produción doutros países.	25,49	19,61	33,33	21,57	2,73
g) Perdas/aumentos en convenios internacionais.	6,12	18,37	28,57	46,94	3,44
h) Por cambios de regulación pública da actividade.	6,25	16,67	37,50	39,58	3,30
i) Pola inminente adhesión de novos países á UE	4,08	6,12	20,41	69,39	3,79
j) Pola situación interna da miña empresa.	8,33	25,00	43,75	22,92	3,00
k) Cuestións laborais	4,00	56,00	20,00	20,00	2,67
l) Avances técnicos propios ou alleos	4,17	29,17	29,17	37,50	3,12
m) Redución/aumento dos stocks naturais	24,49	22,45	46,94	6,12	2,48

Nota: 1 = moi importante; 2 = importante; 3 = pouco importante; 4 = nada importante.

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

Entre os 79 enquisados, tan só 36 cuantificaron as súas perdas de produción física. Para estes 36, a media de perdas en produción física situouse en 5,8 toneladas no ano 2002 e en 12,2 toneladas no ano 2003. Do conxunto das perdas de produción física, os entrevistados estimaron que o 95,54% delas foron debidas ao desastre do Prestige e o restante 4,46% a outros factores, que indirectamente tamén poden estar relacionados coa vertedura.

Os enquisados tamén foron preguntados sobre outros danos ligados ao desastre do Prestige. Do total de 79 enquisas, soamente o 23% (18 empresas) declararon que tiveron perdas económicas (unha media de 1.165 €-03 por empresa) ligadas a custos de reparacións e de limpeza das súas embarcacións como consecuencia da contaminación do petroleiro (ver cadro 11). No ano 2003, as empresas que tiveron perdas neste concepto eleváronse a 23 e por un importe medio superior (unha media de 1.216 €-03 por empresa). O 12% dos enquisados declararon ter sufrido custos de reparación e de limpeza de instalacións por culpa da contaminación (unha media de 3.900 €-03 por empresa afectada no ano 2003) e o 20% outros custos ligados á perda ou deterioración de aparellos e equipamento diverso.

Cadro 2.2.3.11. Outras perdas económicas asociadas ao Prestige.

	nº 2002	Media. 2002 (€-03)	nº 2003	Media. 2003 (€-03)
Reparación e limpeza do buque	18	1.165,5	23	1.216,1
Reparación e limpeza de instalacións	6	1.822,7	10	3.905,2
Perda ou deterioración aparellos e equipamentos	13	999,5	16	1.250,3

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

A través do cuestionario tamén nos interesaba identificar o coñecemento e, se for o caso, a utilización das distintas medidas e axudas dispoñibles no actual marco de responsabilidade ambiental en relación co desastre do Prestige.

Como se resume no cadro 12, unha elevada porcentaxe dos enquisados (o 88,5%) coñece algunhas das medidas paliativas postas en marcha polas distintas administracións públicas para paliar os efectos inmediatos do Prestige. Tamén unha elevada porcentaxe declara ter solicitado algunha das ditas axudas e tamén coñece outras medidas das administracións de carácter xeral destinadas a reducir o impacto da contaminación sobre o sector pesqueiro no seu conxunto. Porén, o coñecemento do Fondo Internacional de Indemnización por danos de hidrocarburos (FIDAC) é relativamente baixo (menos do 40% coñece a súa existencia), só un 11% pensa presentar reclamación ao dito fondo e case ninguén (un 4% dos entrevistados) declara coñecer as estimacións dos danos que manexa o FIDAC para o conxunto do sector pesqueiro español. Por outra parte, a gran maioría da mostra enquisada pertence a algunha asociación sectorial e foi consultada por esta sobre os danos sufridos como consecuencia das mareas negras. Non obstante, só a terceira parte dos enquisados

declara ter sido asesorado sobre este tema por algún organismo, o que tamén pode explicar o baixo coñecemento do FIDAC e as súas actuacións.

Cadro 2.2.3.12. Coñecemento e percepción de medidas paliativas.

	Nº respostas	SI %	NON %
Coñece medidas económicas paliativas de administracións	78	88,46	11,54
Solicitou algunha desas axudas	79	75,95	24,05
Coñece outras medidas xerais sobre o sector	79	65,82	34,18
Sabe que é o FIDAC	79	37,97	62,03
Reclamou ou reclamará ao FIDAC	79	11,39	88,61
Coñece estimacións que manexa o FIDAC	50	4,00	96,00
Pertence a algunha asociación do sector	79	91,14	8,86
Foi consultado pola súa asociación polos danos	79	73,42	26,58
Foi asesorado por algún organismo sobre este asunto	79	34,18	65,82

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

Entre os que declararon coñecer algunha das medidas económicas das administracións públicas, destinadas a paliar os eventuais impactos negativos do Prestige sobre as actividades ligadas á pesca en Galicia, destaca que a totalidade deles sabían das subvencións directas por cesamento da actividade. Porén, só a cuarta parte deles coñecían as axudas para sufragar gastos de reparación dos danos sufridos en embarcacións e instalacións ou as medidas de redución de impostos (IRPF, IVE, IAE, cotas á SS, etc.). Aínda menor (arredor do 16%) era o coñecemento doutras medidas.

Entre os que declararon ter solicitado algunha das axudas, soamente 40 ofreceron unha cuantificación delas (unha media de 9.650 € por empresa). Dos que non solicitaron axudas (19 dos 79 enquisados), o 84% foi por non ter nada que reclamar, o 10% por descoñecer as vías para facelo e o 5% porque entendía que os trámites e a espera eran excesivos en relación á reclamación que hai que presentar.

Para poder estimar de forma directa as perdas de ingresos nos anos 2002 e 2003 como consecuencia do desastre do Prestige, podemos recuperar a información do escenario cero para a pesca e o marisqueo. Para a estimación directa contamos co dato facilitado polo IGE para os segmentos pesqueiros correspondentes ao marisqueo desde embarcación e á pesca costeira que, no ano 2001, facturaron un total de 270,03 millóns de €-03 (39,59 millóns de €-03 do marisqueo desde embarcación e 230,44 millóns de €-

03 da pesca costeira)⁴⁷. Se a este dato lle aplicamos a porcentaxe de descenso anual estimado directamente a través da nosa mostra (ver cadro 6 deste punto), obteremos os resultados que se amosan no cadro 13.

Cadro 2.2.3.13. Estimacións directas das perdas de ingresos en pesca e marisqueo desde embarcación para os anos 2002 e 2003.

(miles €-03)	2002	2003	Total
Facturación estimada directamente	244.242,87	210.678,04	454.920,91
Perdas estimadas de ingresos	25.787,94	59.352,77	85.140,72
% perdas s/ facturación IGE-2001	9,55%	21,98%	15,76%

Fonte: Elaboración propia.

Como se pode comprobar, a nosas estimacións directas presentan unha perda de facturación acumulada entre os dous anos igual a 85,14 millóns de €-03 (o 30,3% correspondente ao ano 2002 e o restante 69,7% a 2003)⁴⁸. Esta cantidade supón un indicador de impacto medio do 15,76% respecto á estimación do IGE para o ano 2001 do total facturado entre a pesca costeira e o marisqueo desde embarcación nos dous anos.

En definitiva, a través dos cuestionarios estimamos que, nos anos 2002 e 2003, o descenso de ingresos do sector pesqueiro e marisqueiro galego afectado polo Prestige se sitúa nuns 85,14 millóns de €-03, fronte aos 64,76 millóns de €-03 que se estimaron por vías indirectas (ver punto 2.2.2.). En principio, dadas as hipóteses de partida e supostos adoptados nas estimacións, poderíamos considerar que a estimación indirecta se realizou en función de escenarios de mínimos, mentres que a directa, posiblemente, teña un nesgo que tenda a sobrevalorar as perdas. Polo tanto, é probable que os descensos reais de ingresos derivados da catástrofe se sitúen no intervalo marcado por ambas as cifras (entre 65 e 85 millóns de €-03).

⁴⁷ Dado que a través dos cuestionarios non puidemos obter información sobre o marisqueo a pé, aquí non se terá en consideración.


⁴⁸ Nesta operación estamos asumindo que todos os descensos de ingresos nos anos 2002 e 2003 foron provocados polo desastre do Prestige. Recordar que, de acordo coas respostas ao noso cuestionario, os pescadores estimaban que o 95,54% das perdas de produción foron ocasionadas directamente pola contaminación do Prestige.

Os principais resultados observados na pesca por grandes comarcas.

A título orientativo podemos desagregar a información económica da mostra por grandes zonas ou comarcas costeiras. Esta información resúmese nos cadros 14 ao 18, que se amosan máis adiante, e dela podemos destacar:

- En xeral, en todas as comarcas se aprecia unha facturación decrecente nos anos 2002 e 2003 respecto a 2001. A única excepción é a da zona da Mariña-Ortegal para o ano 2002, onde a produción en unidades monetarias constantes practicamente permaneceu invariable respecto a 2001.
- Detéctanse notables desequilibrios na evolución relativa da produción pesqueira por zonas (ver gráfico 2). As zonas máis afectada en canto a descensos relativos na produción foron a de Costa da Morte e a de Pontevedra-Vigo.

Gráfico 2.2.3.2. Evolución da facturación pesqueira por zonas en 2002 e 2003.




Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

- Salvo na gran comarca da Mariña-Ortegal, os gastos de explotación en adquisición de bens e servizos para o consumo intermedio tamén baixaron. Podemos supor, polo tanto, que a actividade pesqueira foi menor, o que permitiu un lixeiro aforro de custos correntes variables. As dúas grandes comarcas en que máis baixou a facturación (Costa da Morte e Pontevedra-Vigo) tamén son nas que os descensos nos consumos intermedios foron relativamente maiores, mesmo lixeiramente por encima do descenso no nivel de produción respecto a 2001.

- Combinando as dúas anteriores evolucións obtemos un descenso xeneralizado na xeración de valor engadido, tanto no ano 2002 como no 2003 (ver gráfico 3). Porén, as causas ou a intensidade do dito descenso son diferentes en cada caso.

Gráfico 2.2.3.3. Evolución do valor engadido pesqueiro xerado por zonas en 2002 e 2003.



Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 79 empresas.

- Na Mariña-Ortegal, o descenso do valor engadido observado na mostraxe débese ao incremento significativo dos custos de explotación sen que a facturación seguisse a mesma tendencia. Nas zonas da Coruña-Ferrol e de Noia-Arousa, os descensos no valor engadido observado na mostra oscila arredor do 8% no ano 2002 e do 9 ao 13% en 2003. Na Costa da Morte e Pontevedra-Vigo, os descensos detectados no valor engadido son moito máis significativos, alcanzando o máximo do 45% na Costa da Morte para o ano 2003.
- En liñas xerais, os descensos no valor engadido repercutiron tanto na remuneración do traballo como no excedente de explotación (que inclúe o excedente bruto de explotación, as rendas mixtas e os impostos sobre a produción), aínda que en maior medida neste último.
- Nos casos da Mariña-Ortegal e de Noia-Arousa, en termos relativos os custos laborais mantivéronse ou mesmo subiron, polo que todo o descenso na renda recaeu

sobre o excedente de explotación. Nas outras tres grandes comarcas, os descensos relativos na renda xerada repartíronse de forma bastante equilibrada entre a remuneración do traballo e o excedente de explotación.

- A media de empregos por empresa pesqueira non variou tanto coma o resto dos datos económicos na mostra. Mentres nas grandes comarcas da Mariña-Ortega e de Noia-Arousa os empregos medios permaneceron estables (o mesmo creceron respecto a 2001), no resto das comarcas o número de persoas ocupadas por empresa sufriu un lixeiro descenso non superior a un 3% respecto da media de 2001. A excepción encóntrase na comarca de Pontevedra-Vigo para o ano 2003, onde o emprego medio observado na mostra caeu algo máis dun 11% respecto a 2001.

Cadro 2.2.3.14. Datos medios da mostra na Mariña-Ortega.

(En €-03)	2001	2002	2003	% 02/01	% 03/01
Facturación	266.664,65	267.823,68	248.820,20	100,43%	93,31%
Consumos intermedios	54.880,99	67.485,85	80.148,25	122,97%	146,04%
VAB	211.783,66	200.337,82	168.671,95	94,60%	79,64%
Custos persoal	93.051,26	95.672,88	96.863,40	102,82%	104,10%
Excedente de explotación	118.732,39	104.664,94	71.808,55	88,15%	60,48%
Emprego (nº de persoas)	5,00	5,00	5,00	100,00%	100,00%

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 5 empresas.

Cadro 2.2.3.15. Datos medios da mostra na Coruña-Ferrol.

(En €-03)	2001	2002	2003	% 02/01	% 03/01
Facturación	98.785,46	92.638,24	83.030,36	93,78%	84,05%
Consumos intermedios	48.061,94	45.525,14	36.636,24	94,72%	76,23%
VAB	50.723,52	47.113,10	46.394,12	92,88%	91,46%
Custos persoal	42.673,41	39.669,90	39.645,39	92,96%	92,90%
Excedente de explotación	8.050,11	7.443,21	6.748,73	92,46%	83,83%
Emprego (nº de persoas)	4,50	4,25	4,38	94,44%	97,22%

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 8 empresas.

Cadro 2.2.3.16. Datos medios da mostra na Costa da Morte.

(En €-03)	2001	2002	2003	% 02/01	% 03/01
Facturación	97.127,83	84.404,37	52.578,26	86,90%	54,13%

Consumos intermedios	15.985,18	13.466,53	7.883,33	84,24%	49,32%
VAB	81.142,66	70.937,84	44.694,92	87,42%	55,08%
Custos persoal	28.216,11	24.255,76	14.695,94	85,96%	52,08%
Excedente de explotación	52.926,54	46.682,08	29.998,99	88,20%	56,68%
Emprego (nº de persoas)	2,97	2,94	2,88	99,01%	97,03%

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 34 empresas.

Cadro 2.2.3.17. Datos medios da mostra en Noia-Arousa.

(En €-03)	2001	2002	2003	% 02/01	% 03/01
Facturación	140.443,49	132.062,52	121.874,20	94,03%	86,78%
Consumos intermedios	46.579,20	45.289,61	39.859,40	97,23%	85,57%
VAB	93.864,29	86.772,91	82.014,80	92,45%	87,38%
Custos persoal	42.565,07	43.738,19	43.411,72	102,76%	101,99%
Excedente de explotación	51.299,21	43.034,73	38.603,08	83,89%	75,25%
Emprego (nº de persoas)	3,47	3,83	3,83	110,45%	110,45%

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 18 empresas.

Cadro 2.2.3.18. Datos medios da mostra en Pontevedra-Vigo.

(En €-03)	2001	2002	2003	% 02/01	% 03/01
Facturación	76.167,06	52.510,32	47.442,00	68,94%	62,29%
Consumos intermedios	23.208,45	15.831,76	14.058,50	68,22%	60,57%
VAB	52.958,61	36.678,57	33.383,50	69,26%	63,04%
Custos Persoal	31.266,80	24.975,66	19.770,14	79,88%	63,23%
Excedente de explotación	21.691,81	11.702,90	13.613,36	53,95%	62,76%
Emprego (nº de persoas)	4,43	4,14	3,93	93,55%	88,71%

Fonte: elaboración propia a partir dunha mostra de 14 empresas.

O caso da estimación directa das perdas de produción na acuicultura mariña.

Ao igual que no caso da pesca e o marisqueo, o noso obxectivo é realizar unha estimación directa dos efectos económicos xerados polas distintas mareas negras do *Prestige* sobre a produción e a obtención de rendas no subsector acuícola.

O ámbito poboacional defínese no cadro 19 a partir do directorio subministrado pola Seguridade Social⁴⁹. A agrupación por grandes comarcas efectuouse seguindo criterios similares ao caso da pesca e marisqueo. No directorio figuran 182 empresas situadas fundamentalmente nas comarcas de Noia-Arousa e Pontevedra-Vigo (53 e 26%, respectivamente, sobre o total).

A unidade básica de mostraxe é, neste caso, a persoa física ou xurídica que posúe unha instalación acuícola en Galicia, coa excepción comentada na nota anterior. O tamaño da mostra seleccionouse tratando de cumprir o nivel mínimo considerado estatisticamente significativo (10%), e a distribución por grandes comarcas amósanse no cadro 19.

Cadro 2.2.3.19. Directorio e mostra para a acuicultura por zonas.

Gran comarca	Directorio empresas	Mostra
Mariña-Ortegal	5	1
A Coruña-Ferrol	21	4
Costa da Morte	14	3
Noia-Arousa	96	22
Pontevedra-Vigo	46	9
Resto	0	0
Total	182	39

Fonte: Elaboración propia a partir do directorio subministrado pola Seguridade Social.

Seguindo exactamente o mesmo procedemento de mostraxe que o realizado para o subsector pesca e marisqueo obtivéronse os resultados que se amosan no cadro 20.

Cadro 2.2.3.20. Mostra definitiva para a acuicultura por zonas.

Gran comarca	Mostra inicial	Mostra final	%s/ mostra inicial
Mariña-Ortegal	1	0	0,00
A Coruña-Ferrol	4	2	50,00
Costa da Morte	3	1	33,30
Noia-Arousa	22	4	18,20
Pontevedra-Vigo	9	2	22,22

⁴⁹ O utilizar este directorio implica deixar fóra da poboación aquelas instalacións, fundamentalmente dedicadas ao cultivo do mexillón, que non dispoñen de traballadores asalariados en cadro de persoal.

Resto	0	0	
Total	39	9	23,08

Fonte: Elaboración propia.

Como se pode observar o índice de resposta foi notablemente baixo. Apenas se cubriu o 25% da mostra inicial para o conxunto das grandes comarcas. Isto é especialmente significativo naquelas zonas máis afectadas polas mareas negras (Costa da Morte, Noia-Arousa, Pontevedra-Vigo), en que se obtivo aproximadamente o 33, 18 e 22%, respectivamente, de cuestionarios debidamente cubertos. Non obstante, a maior parte dos cuestionarios realizados corresponde ás ditas zonas (arredor do 78% da mostra final).

Se, ao igual que no caso da pesca e o marisqueo, comparamos os resultados mostrais para 2001 coa información subministrada polas táboas Input-Output Pesca-Conserva de Galicia para a acuicultura obteremos diferenzas significativas. Aínda que iso pode obedecer á ausencia na mostra dun gran número de instalacións dedicadas ao cultivo de mexillón e ao nesgo, por tanto, da mostra cara a outro tipo de instalacións acuícolas. En particular, no cadro 21 pódese observar como os consumos intermedios e os gastos de persoal das empresas mostraxeadas absorben unha porcentaxe da facturación media sensiblemente superior ás cifras subministradas polas TIO.

Porén, se esa comparación a realizamos cos datos macroeconómicos correspondentes a 2001 estimados polo IGE para este subsector, observamos que practicamente non existen diferenzas significativas entre a estrutura obtida na mostra e as estimacións realizadas polo IGE. A maior diferenza, arredor de dous puntos porcentuais, encóntrase nos conceptos de consumos intermedios e, en consecuencia, no valor engadido resultante.

Cadro 2.2.3.21. Estrutura dos valores medios da mostra de acuicultura para 2001 (€ correntes).

	Valor media observado	Estrutura %	Estrutura % TIO P-C	Estrutura % IGE
Produción	417.124,71	100,00	100,00	100,00
Consumos intermedios	155.246,83	37,22	28,29	34,89
Valor engadido bruto	261.877,89	62,78	71,71	65,10
Gastos de persoal	70.433,60	16,89	11,06	17,54

EBE/RMx	191.444,29	45,90	60,65	47,57
---------	------------	-------	-------	-------

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados, da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carmo García Negro (2003) e dos datos macroeconómicos publicados polo IGE, 2004: Macromagnitudes da pesca, ano 2001-2002.

En calquera caso, a pesar das similitudes entre a mostra final e as estimacións do IGE respecto á estrutura produtiva do subsector, os resultados derivados da análise dos devanditos cuestionarios (os cales mostraremos máis abaixo), deben tomarse con suma cautela. Debemos ter presente a ausencia de instalacións acuícolas na nosa poboación de partida (aquelas que non dispoñen de asalariados), o baixo índice de resposta obtido no proceso de mostraxe, e as diferenzas detectadas entre os resultados obtidos nos cuestionarios realizados e a información subministrada polas TIO P-C en relación coa estrutura produtiva do subsector acuícola. Por todo iso, a énfase porase na evolución da actividade acuícola, e non tanto nas cifras absolutas derivadas da mostra; e, en particular, a extrapolación realizarase a partir dos datos observados na tendencia media detectada na mostra.

A partir dos cuestionados finalmente realizados obtéñense os resultados medios que se amosan nos cadros 22 e 23 en unidades monetarias correntes e constantes, respectivamente.

Cos datos medios obtidos, en termos absolutos, é posible estimar a evolución relativa deles ao longo do período 2001-2003, utilizando para iso diferentes taxas de variación que se amosan no cadro 24.

Cadro 2.2.3.22. Datos medios observados na mostra final da acuicultura mariña en unidades monetarias correntes (€ correntes).

	2001	2002	2003
Facturación	417.124,71	615.351,3 3	591.656,3 3
Consumos intermedios	155.246,83	215.243,5 6	242.465,7 2
Valor engadido bruto	261.877,89	400.107,7 8	349.190,6 1
Gastos de persoal	70.433,60	80.731,67	101.080,5 0
EBE/RMx	191.444,29	319.376,1	248.110,1

		1	1
Emprego	6	6	4
Empresas subvencionadas (nº)	0,00	2	2
Subvencións	0,00	30.894,00	20.708,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados.

Cadro 2.2.3.23. Datos medios observados na mostra final da acuicultura mariña en unidades monetarias constantes (€-03).

	2001	2002	2003
Facturación	445.555,93	634.550,29	591.656,33
Consumos intermedios	165.828,45	221.959,15	242.465,72
Valor engadido bruto	279.727,48	412.591,14	349.190,61
Gastos de persoal	75.234,35	83.250,49	101.080,50
EBE/RMx	204.493,13	329.340,65	248.110,11
Emprego	6	6	4
Empresas subvencionadas (nº)	0,00	2	2
Subvencións	0,00	31.857,89	20.708,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados.

Cadro 2.2.3.24. Evolución relativa dos datos medios obtidos na mostra da acuicultura mariña.

	% 02/01	% 03/01	% 03/02
Facturación	142,42	132,79	93,24
Consumos intermedios	133,85	146,21	109,24
Valor engadido bruto	147,50	124,83	84,63
Gastos de persoal	110,65	134,35	121,42
EBE/RMx	161,05	121,33	75,34
Emprego	100,00	66,67	66,67
Subvencións	--	--	65,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados.

Os enquisados declararon que a facturación dos anos 2002 e 2003 aumentou, en termos medios, a un ritmo do 42 e 33%, respectivamente, respecto á facturación

declarada en 2001. Iso pon de manifesto, con todas as excepcións comentadas máis arriba para a mostra final obtida, unha tendencia sensiblemente descendente (nove puntos porcentuais menos) nos incrementos de facturación estimados. Así mesmo, se nos fixamos na variación anual entre os anos 2003 e 2002, tomando como ano base este último, obsérvase un notable descenso entre ambos (arredor do 7%).

Chegados a este punto e dadas as dificultades encontradas neste subsector, podemos comparar os resultados obtidos coas fontes externas utilizadas na epígrafe de contextualización do sector pesqueiro galego. Trátase de constatar se se amosan tendencias similares ou se, polo contrario, a mostra final utilizada non reflicte o comportamento do sector. Para iso, podemos recuperar e reorganizar os datos sobre a evolución dos ingresos totais derivados da produción mitícola e da piscícola de rodaballo en Galicia (que reproducimos no cadro 25).

Cadro 2.2.3.25. Evolución da produción acuícola estimada con fontes externas.

	2001 (Miles € 03)	2002 (Miles € 03)	2003 (Miles € 03)	Diferenz a% 02/01	Diferenz a % 03/02
Mexillón	138.181,8	154.478,2	138.834,3	11,79	-10,13
Rodaballo	27.991,1	29.571,1	27.299,7	5,65	-7,68
Total	166.172,9	184.049,3	166.134,0	10,76	-9,74

Fonte: Elaboración propia a partir de información subministrada polo MAPEA (2004), Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia (2003) e OPMEGA (2004).

Calculando as correspondentes taxas de variación chegamos a resultados moi similares aos derivados da mostra. En particular, a variación da facturación estimada no ano 2002 reflicte tamén incrementos nos niveis de facturación de doce e seis puntos nos cultivos de mexillón e rodaballo, respectivamente. Por outro lado, é especialmente significativo o descenso reflectido entre os anos 2002 e 2003, o cal se sitúa en aproximadamente o 9,7% (na mostra obtívose un descenso do 7%), máis acusado agora no caso do mexillón (10%) que no do rodaballo (8%). De todos modos e a pesar das similitudes detectadas fundamentalmente na tendencia dos niveis de facturación, o feito de dispoñer dunha mostra reducida desde un punto de vista estatístico, obríganos a ser prudentes nas posibles conclusións que se deriven de análise posteriores.

No cuestionario tamén se pode obter información sobre os factores que, a xuízo dos entrevistados, poden ter influencia sobre os niveis de facturación, solicitándolles que os valorasen de maior a menor nivel de importancia. Os resultados amósanse no cadro 26.

Cabe salientar que, entre os factores de maior importancia sobre os descensos de facturación, destaca con gran diferenza sobre os demais os efectos negativos derivados do *Prestige*: un 83% dos entrevistados considera este factor como moi importante, e soamente un 17% entende que non tivo ningunha influencia sobre a súa facturación. Tamén a evolución xeral da economía, o descenso da demanda e a variación nos stocks naturais inciden, en opinión dos entrevistados, de maneira importante na facturación do ano 2003. En cambio, entre os factores de menor ou nula importancia destacan a sinatura de convenios internacionais de pesca (algo previsible dado que a existencia destes acordos referidos ao subsector acuícola é practicamente nula, non así para o sector extractivo) e os efectos da adhesión de novos países á UE.

Cadro 2.2.3.26. Acuicultura Mariña: Percepción da incidencia de factores diversos entre os que reduciron a facturación do 2003 respecto ao 2002.

	1 %	2 %	3 %	4 %
a) Evolución xeral desfavorable/favorable economía	--	67,67	16,67	16,67
b) Descenso/aumento na demanda	40,00	40,00	--	20,00
c) Efectos negativos/positivos do <i>Prestige</i>	83,33	--	--	16,67
d) Perda/ganancia de imaxe dos nosos produtos	40,00	20,00	40,00	--
e) Evolución desfavorable/favorable dos prezos	16,67	50,00	33,33	--
f) Decremento/incremento produción doutros países	50,00	--	25,00	25,00
g) Perdas/aumentos en convenios internacionais	--	20,00	--	80,00
h) Cambios na regulación da actividade	--	20,00	40,00	40,00
i) Inminente adhesión de novos países á UE	--	20,00	20,00	60,00
j) Situación interna da miña empresa	20,00	20,00	40,00	20,00
k) Cuestións laborais	--	20,00	60,00	20,00
l) Avances técnicos propios ou alleos	40,00	20,00	20,00	20,00
m) Redución/aumento dos stocks naturais	40,00	60,00	--	--
n) Outros	--	--	--	--

1=Moi importante; 2=Importante; 3=Pouco importante; 4=Nada importante.

Fonte: Elaboración propia a partir dos cuestionarios realizados.

Con estes datos obtidos de forma directa a través de cuestionarios trataremos de realizar unha estimación da produción cesante no subsector acuícola como consecuencia

do desastre do Prestige. Para iso, aplicaremos a evolución observada na mostra para o período 2002-03 sobre os datos macroeconómicos publicados polo IGE para este subsector no ano 2002⁵⁰. Como se pode observar no cadro 27, a nosa estimación directa presenta unha perda de facturación no sector acuícola galego de 15,86 millóns de €-03, o que supón un factor de impacto do 6,76% sobre o total facturado por este sector en Galicia durante o ano 2002.

Cadro 2.2.3.27. Estimación directa das perdas de ingresos na acuicultura mariña de Galicia no ano 2003.

(miles €-03)	Acuicultura Galicia
Facturación estimada polo IGE para 2002	234.607,17
Facturación estimada a través da mostra para 2003	218.748,33
Perdas estimadas de ingresos en 2003	- 15.858,84
% perdas s/ facturación estimada por IGE 2002	- 6,76%

Fonte: Elaboración propia e IGE (2004).

En definitiva, con todas as excepcións apuntadas neste caso, a través de cuestionarios estimamos de forma directa uns descensos de facturación no subsector acuícola galego equivalentes a 15,86 millóns de €-03, mentres que, a partir das fontes estatísticas dispoñibles, a estimación indirecta das perdas quedaban en 8,98 millóns de €-03. Ao igual que ocorría na pesca e marisqueo, estas diferenzas no factor de impacto (-6,76% dos ingresos na estimación directa fronte ao -5,13% na indirecta), poderían deberse aos distintos supostos e puntos de referencia adoptados nas diferentes estimacións. Na estimación indirecta, os escenarios contemplados foron bastante conservadores⁵¹, polo que as perdas reais no subsector atribuíbles ao desastre do Prestige, posiblemente se localicen entre ambas as cifras.

⁵⁰ Cabe recordar aquí as similitudes existentes na estrutura produtiva entre as empresas da nosa mostra e as correspondentes ás estimacións macroeconómicas realizadas polo IGE. Nesta operación estamos asumindo que todos os descensos de ingresos do ano 2003 foron provocados polo desastre do Prestige pois, de acordo coas respostas ao noso cuestionario, máis do 80% dos produtores o consideraban un factor determinante nos seus descensos de facturación.

⁵¹ Soamente se consideraba a produción acuícola de mexillón e rodaballo. Ademais, debemos recordar que nunha primeira aproximación estimativa, as cámaras de comercio de Galicia elevaban as posibles perdas de facturación en 2003 a 90 millóns de € (cámaras de comercio, 2003).

ENQUISA DE EVOLUCIÓN DE ACTIVIDADE EN EMPRESAS PESQUEIRAS DE GALICIA

O Consello Económico e Social de Galicia, coa colaboración das organizacións empresariais non representadas, apoia e garante o anonimato das respostas a este cuestionario e o seu segredo estatístico (segundo a Lei orgánica de protección de datos) que realiza a empresa Sondaxe e elaborou o Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo.

Identificación da empresa ou asociación: _____
Nome ou razón social: _____
Enderezo, municipio e provincia: _____

Persona de contacto: _____ Tfno.: _____ Fax: _____

Tipo de actividade

Acuicultura 1 _____ % Pesca..... 7 _____ %
Mexillón2 _____ % Costeira 8 _____ %
%
Piscicultura. 3 _____ % Altura 9 _____ %
Marisqueo 4 _____ % Grande altura 10 _____ %
%
A pé 5 _____ % Conservación e transformación
Desde embarcación6 _____ % de produtos do mar
11 _____ %

Maioristas12 _____ %
Viveiros 13 _____ %

Outras actividades (¿cales?): _____

En caso de desenvolver varias actividades, sinállese de forma aproximada a repartición porcentual da importancia delas para a súa empresa (en función de ingresos e custos)

Bloque 1. Indicadores de evolución da produción, custos, impostos e emprego.

Unidades utilizadas : euros1 Pesetas 2

	2001	2002	2003
Facturación ou produción total anual			
Facturación ligada á actividade principal			
Facturación ligada a outras actividades vinculadas coa pesca			
<i>Custos correntes:</i>			
Custos fixos			
Custos variables			
<i>Custos de persoal (incluída Seguridade Social):</i>			
Soldos e salarios			
Outras remuneracións			
Seguridade Social			

<i>Axudas e subvencións:</i>			
Procedencia (Xunta, Ministerios, UE, ..)			
Motivo			
IVE soportado			
<i>IVE repercutido</i>			
<i>Emprego (nº de persoas ocupadas):</i>			
Asalariados			
Equivalente a tempo completo			

Bloque 2. Indicadores de orixe e destino.

P.2. Do total de bens e servizos consumidos no seu proceso produtivo, ¿que parte (%) son subministrados.....?

	2001	2002	2003
Por empresas de Galicia	%	%	%
Por empresas do resto de España	%	%	%
Por empresas do resto do mundo	%	%	%
Autoconsumo	%	%	%

P.3. ¿Que parte (%) da súa facturación anual é...?

	2001	2002	2003
A empresas:	%	%	%
A particulares	%	%	%
Autoconsumo	%	%	%

P.4. ¿Que parte (%) da súa facturación a EMPRESAS corresponde a empresas domiciliadas.....?

	2001	2002	2003
En Galicia	%	%	%
No resto de España	%	%	%
No resto do mundo	%	%	%

P.5. ¿Que parte (%) da súa facturación a PARTICULARES corresponde a empresas domiciliadas.....?

	2001	2002	2003
Residentes en Galicia	%	%	%
Residentes no resto de España	%	%	%
Residentes no resto do mundo	%	%	%

Bloque 3. Expectativas, percepcións, información e valoracións.

Expectativas.

P.6. A principio do ano 2003 ¿que expectativas tiña sobre o **nivel de facturación** que alcanzaría o seu negocio ao longo de todo o ano (sinale o que proceda en cada caso)?

Un 30 % 5
 Un 40 % 6
 Un 50 % 7
 Un 60 % 8
 Un _____ % 9

Similares 1 Incremento 2
 Redución 3

P6a.- ¿Aproximadamente, en que porcentaxe o cuantificaría?

Un 5 % 1
 Un 10 % 2
 Un 15 % 3 Un
 20 % 4

P.7. A principio do ano 2003 ¿que expectativas tiña sobre a **evolución de custos** que alcanzaría o seu negocio ao longo de todo o ano (sinale o que proceda en cada caso)?

Similares 1 Incremento 2
 Redución 3

P7a.- ¿Aproximadamente, en que
porcentaje o
cuantificaría?

<i>Un</i> 5 %		1	
<i>Un</i> 10 %		2	
<i>Un</i> 15 %		3	<i>Un</i>
20 %		4	
<i>Un</i> 30 %		5	
<i>Un</i> 40 %		6	
<i>Un</i> 50 %		7	
<i>Un</i> 60 %		8	
<i>Un</i> _____ %		9	

Percepcións

P8. No caso de que a facturación total do ano 2003 fose inferior/superior á de 2002 ,
¿podería ordenar a importancia dos seguintes factores de maior a menor (de 1 a 4),
segundo a súa percepción?

	1 Moi importante	2 Importante	3 Pouco importante	4 Nada importante
a) Evolución xeral desfavorable/favorable da economía	1	2	3	4
b) Descenso/aumento na demanda	1	2	3	4
c) Efectos negativos/positivos do Prestige	1	2	3	4
d) Perda/ganancia de imaxe dos nosos produtos	1	2	3	4
e) Evolución desfavorable/favorable dos prezos	1	2	3	4
f) Decremento/Incremento produción procedente doutros países.	1	2	3	4
g) Perdas/aumentos en convenios de pesca Internacionais.	1	2	3	4
h) Por os cambios da regulación pública da actividade.	1	2	3	4
i) Pola inminente adhesión de novos países á UE	1	2	3	4
j) Pola situación interna da miña empresa.	1	2	3	4
k) Cuestións laborais	1	2	3	4
l) Avances técnicos propios ou alleos	1	2	3	4
m) Redución/aumento dos stocks de recursos naturais	1	2	3	4
n) Outros:	1	2	3	4

P.9. Valoracións sobre a incidencia do Prestige.

(Por favor, indique en cada caso ás unidades utilizadas)

	En 2002	En 2003
a) Se a súa facturación se pode medir en termos físicos (toneladas, caixas, etc) , indíquenos o seu nivel de produción.		
b) En caso de que esta fose menor en 2003, ¿que parte (toneladas, ...) se pode achacar ao desastre do Prestige?		
c) ¿Como evolucionaron os prezos medios dos seus produtos ? (en + ou - %)		
d) ¿Cantas xornadas de actividade (en días) perdeu polo Prestige?		
e) ¿Cantas xornadas de traballo (en días por persoas) perdeu polo Prestige?		
f) Valore as perdas ocasionadas polo Prestige nos seguintes conceptos Reparacións, limpeza ou mantemento do buque Reparacións, limpeza ou mantemento de instalacións. Perda ou deterioración de aparellos e equipamento. Deterioración da imaxe dos seus produtos. Outras (sinalar):		

Información e valoración.

P10. ¿Coñece algunha medida económica da Administración (central ou autonómica) destinada a paliar os eventuais impactos negativos do Prestige sobre as actividades ligadas á pesca?

Non 2

Si 1 -----**P10. a.** ¿Cales? (*non ler, só marcar se o cita*)

Subvencións directas e indemnizacións do goberno aos afectados..... 1

Sufragar gastos de reparación de danos sufridos en instalacións e embarcacións 2

Redución de impostos (IRPF, IVE, IAE, Cotas a SS) 3

Acceso a créditos a tipo de xuro reducido para particulares 4

Outras citadas polo entrevistado 5

P.11. ¿Solicitou algunha destas axudas?

Si 1 ----- → **P11a.** ¿Cal?:

P11b. Importe: €

P11c. Non sei, xestiónanmo outros ...

Non 2----- →**P11c.** ¿Por que?:

Non teño danos que reclamar 1

Téñoos pero descoñezo as vías 2

Coñezo as vías pero os gastos de papeleo e a espera son excesivos 3

Outros motivos: 4

P12. ¿Coñece vostede algunha das medidas do Goberno destinadas a reducir o impacto negativo

Non 2

Si 1----- →**P12a.** ¿Cales? (no ler, só marcar se cita)

Maior control de calidade de augas e alimentos do mar.....1

Cerramento temporal de zonas para a pesca e/ou marisqueo..... 2

Promoción de produtos galegos e do turismo.....3

Limpeza e rexeneración de praias e rocas..... 4

Outras citadas polo entrevistado: 5

P.13. ¿Sabe vde. que é o FIDAC?

Non 2

Si 1-----→ (no ler, só marcar ou escribir o que diga)

Fondo Internacional de Indemnización de Danos Debidos á Contaminación por Hidrocarburos1

Outra resposta: 2

P.14. ¿Pensou vostede en presentar algunha **reclamación** ao dito fondo...?

Si 1 *Importe:* _____ €
Non se, xestiónanmo outros ...
 Non 2 ----- **→P14a** ¿Por que?
Non teño danos que reclamar 1
Téñoos pero descoñezo as vías 2
Consulteino, coñezo as vías pero
o papeleo e a espera son excesivos..... 3
Outras respostas: _____ 4

P15. ¿Sabe cal é a estimación de danos que realiza o Fondo para o conxunto do sector pesqueiro español?

_____ € Non sabe 0

P.16. ¿Está **vinculado** a algunha asociación empresarial do sector?

Si 1 --- **→P.16 a.** ¿A cal? : _____

Non 2

P.17. ¿Foi **consultado** por algunha asociación (empresarial, cámaras de comercio, etc.) en relación aos danos e impacto das mareas negras do Prestige na súa empresa?

Si 1 --- **→P.17 a.** ¿Por cal? : _____

Non 2

P.18. ¿Recibiu **asesoramento** sobre o particular por parte dalgún organismo?

Si 1 --- **→P.18 a.** ¿De cal? : _____

Non 2

2.3. AS PERDAS DE RENDA NO SECTOR PESQUEIRO E OS EFECTOS ENCADEADOS PARA A ECONOMÍA DE GALICIA.

2.3.1. AS PERDAS DE RENDA NO SECTOR DA PESCA.

O escenario cero para a estimación das perdas de renda.

No anterior punto estimamos unha perda dos ingresos da produción pesqueira e acuícola galega que resumimos no cadro 1. Estas estimacións de perdas acumuladas entre 2002 e 2003 oscilan entre un mínimo de 73 millóns de €-03 e uns 101 millóns de €-03, dependendo do tipo de estimación levada a cabo (indirecta ou directa)⁵². Estas perdas de ingresos representan entre o 5,7 e o 8% do valor da produción total do sector pesqueiro (pesca máis acuicultura) estimado polo IGE, que, en relación ao valor total da produción da economía galega, supoñen uns descensos da produción arredor dunha décima porcentual.

Unha vez establecidas as avaliacións das perdas monetarias na produción sectorial da pesca galega afectada polo desastre do Prestige, debemos convir como calcular que parte dela podería ter constituído valor engadido e, polo tanto, renda para o conxunto da economía de Galicia⁵³.

Como vimos en anteriores puntos, existen notables diferenzas na capacidade xeradora de renda dos distintos produtos do sector pesqueiro. Para poder observar estas diferenzas é preciso contar con información desagregada por subsectores, información que nos é facilitada pola publicación da Xunta de Galicia referida ás táboas Input-

⁵² Partimos dunha facturación estimada polo IGE (2004), para o sector pesca-acuicultura en 2001, de 1.193,5 millóns de € correntes que, aplicando o deflactor utilizado (IPC harmonizado), supoñen 1.274,82 millóns de €-03. Para o conxunto da economía o produto total estimado por esa fonte situouse en 68.235,61 millóns de € correntes, que supoñen uns 72.886,55 millóns de €-03.

⁵³ Á hora de estimar as perdas de renda no conxunto da economía debemos ser especialmente coidadosos. A afluencia masiva de axudas paliativas aos afectados e o conxunto de actuacións realizadas para frear a contaminación e os seus efectos poden facer crecer conxunturalmente a renda dispoñible dunha economía afectada por un desastre desta natureza. Así, por exemplo, no caso do Exxon Valdez (Alaska, marzo de 1989), a privatización da limpeza converteu o derramo de cru ("oil spill") no que algúns chamaron derramo de diñeiro ("money spill") cara a moitas das comunidades locais afectadas (Russell et al., 2001).

Output Pesca-Conserva⁵⁴. A partir desta fonte podemos elaborar a información que se reflicte no cadro 2⁵⁵.

Cadro 2.3.1.1. Resumo da estimación dos ingresos de produción cesantes no sector pesqueiro de Galicia.

	Pesca (miles €-03)	Acuicult. (miles €-03)	Total (miles €-03)
Valor da produción 2001 (IGE)			1.274.822,26
Perdas produción estimadas indirect.	-64.756,29	-8.977,10	-73.733,39
Perdas produción estimadas direct.	-85.140,72	-15.858,84	-100.999,56

Fonte: Elaboración propia e IGE (2004): Contas Económicas 2001.

Cadro 2.3.1.2. valor engadido e produción pesca-conserva en Galicia.

1999	Pesca litoral (miles €)	Pesca altura (miles €)	Acuicultura (miles €)	Conserva (miles €)
Produción	229.183	557.184	118.668	1.167.237
Consumos intermedios	58.955	222.850	33.567	705.701
Valor engadido	170.228	334.335	85.102	461.536
Gastos de persoal	63.264	181.676	13.131	79.696
Excedente explotación	106.964	152.659	71.971	381.840
	Pesca litoral %	Pesca altura %	Acuicultura %	Conserva %
Produción	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Consumos intermedios	25,72%	40,00%	28,29%	60,46%
Valor engadido	74,28%	60,00%	71,71%	39,54%
Gastos de persoal	27,60%	32,61%	11,06%	6,83%
Excedente explotación	46,67%	27,40%	60,65%	32,71%

Notas: A produción está valorada a prezos básicos e os consumos intermedios a prezos de adquisición. O excedente de explotación inclúe o excedente bruto de explotación, as rendas mixtas e outros impostos netos sobre a produción.


⁵⁴ M^a do Carme García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.

⁵⁵ En pesca de litoral agrupamos os segmentos de pesca de baxura, pesca de litoral e marisqueo, contemplados nas táboas *Input-Output Pesca-Conserva de Galicia*. En pesca de altura agregamos os segmentos de pesca de altura e pesca de grande altura. En acuicultura consideramos conxuntamente a miticultura e outras producións da acuicultura (piscicultura de rodaballo, principalmente). No segmento de conserva considéranse tanto os enlatados como os produtos elaborados a partir de produtos do mar (conxelados principalmente).

Fonte: Elaboración propia a partir da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carme García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.

Como podemos comprobar, unha parte moi significativa do valor total da produción da pesca-conserva galega acaba sendo valor engadido. O segmento con maior capacidade xeradora de renda por unidade de produto é o de pesca de litoral (en principio o máis afectado de forma directa polo desastre do Prestige), seguido pola acuicultura, a pesca de altura e, xa a moita distancia, pola actividade de elaborados e conservas de peixe (ver gráfico 1).

Gráfico 2.3.1.1. valor engadido por unidade Producida en Pesca-Conserva.



Fonte: Elaboración propia a partir da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carme García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.

Non hai ningunha razón que nos induza a pensar que a situación nos anos 2002 e 2003 cambiase significativamente respecto da mostrada nos cadros e figuras anteriores, que podemos asumir como escenario cero para a estimación da renda cesante. É dicir, poderíamos asumir que por cada millón de euros que deixasemos de producir no sector da pesca de litoral, aproximadamente deixaría de achegarse 743.000

€ en valor engadido, reducindo tanto os ingresos salariais (por valor de 276.000 €) como os ligados ao excedente de explotación ou renda mixta (en 467.000 €). Para o sector acuícola, por cada millón de euros que deixásemos de producir, aproximadamente descendería a renda en 717.100 € (110.600 € en soldos e salarios e o resto en excedente de explotación).

A estimación indirecta da renda cesante.

Como vimos anteriormente, e resumimos agora no cadro 3, para o sector da pesca e marisqueo, as perdas de produción acumuladas durante 14 meses (de novembro de 2002 a decembro de 2003) derivadas do desastre do Prestige poderíanse situar nun mínimo de 56 millóns de €-03 (correspondentes ao que denominamos perdas nas lonxas de litoral). Nos dous últimos meses de 2002 rexistráronse descensos nos ingresos derivados a produción pesqueira que pasa por lonxa en Galicia de algo máis dun 25% respecto ao escenario de referencia e, no ano 2003, o impacto negativo non alcanzou o 10%. Para os 14 meses considerados, as perdas de facturación supoñen o 12,16% dos ingresos habituais polo peixe e marisco frescos comercializados nas lonxas de Galicia⁵⁶.

Cadro 2.3.1.3. Primeira estimación indirecta de perdas de produción nas lonxas de litoral tras o Prestige.

Zonas	Total 14 meses (1.000 €-03)	2002 nov-dec (1.000 €-03)	2003 xaneiro-dec (1.000 €-03)
Mariña-Ortegal	-280,19	222,33	-502,52
A Coruña-Ferrol	-20.154,79	-4.579,62	-15.575,18
Costa da Morte	-10.087,08	-2.081,05	-8.006,03
Noia-Arousa	-8.361,24	-6.985,08	-1.376,16
Pontev-Vigo	-17.045,95	-5.116,19	-11.929,77
Total litoral	-55.929,26	-18.539,61	-37.389,65
% s/ total pesca fresca	-12,16%	-25,44%	-9,66%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

⁵⁶ Se só considerásemos as lonxas de litoral, esa porcentaxe elevaríase ao 28,09%.

Lembremos que a asunción deste nivel de perdas responde a un escenario moi conservador, por tres razóns principais:

- En primeiro lugar, na zona da Mariña-Ortegal unha parte significativa das perdas de produción están incorporadas nas lonxas de altura.
- En segundo lugar, tal e como nos adiantaba o IGE⁵⁷, non toda a produción pesqueira do marisqueo e a pesca costeira pasa por lonxa, mentres que na base de datos da Xunta de Galicia aquí utilizada, só se considera a produción que se comercializa a través desta vía.
- En terceiro lugar, aínda que en menor medida que no caso da Mariña-Ortegal, nas lonxas da Coruña, Marín e Vigo que clasificamos de altura, tamén se comercializa pesca procedente das frota de litoral.

A partir do escenario mínimo asumido para a produción, unha posterior análise por comarca confirmábanos que a concentración dos desembarques nos portos de altura da Mariña-Ortegal estaba provocando unha subvaloración das perdas de ingresos da frota de litoral desta gran comarca. Así, nunha segunda estimación obtivemos os resultados que se reflicten no cadro 4, onde o único cambio respecto das cifras mostradas no anterior cadro, refírense á estimación de ingresos perdidos na comarca da Mariña-Ortegal, que agora se elevan a 9,1 millóns de €-03⁵⁸.

Cadro 2.3.1.4. Segunda estimación indirecta de perdas de produción nas lonxas de litoral tras o Prestige.

Zonas	Total 14 meses (1.000 €-03)	2002 nov-dec (1.000 €-03)	2003 xaneiro-dec (1.000 €-03)
Mariña-Ortegal	-9.107,22	222,33	-9.329,55
A Coruña-Ferrol	-20.154,79	-4.579,62	-15.575,18
Costa da Morte	-10.087,08	-2.081,05	-8.006,03

⁵⁷ Segundo o IGE (IGE, 2004: Macromagnitudes da pesca 2001-02), aproximadamente o 2% da produción marisqueira e o 18% da pesca costeira non pasan por lonxa.

⁵⁸ Supuxemos que as perdas de ingresos sen a comarca da Mariña-Ortegal se acumulaban no ano 2003, tal e como nos parece indicar as tendencias mostradas polas lonxas exclusivamente de litoral desa comarca (ver punto de evolución da produción por comarcas).

Noia-Arousa	-8.361,24	-6.985,08	-1.376,16
Pontev-Vigo	-17.045,95	-5.116,19	-11.929,77
Total litoral	-64.756,29	-18.539,61	-46.216,68
% s/ total pesca fresca	-14,08%	-25,44%	-11,94%

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia: Estatísticas de Producción Pesqueira. Plataforma Tecnolóxica da Pesca: www.pescadegalicia.com.

Aplicando as porcentaxes mostradas no cadro 2, que resumían a distribución da produción entre consumos intermedios e valor engadido para a pesca de litoral, obteríamos que a perda estimada de renda nestes sectores de actividade se situaría cerca en algo máis de 48,1 millóns de €-03 (13,8 millóns de €-03 nos dous meses de 2002 e os restantes 34,3 millóns de €-03 ao longo de 2003). Pola súa parte, os consumos intermedios do sector pesqueiro e marisqueiro de litoral descenderían en 16,65 millóns de €-03 (ver cadro 5).

Cadro 2.3.1.5. Descenso estimado da produción pesqueira e a súa distribución sobre os consumos intermedios e a renda da economía galega

	Total 14 meses (1.000 €- 03)	2002 nov-dec (1.000 €- 03)	2003 xaneiro- dec (1.000 €- 03)
Produción	-64.756,29	-18.539,61	-46.216,68
Consumos intermedios	-16.655,32	-4.768,39	-11.886,93
Valor engadido	-48.100,97	-13.771,22	-34.329,75
- Gastos de persoal	-17.879,21	-5.118,79	-12.760,43
- Excedente explotación	-30.221,76	-8.652,43	-21.569,33

Fonte: Elaboración propia.

Seguindo a mesma metodoloxía e asumindo que non existen significativas diferenzas xeográficas en canto á capacidade xeradora de renda das distintas frotas de litoral, a perda estimada de renda por grandes comarcas litorais amósase no cadro 6.


Cadro 2.3.1.6. Estimación indirecta das perdas de renda ligadas á pesca de litoral por grandes comarcas.

Zonas	Total 14 meses	2002 nov-dec	2003 xaneiro- dec
A Mariña-Ortegal	-6.764,84	165,15	-6.929,99
A Coruña-Ferrol	-14.970,98	-3.401,74	11.569,24
Costa da Morte	-7.492,68	-1.545,80	-5.946,88
Noia-Arousa	-6.210,73	-5.188,52	-1.022,21
Pontev-Vigo	-12.661,73	-3.800,30	-8.861,43
Total litoral	-48.100,97	13.771,22	34.329,75

Fonte: Elaboración propia.

Como se pode observar no gráfico 2, as perdas estimadas de renda foron máis cuantiosas nas grandes zonas da Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo. Porén, dada a importancia que ten a actividade pesqueira e marisqueira de litoral no conxunto da economía das zonas costeiras da Costa da Morte e Noia-Arousa, en termos relativos, é moi probable que a incidencia sobre a renda total destas comarcas sexa bastante máis significativa.

Gráfico2.3.1.2. Distribución por grandes comarcas das perdas estimadas de renda na pesca litoral.



Fonte: Elaboración propia.

Vista a evolución da produción e dos prezos nas lonxas de altura (polo menos nas lonxas da Coruña, Marín e Vigo), os produtos procedentes das froas de

altura non sufriron indirectamente consecuencias prexudiciais ligadas ao Prestige. As medidas adoptadas de paralización da actividade e as campañas realizadas, parecen ter logrado manter a confianza dos consumidores e a imaxe de calidade dos produtos pesqueiros galegos. Por esta razón, consideramos que as perdas de ingresos que puidesen ter as frota de altura e grande altura en Galicia, están ligadas a factores distintos do Prestige, como a maior ou menor dispoñibilidade de cotas de pesca ou a evolución dos prezos do peixe nos cada vez máis abertos mercados internacionais (que, en termos monetarios reais, en ocasións producen tendencias descendentes nos niveis de prezos).

Pola súa parte, para a acuicultura estimáramos indirectamente un descenso da facturación de case 9 millóns de €-03. Se a esta cifra lle aplicamos as porcentaxes reflectidas na columna correspondente á acuicultura en Galicia do cadro 2, obteremos os datos que figuran no cadro 7. De acordo con eles, a caída na produción acuícola galega provocaría un descenso na renda equivalente a 6,44 millóns de €-03, a maior parte de ela en excedente de explotación.

Cadro 2.3.1.7. Descenso estimado da produción acuícola e a súa distribución sobre os consumos intermedios e a renda da economía galega

	Ano 2003 (1.000 €-03)
Produción	-8.977,10
Consumos intermedios	-2.539,62
Valor engadido	-6.437,48
- Gastos de persoal	-922,87
- Excedente explotación	-5.514,61

Fonte: Elaboración propia.

Estimación directa da renda cesante en pesca.

Como sinalamos no punto onde describimos o escenario cero para a pesca e o marisqueo, contamos coas estimacións facilitadas polo IGE para os segmentos

pesqueiros correspondentes ao marisqueo desde embarcación e á pesca costeira no ano 2001, que reproducimos novamente no cadro 8⁵⁹.

Se agora aplicamos a estes datos as porcentaxes de descenso anual das correspondentes partidas estimados directamente a través da nosa mostra obteremos os resultados que se amosan no cadro 9.

Cadro 2.3.1.8. Situación de partida para pesca e marisqueo desde embarcación. Ano 2001.

	Marisqueo desde embarcación (miles €-03)	Pesca costeira (miles €-03)	Total (miles €-03)
Facturación	39.594,88	230.435,94	270.030,82
Consumos intermedios	9.774,16	90.381,97	100.156,13
Valor engadido	29.820,72	140.053,97	169.874,69
- Custos de persoal	3.412,26	98.854,82	102.267,08
- Excedente explotación	26.408,46	41.199,14	67.607,61
Emprego (nº persoas)	4.816	9.357	14.173

Fonte: IGE (2004): Macromagnitudes da Pesca. Ano 2001-2002.

Cadro 2.3.1.9. Estimacións directas das perdas de renda en pesca e marisqueo para os anos 2002 e 2003.

	Estimacións directas (miles €-03)		Estimacións directas de perdas (miles €-03)		
	2002	2003	2002	2003	suma
Facturación	244.242,87	210.678,04	-25.787,94	-59.352,77	-85.140,72
Consumos intermedios	97.101,37	81.737,42	-3.054,76	-18.418,71	-21.473,47
Valor engadido	149.642,61	130.310,87	-20.232,08	-39.563,81	-59.795,89
- Custos de persoal	94.781,13	81.108,02	-7.485,95	-21.159,06	-28.645,01
- Excedente explotación	56.966,17	50.394,71	-10.641,44	-17.212,90	-27.854,33
Emprego (nº persoas)	13.786	13.592	-387	-581	-968

Fonte: Elaboración propia.

Como se pode comprobar, a nosas estimacións directas presentan unha perda de facturación acumulada entre os dous anos de 85,1 millóns de €-03, que se traduciron

⁵⁹ Dado que a través dos cuestionarios non puidemos obter información sobre o marisqueo a pé, aquí non se terá en consideración.

nunha renda cesante acumulada de 59,8 millóns de €-03 (20,2 millóns de €-03 en 2002 e 28,6 millóns de €-03 no ano 2003).

O descenso estimado de renda practicamente repartiuse de forma equilibrada entre soldos e salarios e o excedente de explotación⁶⁰.

Pola súa parte, as perdas estimadas de emprego alcanzan os 968 postos de traballo, a maior parte perdidos no ano 2003⁶¹.

Para comprobar novamente a fiabilidade da nosas estimacións directas, podemos contrastalas coas estimacións realizadas polo IGE para o ano 2002. Como se pode observar no cadro 10, para o ano 2002 as nosas estimacións directas achéganse bastante ás realizadas polo IGE. Tanto en termos de facturación como de valor engadido e emprego, a través da nosa mostra estimamos unhas cifras que difiren das do IGE en tal só un 3%⁶². Isto fainos pensar que as estimacións realizadas para o ano 2003, non deberían estar afastadas das producidas realmente.

Cadro 2.3.1.10. Comparación da nosa estimación directa coa realizada polo IGE para o ano 2002.

2002	A nosa estimación (miles €-03)	Estimación do IGE (miles €-03)	Diferenza porcentual
Facturación	244.242,87	251.194,90	-2,85%
Consumos intermedios	97.101,37	96.797,59	0,31%
Valor engadido	149.642,61	154.397,31	-3,18%
- Custos persoal	94.781,13	93.126,61	1,75%
- Excedente explotación	56.966,17	61.270,70	-7,56%
Emprego (nº persoas)	13.786	14.085	-2,17%

Fonte: Elaboración propia e IGE (2004).

⁶⁰ Obviamente, esta distribución da renda cesante é unha aproximación. Os efectos sobre os distintos colectivos dependen moito das circunstancias de cada caso. Así, por exemplo, no derramo do Exxon Valdez, algúns colectivos mesmo gañaron renda ao seren contratados para participar nos labores de limpeza ou para subministrar bens e servizos para ela (Cohen, 1997, citado en Russell et al., 2001).

⁶¹ Nun documento técnico do sindicato CC.OO. (2004), para os anos 2003 e 2004, nas comarcas máis afectadas (as que nós encadramos na Costa da Morte), observáronse incrementos nas taxas de paro significativamente por encima da media de Galicia.

⁶² A subvaloración que nós realizamos respecto ás cifras do IGE pode estar condicionada polo lixeiro nesgo xeográfico existente na mostra (con abundante presenza de empresas situadas na zona de Costa da Morte). Por outra parte, como xa adiantamos en anteriores puntos, a mostra recollía principalmente empresas con asalariados. Isto quizais poida explicar por que os custos de persoal estimados a través da nosa mostra superen os estimados polo IGE.

Na acuicultura, a través dos cuestionarios observamos as tendencias nas variables relevantes que se amosan no cadro 11.

Cadro 2.3.1.11. Estimación directa da perda de renda no subsector acuícola.

	IGE 2002 (1000 €- 03)	Mostra: Taxes variación n 03/02	Estimación directa	
			2003	Diferenza 03/02
Facturación	234.607,17	-6,76 %	218.748,33	-15.858,84
Consumos intermedios	86.415,22	9,24 %	94.399,03	7.983,81
Valor engadido bruto (VAB)	145.191,95	-15,37 %	122.881,13	-22.310,82
- Custos persoal	40.899,27	21,42 %	49.658,79	+8.759,52
- Excedente explotación	107.292,68	-24,66 %	80.829,38	-26.463,30

Fonte: Elaboración propia e IGE (2004).

Como podemos comprobar, a facturación en 2003 caeu un 6,7% respecto a 2002, pero non así os custos de explotación asociados aos consumos intermedios (que aumentaron nun 9,24%) e aos soldos e salarios (incrementos declarados do 21,42%). A conxunción destas tendencias provoca que a perda estimada de renda do sector acuícola galego se elevase a algo máis de 22,3 millóns de €-03.

Se retomamos a información subministrada polo IGE, aplicando o mesmo deflactor que o utilizado ata agora, podemos avaliar en 771,5 millóns de €-03 a achega do sector pesqueiro á renda de Galicia (o que supón un 2,23% do total)⁶³. Como resumimos no cadro 12, as estimacións de perdas de renda no sector pesqueiro oscilan entre os 54,5 e os 82,1 millóns de €-03, dependendo de se a estimación é indirecta ou directa, respectivamente. Polo tanto, ata 2003, o impacto directo do desastre do Prestige sobre o sector pesqueiro analizado concretaríase nun descenso do VAB que se situaría entre o 7 e o 10,7% respecto da renda achegada polo sector no ano 2001. Dado que no ano 2001 o produto interior bruto (PIB) do conxunto da economía se elevou a 34.673,1 millóns de €-03, a perda estimada de renda provocada de forma directa polo desastre do

⁶³ Partimos dun valor engadido bruto (VAB) estimado polo IGE (2004), para o sector pesca-acuicultura en 2001, de 722,3 millóns de € correntes, equivalentes a 771,54 millóns de €-03. Para o conxunto da economía o VAB total (o PIB) estimado por esa fonte situouse en 32.460,6 millóns de € correntes, equivalentes a 34.673,10 millóns de €-03.

Prestige no sector pesqueiro galego representaría entre o 0,16% e o 0,24% da renda total xerada pola economía de Galicia no ano 2001 (PIB de Galicia en 2001).

Cadro 2.3.1.12. Perdas estimadas de renda en relación ao V.A.B. do sector pesqueiro en Galicia.

	Pesca (miles €-03)	Acuicult. (miles €-03)	Total (miles €-03)
Valor engadido bruto 2001 (IGE)			771.542,65
Perdas VAB estimadas indirectamente	-48.100,97	-6.437,48	-54.538,45
Perdas VAB estimadas directamente	-59.795,89	-22.310,82	-82.106,71

Fonte: Elaboración propia e IGE (2004): Contas Económicas 2001.

2.3.2. ALGÚNS EFECTOS ENCADEADOS.

Como vimos en anteriores puntos, existen notables diferenzas na utilización dos distintos produtos do sector pesca-conserva. Polas súas características, algúns destínanse primordialmente ao abastecemento da demanda final mentres que unha parte significativa doutros pode destinarse á demanda intermedia. Para poder observar estas diferenzas volvemos utilizar os datos das táboas Input-Output Pesca-Conserva⁶⁴, pois é preciso contar con información desagregada por subsectores de actividade. A partir desta fonte podemos elaborar a información que se reflicte no cadro 1⁶⁵.

Cadro 2.3.2.1. Empregos dos produtos pesqueiros en Galicia.

1999	Pesca litoral (miles €)	Pesca altura (miles €)	Acuicultura (miles €)	Conserva (miles €)
Recursos empregados	284.892	1.455.656	121.570	1.265.208
Demanda intermedia	81.168	327.326	67.183	23.877
Demanda final	203.723	1.128.331	54.387	1.241.331
Consumo final	100.008	205.672	18.662	49.758
FBC	0	0	0	600
Exportación	103.715	922.658	35.726	1.190.973
	Pesca litoral %	Pesca altura %	Acuicultura %	Conserva %
Recursos empregados	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Demanda intermedia	28,49%	22,49%	55,26%	1,89%
Demanda final	71,51%	77,51%	44,74%	98,11%
Consumo final	35,10%	14,13%	15,35%	3,93%
FBC	0,00%	0,00%	0,00%	0,05%
Exportación	36,41%	63,38%	29,39%	94,13%

⁶⁴ A referencia é: M^a do Carne García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.


⁶⁵ Como xa fixemos anteriormente, en pesca de litoral agrupamos os segmentos de pesca de baixura, pesca de litoral e marisqueo, contemplados nas táboas Input-Output Pesca-Conserva de Galicia. En pesca de altura agregamos os segmentos de pesca de altura e pesca de grande altura. En acuicultura consideramos conxuntamente a miticultura e outras producións da acuicultura (piscicultura de rodaballo, principalmente). No segmento de conserva considéranse tanto os enlatados como os produtos elaborados a partir de produtos do mar (conxelados principalmente).

Fonte: Elaboración propia a partir da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carme García Negro et al. (2003).

Como podemos observar nos datos do cadro 1 e o gráfico 1, mentres a actividade conserveira destina os produtos dispoñibles na súa práctica totalidade cara á demanda final (exactamente o 98,11% do total de recursos conserveiros utilizados pola economía galega, a maior parte deles para a exportación cara ao resto de España ou o resto do mundo), no segmento da acuicultura, a maior parte dos produtos dispoñibles destínanse á satisfacción das necesidades da demanda intermedia dos sectores produtivos galegos.

Os produtos da pesca extractiva, na súa maioría, tamén se dirixen á demanda final: 71,5% na pesca de litoral (case a partes iguais repartido entre o consumo final e a exportación) e 77,5% no caso da pesca de altura (en a súa maior parte cara á exportación).

Gráfico 2.3.2.1. Destino dos recursos da pesca-conserva en Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir da táboa simétrica a prezos básicos de M^a do Carme García Negro et al. (2003): táboas *Input-Output Pesca-Conserva Galegas 1999*, Ed. pola Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, 2003, Santiago de Compostela.

A partir das estimacións realizadas, que situaban o descenso da produción pesqueira e acuícola de Galicia entre os 73,7 e os 101,0 millóns de €-03, podemos agora realizar unha aproximación de como afectaría semellante descenso á oferta de produtos con destino á demanda intermedia e á demanda final. Se aplicamos as porcentaxes mostradas no cadro 1 para o caso da pesca de litoral e a acuicultura, obteremos os resultados que se resumen no cadro 2.

Cadro 2.3.2.2. Descensos estimados da produción pesqueira e a súa distribución sobre a demanda da economía galega.

	Estimacións indirectas			Estimacións directas		
	Pesca (miles €-03)	Acuicult. (miles €-03)	Total (miles €-03)	Pesca (miles €-03)	Acuicult. (miles €-03)	Total (miles €-03)
Recursos empregados	-64.756,29	-8.977,10	-73.733,39	-	-	-
Demanda intermedia	-18.449,68	-4.960,98	-23.410,65	85.140,72	15.858,84	100.999,56
Demanda final	-46.306,61	-4.016,12	-50.322,74	24.257,39	-8.764,01	-33.021,40
- Consumo final	-22.732,03	-1.378,02	-24.110,05	60.883,33	-7.094,83	-67.978,16
- FBC	0,00	0,00	0,00	29.887,78	-2.434,39	-32.322,17
- Exportación	-23.574,58	-2.638,10	-26.212,69	0,00	0,00	0,00
				30.995,55	-4.660,44	-35.655,99

Fonte: Elaboración propia.

Como se pode observar, no escenario da estimación indirecta, a diminución en 73,7 millóns de €-03 dos recursos pesqueiros procedentes da pesca e a acuicultura, puido ocasionar un descenso de 23,4 millóns de €-03 na demanda intermedia da economía galega e 50,3 millóns de €-03 na demanda final, estes últimos repartidos case a partes iguais entre o consumo final interior e a exportación cara ao resto de España ou resto do mundo. No caso das estimacións directas, esas cifras de caída da demanda intermedia e final serían de 33 e a 68 millóns de €-03, respectivamente.

É evidente que, de se produciren estes descensos de recursos con destino á demanda intermedia e final, a economía galega producirá uns efectos encadeados superiores aos estimados de forma directa. Non esquezamos a relevante e forte inserción

que presenta este sector produtivo dentro do conxunto da economía de Galicia (xa exposta en puntos anteriores).

Así, por exemplo, un descenso significativo na oferta de produtos pesqueiros cara á demanda intermedia interior da economía galega, tería evidentes impactos indirectos cara a diante sobre os sectores que dependen desta subministración de materias primas. De acordo coas TIO Pesca-Conserva de Galicia⁶⁶, o 84% da produción intermedia da pesca de litoral (pesca de baixura, costeira e marisqueo) e o 95% da de acuicultura mariña (miticultura e piscicultura) diríxese a dous sectores: o da hostalaría e o das conservas de peixe en Galicia (o 37,9% da produción intermedia da pesca de litoral e o 84,5% da produción intermedia da acuicultura galega, ver cadro 3). Podemos supor que á hostalaría e demais sectores non lles resultaría moi difícil encontrar subministracións alternativas de peixe e mariscos frescos (procedentes da pesca de altura ou vía importación do resto de España ou do mundo), pero o sector de conservas de peixe podería verse en serias dificultades para manter o seu nivel de produción no caso de que non encontrase outras materias primas substitutivas. Pola súa vez, a perda de produción no sector conserveiro galego provocaría descensos directos nos niveis de renda xerada.

Cadro 2.3.2.3. Descensos estimados da produción intermedia pesqueira e a súa distribución sobre os sectores da economía galega.

	Estimacións indirectas			Estimacións directas		
	Pesca (miles €-03)	Acuicult. (miles €-03)	Total (miles €-03)	Pesca (miles €-03)	Acuicult. (miles €-03)	Total (miles €-03)
Demanda intermedia	-18.449,68	-4.960,98	-23.410,65	-	-8.764,01	-
% cara a conserva	37,90%	84,47%		37,90%	84,47%	
Cons. int. sector conserva	-6.992,16	-4.190,43	-11.182,59	-9.193,20	-7.402,76	-16.595,96
Cons. int. resto sectores	-11.457,52	-770,55	-12.228,06	-	-1.361,25	-
				15.064,19		16.425,44

Fonte: Elaboración propia.

⁶⁶ M.C. García Negro et al. (2003).

Para poder avaliar os efectos encadeados cara a diante podemos adoptar unha posición bastante prudente, que implica supor que soamente o sector conserveiro galego sofre as consecuencias inducidas derivadas da escaseza de materias primas. Isto implica asumir que os descensos de consumos intermedios de peixes e mariscos do resto dos sectores da economía de Galicia (12,2 ou 16,4 millóns de €-03 segundo a estimación sexa directa ou indirecta, respectivamente) teñen un nulo efecto inducido e, simplemente, queda nunha redución directa da produción e da renda do sector pesqueiro galego.

Como xa vimos en anteriores puntos, por cada unidade monetaria xerada, o sector conserveiro de Galicia habitualmente require 0,25 unidades de produto intermedio procedente do sector pesqueiro galego. Polo tanto, baixo a hipótese de que as materias primas perdidas non puidesen substituírse por outras, os efectos inducidos cara a diante implicarían que o sector conserveiro galego deixaría de producir entre 44,3 e 65,8 millóns de €-03. Esta perda suporía un descenso da renda achegada por este sector que, aplicando o coeficiente de valor engadido por unidade de produto, se situaría entre 7,6 e 11,3 millóns de €-03 (ver cadro 4)⁶⁷.

Cadro 2.3.2.4. Efectos inducidos estimados sobre a produción e renda do sector de conservas de peixe da economía galega.

	Estimacións indirectas (miles €-03)	Estimacións directas (miles €-03)
Consumos intermedios pesqueiros do sector conserva	-11.182,59	-16.595,96
Efecto inducido na produción conserveira	-44.318,71	-65.772,93
Efecto inducido no VAB do sector conserva	-7.609,52	-11.293,21

Fonte: Elaboración propia.

En principio, os datos de produción de conservas de peixes e mariscos a nivel español non parecen mostrarnos evidencias de tal incidencia negativa (ver cadro

⁶⁷ O sector de conservas de peixe é identificado nas táboas Input-Output 98 de Galicia (IGE, 2001) como o sector nº 09: "Elaboración e conserva de peixes e produtos a base de peixe". O coeficiente interior relativo aos requerimientos directos de produtos da pesca galega por parte do sector conserveiro é igual a 0,252322 e a capacidade xeradora de renda (VAB) por unidade de produto é do 17,17% (IGE, 2001).

5), pero a análise delas requiriría unha investigación máis profunda que se escape ao obxectivo principal deste traballo⁶⁸.

Cadro 2.3.2.5. Evolución da produción de conservas e semiconservas de peixes e mariscos en España.

	2002	2003	TAV 03/02
Total da produción en TM	271.389	284.673	4,89%
Total da produción en 1000 €	880.161	905.953	2,93%
Prezos medios (€/Kg)	3,24	3,18	-1,87%

Fonte: ANFACO, 2004.

Por outra parte, o descenso na demanda final de produtos pesqueiros de Galicia causará efectos encadeados ou inducidos cara a atrás. A paralización temporal da actividade pesqueira dunha parte importante da frota costeira galega ten evidentes repercusións noutros sectores da economía: aqueles que lle subministran bens e servizos para o seu consumo intermedio. Como xa vimos, o sector pesqueiro galego adquire bens e servizos procedentes de, polo menos, outros 38 sectores da economía galega⁶⁹. O volume de bens e servizos subministrados por estes sectores descenderá se tamén o fan as necesidades do sector pesqueiro (é dicir, se descende a súa actividade produtiva), provocándose polo tanto un efecto encadeado de descensos na produción e do valor engadido daqueles sectores subministradores deses produtos intermedios e, por ende, no conxunto da economía.

Para valorar estes efectos inducidos cara a atrás sobre a produción, podemos utilizar o denominado multiplicador simple do Output, que nos sinala a capacidade de xerar/destruír ingresos da produción de todo o sistema económico, directa ou indirectamente a través dun incremento/decremento unitario na demanda final dun sector desa economía⁷⁰. Para o caso do sector pesqueiro, de acordo coas últimas táboas Input-Output dispoñibles para o conxunto da economía galega (TIO 98) ese multiplicador sitúase no 1,270426. É dicir, por cada millón de € de redución na

⁶⁸ Polo menos precisaríase contar con datos específicos e detallados para a plantas de conservas de produtos do mar situadas en Galicia, que producen arredor do 60% do total español.

⁶⁹ Ver punto sobre a inserción do sector pesqueiro no tecido produtivo de Galicia deste mesmo traballo.

⁷⁰ Trátase dun multiplicador de tipo I que se obteñen directamente das táboas Input Output (TIO) e se definen como o sumatorio dos requirimentos totais, R_{ij} , da columna do sector correspondente dentro da matriz inversa interior de Leontief. W. Leontief (1957). No caso que nos ocupa: MO pesca Galicia = $\sum_i R_{ij} = 1,270426$; $i = 1, \dots, 65$; $j =$ sector pesca Galicia). IGE (2001).

demanda final de produtos pesqueiros, o conxunto da economía de Galicia podería sufrir descensos na súa produción equivalentes a 1,27 millóns de €.

Para valorar estes efectos inducidos cara a atrás sobre a renda da economía, podemos utilizar o denominado multiplicador de renda simple, que nos sinala a capacidade de xerar/destruír valor engadido (renda) de todo o sistema económico, directa ou indirectamente a través dun incremento/decremento unitario na demanda final dun sector desa economía⁷¹. Para o caso do sector pesqueiro, ese multiplicador sitúase no 0,7768798. É dicir, por cada millón de € de redución na demanda final de produtos pesqueiros, o conxunto da economía de Galicia podería sufrir descensos na súa renda xerada equivalentes a 0,77 millóns de € (fronte aos 0,65 inicialmente considerados).

Aplicando estes multiplicadores aos nosos datos estimados, relativos ao descenso de produción pesqueira con destino á demanda final, podemos valorar os efectos inducidos que se provocarían no conxunto da economía de Galicia (ver cadro 6). Como se pode comprobar, os efectos inducidos sobre a economía de Galicia provocarían descensos adicionais entre os 13,6 e 18,4 millóns de €-03 no valor da produción total, que suporían unha caída adicional de entre 6,3 e 8,6 millóns de €-03 na renda rexional (PIB).

Cadro 2.3.2.6. Efectos inducidos cara a atrás sobre a produción e a renda do conxunto da economía galega.

	Estimacións indirectas (miles €-03)	Estimacións directas (miles €-03)
Demanda final de produtos pesqueiros	-50.322,74	-67.978,16
Efecto inducido na produción da economía de Galicia	-13.608,58	-18.383,06
Efecto inducido na renda da economía de Galicia	-6.384,94	-8.625,06

Fonte: Elaboración propia.

⁷¹ No caso que nos ocupa, este multiplicador de renda simple (MRS) de tipo I defínese: $MRS_{pesca} = \sum_i v_i R_{ij}$; $i = 1, \dots, 65$; $j =$ sector pesca. Onde v_i representa a capacidade de xerar renda (valor engadido bruto) por unidade de produto do sector correspondente. A partir das últimas táboas Input-Output de Galicia (TIO Galicia-98, IGE, 2001), estimamos que o valor deste multiplicador para o sector pesqueiro de Galicia sitúase en 0,7768798. Isto supón unhas 13 centésimas por encima da capacidade media de xerar renda directamente polo sector da pesca galega ($v_i = 0,65$), que sería o efecto inducido do descenso da demanda final no sector pesqueiro.

No cadro 7 preséntase unha recompilación do conxunto de efectos, directos e inducidos, que estimamos⁷². Como se pode observar, ao considerar conxuntamente os efectos directos e os inducidos a partir dos descenso de produción pesqueira, a catástrofe do Prestige podería ter provocado descenso na renda da nosa economía entre 68 e 102 millóns de €-03, que significan caídas de entre un 0,2 e un 0,3% respecto ao PIB da economía galega en 2001.

Cadro 2.3.2.7. Efectos directos e inducidos sobre a produción e a renda do conxunto da economía galega.

	Estimacións indirectas (miles €-03)	Estimacións directas (miles €-03)
Descenso directo na produción pesca-acuicultura	-73.733,39	-100.999,56
Efecto inducido (cara a diante) na produción conserveira	-44.318,71	-65.772,93
Efecto inducido (cara a atrás) na produción da Ec. de Galicia	-13.608,58	-18.383,06
Efecto total sobre a produción da Ec. de Galicia	-131.660,68	-185.155,55
Descenso directo no VAB do sector pesca	-54.538,45	-82.106,71
Efecto inducido (cara a diante) no VAB da conserva	-7.609,52	-11.293,21
Efecto inducido (cara a atrás) no VAB da Ec. de Galicia	-6.384,94	-8.625,06
Efecto total sobre o PIB da Ec. de Galicia	-68.532,91	-102.024,98

Fonte: Elaboración propia.

⁷² Ademais dos efectos inducidos aquí considerados, pódense producir outro tipo de efectos indirectos sobre o conxunto da economía. Por exemplo, a empresa Exxon, no ano 1989, pagou a 16,69 \$ a hora de traballo a aqueles que participaban nos labores de limpeza (entre eles moitos pescadores, pero tamén outro persoal), o que encareceu notablemente a man de obra na zona afectada de Alaska mentres durou a limpeza da costa. Esta circunstancia tivo os seus efectos negativos no resto das empresas da zona, afectando notablemente os pequenos negocios. (Davidson, 1990, citado en Russell et al., 2001).

2.4. RESUMO DE CONCLUSIÓNS PARA O SECTOR PESQUEIRO GALEGO.

Os resultados obtidos das estimacións de impacto directo do desastre do Prestige sobre os ingresos do sector pesqueiro de Galicia (pesca, marisqueo e acuicultura) ata decembro de 2003 (incluído), reflíctense no cadro 1.

Cadro 2.4.1. Danos estimados na produción pesqueira da economía galega.

	Estimacións indirectas (miles €-03)	Estimacións directas (miles €-03)
Sector da pesca costeira e o marisqueo	-64.756,29	-85.140,72
Sector acuícola: mexillón e rodaballo	-8.977,10	-15.858,84
Total de danos directos na produción pesqueira	-73.733,39	-100.999,56

Fonte: Elaboración propia.

Se, ademais destes impactos directos, consideramos aqueles inducidos en primeira instancia sobre a produción e renda do conxunto da economía de Galicia, obtemos os resultados que se sintetizan no cadro 2.

Cadro 2.4.2. Estimación de danos directos e inducidos na produción e renda da economía galega.

	Estimacións indirectas (miles €-03)	Estimacións directas (miles €-03)
Total de danos directos na produción pesqueira	-73.733,39	-100.999,56
Efectos inducidos sobre a produción doutros sectores	-57.927,29	-84.155,99
Total de danos estimados sobre a produción	-131.660,68	-185.155,55
Total de danos directos no VAB do sector pesqueiro	-54.538,45	-82.106,71
Efectos inducidos sobre o VAB doutros sectores	-13.994,46	-19.918,27
Total de danos estimados sobre o PIB	-68.532,91	-102.024,98

Fonte: Elaboración propia.

Tendo en conta estes datos, podemos a continuación presentar de forma sintética unha serie de consideracións finais deste capítulo:

A magnitude e extensión da catástrofe provocou unha serie de actuacións sobre o sector pesqueiro por parte das administracións públicas, tanto de tipo preventivo como paliativo. A partir delas logrouse garantir a seguridade alimentaria dos produtos comercializados e compensar de forma rápida o descenso de ingresos dos colectivos pesqueiros máis directamente afectados. En Galicia, ata decembro de 2003, a Administración desembolsara uns 115,5 millóns de € en axudas por paralización da actividade (das que se beneficiaron máis de 20.000 persoas) e se presentaron reclamacións ante o FIDAC por valor arredor dos 200 millóns de €.

As cifras anteriores só se poden entender se son contextualizadas na realidade pesqueira de Galicia. Nesta comunidade, concéntrase unha grande armazón pesqueira, con diferentes realidades produtivas (marisqueo a pé, pesca costeira, de altura, de grande altura, miticultura, piscicultura, etc...) fortemente interrelacionadas con outras actividades (conservas e transformados de peixe, actividade portuaria, transportes, distribución, construción e reparación naval, etc...). Cóidase que, achegando o 2,2% do seu PIB o sector pesqueiro primario en Galicia (pesca de captura máis acuicultura), ten un tamaño relativo 20 veces superior á media do conxunto da Unión Europea a 15.

A complexidade e variedade de procesos existentes no sector pesqueiro galego explica, polo menos en parte, a dificultade existente á hora de establecer o que denominamos “escenario cero” do sector: niveis de produción normais antes da incidencia da marea negra. As fontes estatísticas dispoñibles non sempre ofrecen unha información compatible ou comparable de forma desagregada por tipo de actividade. Esta é unha cuestión importante pois, en principio, podemos considerar que soamente foi afectada de forma directa aquela actividade que explota os recursos pesqueiros máis próximos (marisqueo, pesca de litoral e acuicultura). No noso caso, o escenario cero principalmente estableceuse en función dos datos macroeconómicos anuais por subsectores pesqueiros de actividade (subministrados polo IGE), aos datos de produción mensual de peixe e marisco fresco poxado nas lonxas de Galicia (facilitados pola

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia) e aos datos de produción acuícola de MAPeA.

A partir de datos mensuais de produción comercializada en lonxa, para o sector da pesca e marisqueo estimamos inicialmente unha perda de ingresos de produción no período considerado (14 meses, desde novembro de 2002 a decembro de 2003, ambos incluídos) duns 76 millóns de euros constantes do ano 2003 (€-03), o que supón un impacto negativo do 16,5% sobre a produción de referencia (pesca fresca comercializada en lonxa) antes do accidente. Porén, a pesca fresca comercializada en lonxa, pero procedente da frota de altura (non afectada directamente polos verteduras), podía estar distorsionando esta primeira estimación de danos. Co fin de illar os posibles efectos da pesca fresca de altura, estimamos de forma separada a diferenza respecto ao escenario de referencia nas lonxas onde exclusivamente se comercializan produtos pesqueiros do marisqueo e a pesca de litoral. Nesta ocasión, os danos estimados sobre a produción situáronse nuns 56 millóns de €-03 (impacto dun -28,1% respecto ao escenario de referencia para as lonxas de litoral e dun -12,2% se consideramos o total de pesca fresca comercializada por lonxa), que nós adoptamos como escenario de mínimos.

Ao analizar os datos por grandes comarcas (A Mariña-Ortega, A Coruña-Ferrol, Costa da Morte, Noia-Arousa e Pontevedra-Vigo), detectamos que unha parte considerable da produción pesqueira da comarca da Mariña-Ortega non estaba sendo considerada como produción de litoral e, polo tanto, producíase unha subestimación das perdas de produción. Asumindo un comportamento na pesca de altura desta comarca similar ás do resto, o conxunto dos danos produtivos para a pesca de litoral en Galicia elevábase agora de 56 a case 65 millóns de €-03 (impacto negativo arredor do 30% respecto á produción habitual dos sectores de litoral directamente afectados e do -14,08% respecto ao escenario base do total de pesca fresca comercializada). Por grandes comarcas, a maior incidencia do vertedura produciuse, por orde de importancia, na Costa da Morte (impacto do -46,8% respecto á súa produción pesqueira de referencia), A Coruña-Ferrol (-21,2%), Pontevedra-Vigo (-11,2%), Noia-Arousa (-9,3%) e A Mariña-Ortega (-9,0%).

Para as estimacións indirectas das perdas de ingresos de produción na acuicultura mariña galega, tomamos como referencia as súas dúas actividades máis

importantes: a produción de mexillón de batea (miticultura) e a piscicultura de rodaballo. En ambos os casos, as perdas estimadas de ingresos están máis ligadas a descensos nos prezos do mercado que a un efecto directo da contaminación sobre o nivel de produción física. Neste traballo, estimamos que os danos se elevaron a case 9 millóns de €-03 (7,5 ligados á produción de mexillón e 1,5 á de rodaballo), o que supón un impacto medio do -5,1% respecto aos ingresos de referencia en ambas as actividades.

A partir das respostas a un cuestionario por parte dunha mostra de individuos representativos das actividades pesqueiras en Galicia, puidemos obter estimacións directas sobre a evolución da produción e as consecuencias directas do desastre do Prestige. Para a pesca de litoral e o marisqueo estimáronse mediante este procedemento unhas perdas acumuladas nos anos 2002 e 2003 que superaron os 85 millóns de €-03, que supoñen un impacto negativo do 15,8% sobre os ingresos totais de referencia no sector para as estimacións directas (neste caso, datos ofrecidos polo IGE para o ano 2001). Para a acuicultura mariña, as perdas estimadas de ingresos no ano 2003 situáronse en case 16 millóns de €-03, que significan un impacto do -6,8% respecto á facturación de referencia (a estimada polo IGE para o ano 2002).

A partir dos cuestionarios puidemos coñecer como unha elevada porcentaxe dos enquisados (case o 90%) coñecía algunha das medidas paliativas postas en marcha polas administracións públicas, sobre todo aquelas relativas a paliar os efectos negativos polo cesamento da actividade. Porén, eran menos coñecidas outras medidas paliativas (axudas para sufragar gastos de reparación ou reposición de embarcacións, instalacións e materiais danados pola contaminación, medidas de redución de impostos, etc.) e a existencia e funcionamento do FIDAC.

En liñas xerais, para a estimación indirecta das perdas de ingresos de produción no sector pesqueiro adoptáronse supostos bastante prudentes, elixindo sempre a opción máis conservadora cando existían distintas posibilidades. Polo contrario, é posible que as mostras utilizadas para as estimacións directas teñan un lixeiro nesgo que fai que tendamos a sobrevalorar as perdas. Polo tanto, é moi probable que as perdas de ingresos acumuladas en 2002 e 2003 no sector pesqueiro galego como consecuencia directa do desastre do Prestige, se sitúen entre ambos os valores estimados: 73,7 e 101 millóns de €-03.

Dada a forte inserción do sector pesqueiro na rede produtiva de Galicia, descensos nos niveis de produción pesqueira poden provocar unha serie de efectos encadeados no conxunto da economía, que ao final se traducen en maiores niveis de produción e renda cesantes. A partir dunha serie de supostos, novamente bastante prudentes, estimamos que, ao incorporar os efectos inducidos, as perdas de produción no conxunto da economía de Galicia se situarían entre os 131 e 185 millóns de €-03 (un 80% máis respecto ás perdas estimadas no sector pesqueiro directamente afectado). En termos de renda, o accidente do Prestige puido ter ocasionado descensos, entre 54 e 82 millóns de €-03, no valor engadido achegado polo sector pesqueiro galego afectado. Ao incorporar os efectos inducidos, a renda cesante situaríase entre os 68 e 102 millóns de €-03.

Sen entrar a valorar cuestións de eficiencia e equidade das axudas paliativas distribuídas en Galicia entre os pescadores, armadores e outro persoal (redeiras, traballadores de confrarías e de fábricas de xeo, comercializadores, etc.) polo cesamento da actividade durante 2002 e 2003, o monto total delas (uns 115 millóns de €) parece bastante axustado ás perdas de ingresos de produción que aquí estimamos. Este bo dato, probablemente resultado da combinación da capacidade organizativa do sector afectado e da rápida intervención das administracións públicas nesta materia, pode verse embazado pola escasa cobertura que terán as indemnizacións recibidas por parte do FIDAC sobre o total das perdas ocasionadas polo accidente do petroleiro.